



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 17 de decembro de 2020 (924/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezasete de decembro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1076).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 10 de decembro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 11 de decembro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1077).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN Nº 11). EXPTE. 13295/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 09/12/2020, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

Relación n.º 11

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 10459/111  
Sentenza nº 1456 do 5 de novembro de 2020  
Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Secc 2ª  
Casación 697/2018  
Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública  
Obxecto: resolución do Concello de Vigo do 21/01/16 desestimatoria de reposición contra li-  
quidación do IBI, nº recibo 152140147  
Expte(s): 41041-512  
Contía: 8.431,00 €

Resolve o recurso de casación promovido pola Universidade de Vigo contra a sentenza  
484/2017 e (de acordo co xa resolto polo TS en tres sentenzas recentes e posteriores ao re-  
solto polo Concello en vía administrativa e nas instancias anteriores) estima o recurso e fixa  
criterio interpretativo sobre o alcance do art. 80.4. da L.O.U. (L.O. 6/2001) en relación coa  
L.30/1994

A Administración de Ingresos -IBI- debe executar o resolto.

1ª Instancia: Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
RCA 82/2017 PA  
Senenza nº 143 do 26/05/2017, desestimatoria

2ª Instancia: TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Secc 4ª  
APELACION 15018/2017  
Sentenza nº 484 do 02/11/2017  
Estima parcialmente o recurso de apelación da UVIGO (pero confirmou o acto municipal re-  
corrido)

2.- Contencioso. Expediente nº 12525/111  
Decreto nº 424 do 18 de novembro de 2020  
Xulgado do Social nº 4 de Vigo  
Ordinario: 975/2019  
Demandante/Recorrente: Particular (axudante de mantemento no pavillón de deportes do  
Berbés dende o 22/08/2011).  
Obxecto: recoñecemento do dereito da condición de persoal laboral fixo ou subsidiariamente  
indefinido  
Acepta a desistencia da demandante  
O Departamento de Persoal, e o de Deportes, deben coñecer o resolto.

3.- Social. Expediente nº 12542/111  
Sentenza nº 331 do 24 de novembro de 2020  
Xulgado do Social nº 4 de Vigo  
Seguridade social: 974/2019  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Determinación por baixa por continxencia profesional.

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda contra a resolución do INSS que de-  
clarou o carácter comúnda I.T.

A actora pretendía que se declarase a súa consideración como accidente de traballo/enfer-  
midade profesional.



## Concello de Vigo

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 12566/111  
Sentenza nº 113 do 15 de xullo de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 357/2019  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: resolución do 04/09/2019, desestimatoria do recurso, formulado en expediente sancionador de tráfico.  
Expte(s): 2018/08677

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula os actos sancionadores, sen imposición de custas.

O departamento de Seguridade e a Recadación-Tesourería municipal deben executar o resolto.

Como xa temos sinalado, non deben aceptarse e deben rexeitarse expresamente as identificacións do conductor nas que o identificador non se identifica plenamente (para evitar feitos como o deste caso, que non é o primeiro).

5.- Social. Expediente nº 12594/111  
Decreto do 23 de novembro de 2020  
Xulgado do Social (Reforzo) nº 1 de Vigo  
Ordinario: 739/2019  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades pola prestación de servizo como socorrista nos areais de Vigo  
Expte(s): 12941-306

Aproba o acordo entre a demandante e a demandanda (MOVE S.O. SL), desistindo o actor en relación co Concello de Vigo.

Os departamentos de Persoal e Medio Ambiente deben coñecer o resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 12674/111  
Sentenza nº 193 do 10 de novembro de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Ordinario: 55/2020  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: decreto do 05/12/2019 desestimatorio das alegacións presentadas pola extinción do contrato de aluguer do local municipal sito na rúa Elduayen nº 5.  
Expte(s): 20395/240  
Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso e anula os actos impugnados do 05/12/2019, 23/12/2019, 05/12/2019 e 28/01/2020, con custas taxadas  
O departamento de Patrimonio debe coñecer o resolto, e informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual apelación

7.- Contencioso. Expediente nº 12863/111

Sentenza nº 256 do 13 de novembro de 2020  
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3  
Recurso de apelación: 7127/2020  
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo  
Obxecto: acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/08/19, resolución do contrato de concesión servizo público dos aparcadoiros soterrados das rúas Jenaro de la Fuente e Avda. de Castelao  
Expte(s): 6258-241  
Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso de apelación do Concello, con custas taxadas de oficio.  
O departamento de Contratación debe informar sobre a procedencia e bases do eventual recurso de casación (esta sentenza declara temeraria a nosa apelación ao terense producido xa outras sentenzas anteriores sobre o asunto)

RCA orixe PO 275/2019 Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, sentenza nº 100 do 30/04/2020, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 02/07/2020

8.- Contencioso. Expediente nº 12936/111  
Sentenza nº 198 do 12 de novembro de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 173/2020  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Contra resolución do TEA do 04/02/2020 que desestima reclamación económica-administrativa contra desestimación de recurso de reposición do expediente 43118/541 sobre IIVTNU.  
Expte(s): 4909/550

Esa sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.  
A Dirección de Ingresos-Inspección de Tributos debe coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 12938/111  
Sentenza nº 195 do 10 de novembro de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 172/2020  
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares  
Obxecto: acordo da XGL do 12/03/2020 que aproba as bases específicas no proceso selectivo convocado, por concurso-oposición, para provisión de 15 prazas de bombeiro e 4 de condutor-bombeiro incluídas na oferta de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019.  
Expte(s): 34733/220

Esta sentenza apreza a carencia sobrevida do obxecto do proceso pola corrección de erros aprobada pola XGL do 02/10/2020 ( e publicada no DOG do 02/11 e BOP do 26/10/2020) que deixa sen efecto o impugnado polo sindicato demandante.  
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto

10.- Contencioso. Expediente nº 12958/111  
Sentenza nº 196 do 11 de novembro de 2020



## Concello de Vigo

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 184/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación de RPA por danos e prexuízos pola caída na rúa Camelias o día 15/02/2019.

Expte(s): 5974/243

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio (considera que "a reclamación foi correctamente desestimada" por "total carencia probatoria").

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 12969/111

Sentenza nº 197 do 11 de novembro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 196/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: acordo do 24/02/2020 do TEA destestimatorio da reclamación contra solicitude de rectificación da autoliquidación do IIVTNU.

Expte(s): 5049/550

Esta sentenza, firme, estima (FD 1º) parcialmente o recurso e anula a actuación impugnada pero (FD 2º e ss.) desestima a rectificación da autoliquidación.

A Dirección de Ingresos, Inspección de Tributos e o TEA deben coñecer e executar o resolto nos seus termos.

12.- Contencioso. Expediente nº 12999/111

Sentenza nº 199 do 12 de novembro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 220/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do 23/06/2020 ditada en expediente sancionador de tráfico (NIC)

Expte(s): 2019/33825

Esta sentenza, firme, desestima o recurso con custas taxadas.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 13017/111

Sentenza nº 226 do 16 de novembro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 224/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA por danos en vehículo

Expte(s): 6033-243

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula a resolución recorrida e declara que a contratista (ALTHENIA SL) debe indemnizar ao demandante por importe de 1.308,68 euros mais

xuros legais desde a data da presentación da demanda, con custas taxadas a cargo da contratista.

O departamento de Patrimonio-RPA, o de Contratación, e o de Limpeza e Parques e Xardíns deben verificar a execución do resolto pola contratista.

14.- Contencioso. Expediente nº 13018/111  
Sentenza nº 229 do 18 de novembro de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 230/2020  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Reclamación Económica-administrativa contra liquidación IIVTNU  
Expte(s): 5046-550; 45700-514

Esta sentenza, firme, desestima o recurso (ao deducirse o incremento de valor dos declarados nas propias escrituras públicas de compra en 2004 e venda en 2019) con custas taxadas.

A Administración de Ingresos (IIVTNU) e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 13023/111  
Sentenza nº 230 do 18 de novembro de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 225/2020  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: desestimación de reclamación de RPA  
Expte(s): 5934-243

Esta sentenza desestima integramente o recurso por non apreciar a concorrencia de nexos causal entre o dano corporal sufrido e o funcionamento normal/anormal dun servizo público municipal

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto

16.- Contencioso. Expediente nº 13044/111  
Sentenza nº 216 do 11 de novembro de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 235/2020  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Contra desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos sufridos nun vehículo a consecuencia da caída dunha árbore.  
Expte(s): 6034/243

Esta sentenza, firme, declara a satisfacción en vía administrativa das pretensións da actora. O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto e verificar a execución do acto administrativo pola contratista

17.- Contencioso. Expediente nº 13098/111  
Decreto nº 96 do 19 de novembro de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 258/2020  
Demandante/Recorrente: Particular



## Concello de Vigo

Obxecto: resolución do TEA do 26/03/2020 que inadmite reclamación económica-administrativa

Expte(s): 5170/550 - 4377/550

Acepta a desistencia do demandante.

A inspección de Tributos e o TEA deben coñecer o resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 13172/111

Sentenza nº 235 do 25 de novembro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 221/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución ditada en expediente sancionador de tráfico 2019/46725

Expte(s): 2019/46725

Esta sentenza, firme, desestima o recurso con custas taxadas.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocanta á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Es-

tatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1078).- BASES DA CONVOCATORIA DO “PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2021”. EXPTE. 210790/301.**

Visto o informe xurídico do 10/12/2020 e o informe de fiscalización do 14/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 10/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social, mediante Resolución de data 01.12.2020 ordenou o inicio de expediente administrativo para a aprobación do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2021», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería delegada.

II. Para os efectos indicados na Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014, xustifícanse expresamente na Exposición de Motivos do Programa os títulos competenciais que lexitimarían a actuación municipal en materia de servizos sociais, conforme coa actual normativa de réxime local (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, Arts. 80.2.k) e 81.c) LALGA, Disp. Adic. 4ª L.5/2014) e coa lexislación sectorial aplicable (L.13/2008, L.3/2011, L.10/2013...), na que se outorga un papel importante ás CCLL en relación co apoio ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social.

Ademais, este tipo de prestacións económicas inclúense no catálogo de servizos sociais da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e están tamén previstas nas Bases de execución do Orzamento xeral municipal.

III. O obxectivo deste Programa de subvencións directas de carácter social e de emerxencia non é outro que apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa ali-





## Concello de Vigo

mentación, o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

IV. Abeirase o seu procedemento de concesión en razóns de interese público, social e humanitario (Arts. 22.2.c) LXS, 19.4.c) LSG, 67 RD.887/2006, Base nº 38 das de execución dos orzamentos municipais e ccdtes.). O outorgamento destas axudas sociais de emerxencia realizarase necesariamente de forma individualizada, previa valoración profesional das traballadoras sociais e por proposta da Comisión de Valoración, con estricte suxeición ás Bases reitoras do Programa, que se desenvolve no marco xurídico definido pola normativa estatal (L.38/2003, RD.887/2006) e autonómica (L.9/2007) de subvencións públicas e polas Bases de execución do orzamento xeral municipal.

V. O contido deste Programa é moi semellante ó dos exercicios anteriores. Incrementanse para o exercicio de 2021 as contías máximas mensuais en concepto de alimentos e alugueres (afecta á Base sétima) e prevese a posibilidade de superar eses límites en situacións excepcionais debidamente xustificadas.

VI. Canto ó seu financiamento, indicar que no programa 2310 de Benestar Social existe a aplicación 480.00.00 "Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios" (1.125.000€) e tamen no funcional 2310 cóntase coa nº 2310.780.00.00, destinada a "Melloras en fogares" (50.000€), con cargo á que se veñen concedendo axudas para a adaptación dos fogares.

VII. Ó abeiro do previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño, e na Base de execución nº 29.3, propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

VIII. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2020», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 210790/301).

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 1.125.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia para o exercicio de 2021 e de 50.000€ con cargo á nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares, arranxos de pequenas averías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación.

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos funcionarios habilitados dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social».

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### BASES REGULADORAS DO «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2021»

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

##### I

De acordo co Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a Comunidade Autónoma de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

No actual contexto de emerxencia sanitaria e social provocada pola pandemia da COVID-19 o Estado adoptou unha serie de medidas drásticas, establecidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma.



## Concello de Vigo

Así mesmo, o Real Decreto-Lei 7/2020, do 12 de marzo, adoptou medidas urxentes para responder ó impacto económico da COVID-19 e estableceu medidas de apoio ás familias, así como a xestión polos servizos sociais de atención primaria de axudas para alimentos ou de axudas económicas.

Pola súa banda, o Real Decreto-Lei 8/2020, do 17 de marzo, ampliou esas medidas cun paquete económico e social para reforzar a protección dos/as traballadores/as, as familias e os colectivos vulnerables.

### II

Os servizos sociais municipais, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, prestan unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario, contando cun conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta ás carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas de emerxencia para o ano 2021, no marco xurídico definido na normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

O Concello de Vigo continuará na senda de apoio directo ás familias, con medidas complementarias das adoptadas polas demais Administracións competentes e, nesta edición das axudas contra desafiuzamentos e de emerxencia social, terá especialmente en conta os efectos e o impacto social que a pandemia sanitaria teñen provocado na poboación máis vulnerable.

Esta situación obrigou ós servizos sociais a adaptar o seu funcionamento e xestión á actual situación de emerxencia sanitaria e social poñendo en marcha novos servizos, máis recursos e novas solucións a situacións sobrevidas co fin último de detectar e atender as novas situacións de emerxencia social ou o agravamento das xa existentes.

Por esta razón, a convocatoria das axudas contra desafiuzamentos e de emerxencia social incrementa para o exercicio de 2021 o crédito orzamentario para facer fronte á crise social.

Tamén incrementanse notablemente, por segundo ano consecutivo, os limiares máximos mensuais polos conceptos de gasto máximo en alugueiro e alimentos, para atender mellor ás necesidades das persoas e familias beneficiarias.

As axudas que se concedan terán necesariamente carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constituirán un complemento ordinario do importe das prestacións públicas (RISGA, PNC, IMV, desemprego, outras prestacións) que poidan percibirse periodicamente doutras Administracións públicas.

Durante o exercicio de 2020, ano absolutamente extraordinario desde o punto de vista social por causa da pandemia da COVID-19, concedéronse con cargo a este Programa axudas por un importe total de 1.515.999,25€ co seguinte detalle (datos a 01.12.2020).

IMPORTE	CONCEPTOS
400.895,27 €	ALUGUER + ALOXAMENTO
980.846,32€	ALIMENTACIÓN BÁSICA
12.188,65€	MOBILIARIO DE PRIMEIRA NECESIDADE
8.903,86 €	GAS
33.430,44 €	LUZ
23.735,10 €	AUGA
2.665,10 €	GASTOS PERSOAIS
7.752,81 €	GASTOS DE FARMACIA
4.410,05 €	PRÓTESIS
10.491,4€	HIPOTECAS
26.628,74€	MELLORAS DE HABITABILIDADE
4.051,51€	DÉBEDAS DE COMUNIDADE

#### BASES

**PRIMEIRA.-** Obxecto.

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar a concesión de axudas económicas con cargo ós orzamentos municipais do Concello de Vigo para atender situacións extraordinarias que poidan considerarse de emerxencia social.

**SEGUNDA.-** Finalidade das axudas.

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

**TERCEIRA.-** Formas de pagamento.

En función da clase de axuda de que se trate, o seu importe poderá facerse efectivo mediante a entrega ás persoas beneficiarias do Programa de cheque bancario, transferencia ou tarxeta social pre-pagamento ou ben mediante ingreso directo ós seus provedores, arrendadores ou subministradores.

**CUARTA.-** Persoas destinatarias.

O programa de prestacións non periódicas diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de emerxencia social e que estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses. Poderá excepcionalmente xustificadamente este requisito en casos singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema, as persoas estranxeiras refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias así como as persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional.



## Concello de Vigo

QUINTA.- Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 ("*Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios*").

As axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxos de pequenas averías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación), diríxense, preferentemente, a persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a súa mobilidade e o gasto será contemplado na aplicación orzamentaria nº 2310.780.00.00 ("*Melloras en fogares*").

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Requisitos.

Os requisitos para acceder a estas axudas de emerxencia do Concello de Vigo son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Residir e estar empadroad/a no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, agás as excepcións indicadas na base cuarta. A inscrición no Padrón Municipal de Habitantes deberá estar necesariamente actualizada.

3º.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada.

4º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade ou ben autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Benestar social) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, IMV, AIS, etc.).

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.

c) Cando non se teñan xustificado as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

Tendo en conta a natureza destas axudas sociais de emerxencia e a situación de necesidade das persoas destinatarias, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables e contías máximas.

## 1. Gastos subvencionables:

### 1º.- Gastos de vivenda, que inclúe:

- ☐ Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- ☐ Créditos hipotecarios con entidades bancarias, en evitación de desafiuzamentos, sempre que non se disfrutase xa de axudas públicas por este concepto durante os períodos de adeudo.
- ☐ Débedas de comunidade.
- ☐ Mobiliario de primeira necesidade.
- ☐ Débedas de subministros: enerxía eléctrica, augas e gas.

Non se concederán axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública.

### 2º.- Alimentación básica, incluída a infantil, á venda en establecementos de alimentación.

### 3º.- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde:

- Gastos de atención sanitaria para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario.
- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público (adquisición, reparación e adaptación de lentes, ortopedia e próteses, etc.), acreditando a súa prescripción por un médico do sistema público de saúde.

### 4º.- Gastos persoais.

### 5º.- Aloxamentos (pensións, cuartos, etc.)

As axudas concedidas con cargo a este Programa teñen carácter temporal e extraordinario para abordar situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente (RISGA, PNC, pensións, prestacións por desemprego...), polo que non serán atendidas as solicitudes reiteradas de axudas para os mesmos conceptos. Tampouco non poderán ser invogadas como precedente.

## 2. Contías mensuais máximas por todos os conceptos:

MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	MÁXIMO ALIMEN- TOS/MES	MÁXIMO ALU- GUER/MES	MÁXIMO DOS ÚLTIMOS DOCE MESES POR TODOS OS CONCEPTOS (*)
1	225	350	2400
2	325	500	2850
3	375	550	3250
4	425	600	3550
5	475	650	3850
6 ou máis	525	700	4150

(\*) Gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria e gastos persoais. Estes límites poderán superarse en situacións excepcionais debidamente xustificadas.



## Concello de Vigo

Para as axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxos de pequenas averías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación), ata un máximo de 3.000 € por vivenda e ano.

OITAVA.- Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración destas axudas estará integrada pola xefa do Servizo (ou persoa en quen delegue) e dúas técnicas da Área de Benestar social relacionadas con este programa de prestacións, que asumirán tamén a secretaría da mesma. Ademais, cando así o considere a Comisión, poderán formar parte dela as traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios básicos e/ou específicos.

NOVENA.- Procedemento de concesión e valoración.

O procedemento de concesión destas axudas iníciase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1) ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas. Virán acompañadas da documentación esixida e presentarase no modelo oficial (Anexo I). Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada).

O prazo de presentación será desde o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións – BDNS ata o 31 de decembro de 2021. Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org) debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

Correspóndelle ás traballadoras sociais das UTS ou programas específicos que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso –membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Unha vez recibidos os correspondentes informes por parte das traballadoras sociais das UTS, a Comisión de Valoración formulará á proposta de resolución que proceda, de concesión ou denegación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose a estas Bases tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súas contías.

En casos excepcionais debidamente xustificados, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen elevará dita concesión na primeira reunión que teña lugar.

A Concellería delegada da Área de Política de Benestar Social será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ás persoas interesadas nos termos previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado.

DÉCIMA.- Solicitud de fondos.

Por solicitude do Servizo de Benestar Social realizarase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación á súa conta delegada número 2080 5000 67 3110242616 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás aplicacións núms. 2310.480.00.00 e 2310.780.00.00.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Obrigas das persoas beneficiarias.

1. Aplicar as prestacións ás finalidades para as que foron concedidas.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar dos posibles beneficiarios.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Comunicar inmediatamente ó Servizo de Benestar Social calquera cambio de domicilio ou de teléfono de contacto.
6. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas en cada caso pola profesional de traballo social correspondente.
7. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO SEGUNDA.- Protección de datos e publicidade das axudas concedidas.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos persoais das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso dos/as usuarios/as e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito





## Concello de Vigo

a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restricción aplícase tamén ó Portal da Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones» (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO TERCEIRA.- Seguimento e efectividade das prestacións.

En cumprimento do establecido na Base nº 38 das de execución do orzamento xeral, corresponderá á Área de Política Social realizar os seguimentos que procedan en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos perceptores das referidas axudas, debendo emitirse informe con periodicidade mensual, especificando perceptores, importe da axuda, causa e finalidade, co visto e prace da Concellería delegada.

DÉCIMO CUARTA.- Recursos.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as aprobou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións ou notificacións oficiais.

### **4(1079).- APROBACIÓN DO PREGO TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS POR PROCEDIMIENTO ABERTO. EXPTE. 6563/241.**

Visto o informe xurídico do 09/12/2020 e o informe de fiscalización do 10/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 07/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRJ)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

## ANTECEDENTES

En data 26 de febreiro de 2014, o Parlamento e o Consello da Unión Europea, aprobaron a cuarta xeración de directivas de contratación pública:

- Directiva 2014/23/UE, relativa á adxudicación de contratos de concesión.
- Directiva 2014/24/UE, sobre contratación pública.
- Directiva 2014/25/UE, relativa á contratación por entidades que operan nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais.

As tres Directivas estableceron a súa entrada en vigor ós 20 días desde a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), que tivo lugar o 28 de Marzo de 2014. Nas mesmas fixouse un prazo ós estados membros da UE para a súa transposición ó dereito nacional que remataba o 18 de abril de 2016.

A transposición das citadas Directivas comunitarias levouse a cabo polo lexislador estatal a través da promulgación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE, e o Real Decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ó ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores, que transpoñe á Directiva 2014/25/UE.

Aprobada a lei de contratación, esta Administración procedeu a elaborar uns modelos de pregos adaptados á mesma. Transcorridos máis de dous anos dende a entrada en vigor da lei, o 9 de marzo de 2018, e co obxecto de conquistar uniformidade nos expedientes de contratación e axilizar a súa tramitación, parece aconsellable a aprobación de pregos tipos de cláusulas administrativas particulares.

En data 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica. O *“Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico”* aprobouse pola XGL en data 12 de decembro de 2019.

Aprobado o Plan, mediante Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17 de decembro de 2019 procedeuse á aprobación do desenvolvemento operativo do mesmo.

O Plan recolle na Liña Estratéxica 3, “Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos”, Obxectivo Estratéxico 3.3 “Optimizar os procesos”, o Obxectivo Operativo 3.3.2 “Elaborar os pregos de cláusulas administrativas xerais”.



## Concello de Vigo

En data 3 de decembro de 2020 mediante Resoluci3da Conceller3a-Delegada de Contrataci3n, Patrimonio e Xesti3n Municipal, incoase expediente para o desenvolvemento do citado obxectivo operativo 3.3.2 e nom3ase instrutora do mesmo 3 xefa do servizo de Contrataci3n.

### FUNDAMENTOS XUR3DICOS

-I-

#### DOS PREGOS TIPOS

Nos pregos rec3llense as condici3ns xur3dicas, econ3micas e t3cnicas 3s que ha de axustarse: a licitaci3n, primeiro; a adxudicaci3n do contrato, despois, e a propia execuci3n do mesmo, por 3ltimo. En caso de discrepancia entre o prego e a escritura en que se formalice o contrato, prevalece aquel sobre esta. A lei distingue 4 clases de pregos:

- O prego de cl3usulas administrativas xerais (artigo 121).
- O prego de cl3usulas administrativas particulares (artigo 122).
- O prego de prescrici3ns t3cnicas xerais (artigo 123).
- O prego de prescrici3ns t3cnicas particulares (artigo 124).

Os pregos de cl3usulas administrativas xerais e de prescrici3ns t3cnicas xerais te3nen por obxecto implantar est3ndares na contrataci3n administrativa, son unha especie de condici3ns xerais da contrataci3n. Son instrumentos de unificaci3n dos contidos contractuais que act3an a modo de pregos tipo aos que deben axustarse, en principio, os de natureza particular. No 3mbito local, a s3a aprobaci3n corresponde ao Pleno.

A3nda que o prego de cl3usulas administrativas xerais 3 potestativo, o das particulares 3 preceptivo, admit3ndose, con todo, o establecemento polo 3rgano de contrataci3n de modelos tipo de pregos particulares de xeral aplicaci3n aos contratos de natureza an3loga (artigo 122.5). Deben aprobarse polo 3rgano de contrataci3n, con car3cter previo (ou conxuntamente) 3 autorizaci3n do gasto (antes da licitaci3n ou adxudicaci3n do contrato). Os contratos axustaranse ao contido dos pregos particulares, cuxas cl3usulas se consideraran parte integrante dos respectivos contratos (artigo 122.4).

A ordenaci3n dos procedementos de contrataci3n 3 necesaria para avanzar na celeridade, flexibilidade e econom3a que debe caracterizar a actuaci3n da Administraci3n p3blica.

O Concello de Vigo ten un volume de contrataci3n anual de m3is de 100 mill3ns de euros, o que sup3n a adxudicaci3n anual de aproximadamente uns 200 expedientes de contratos maiores. O feito de ter un prego tipo de cl3usulas administrativas particulares que recolla os aspectos dos contratos que se repiten habitualmente permite fixar estes na s3a parte xeral e reducir a parte espec3fica, formada polas follas de especificaci3ns do contrato. Isto permite acadar unha maior uniformidade, as3 como aforrar tempo 3s servizos xestores 3 hora de elaborar as memorias xustificativas.

-II-

#### DO PREGO TIPO DE CL3USULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DE OBRAS

O regulamento de contratos fixa o contido dos pregos de cláusulas administrativas particulares no artigo 67. Por un lado inclúe un contido mínimo común dos pregos para todo tipo de contratos (artigo 67.2 RLCAP), e a continuación determina o contido específico de cada tipo (artigos apartados 3 a 7)

O contido mínimo dos pregos é o seguinte (artigo 67.2 do RLCAP):

- Definición do obxecto do contrato, con expresión da codificación correspondente á nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea.
- Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.
- Presuposto base de licitación formulado pola Administración, e a súa distribución en anualidades, no seu caso.
- Mención expresa da existencia dos créditos precisos para atender ás obrigacións que se deriven para a Administración do cumprimento do contrato até a súa conclusión, ou expresión de que o contrato non orixina gastos para a Administración.
- Prazo de execución ou de duración do contrato, con determinación, no seu caso, das prórrogas de duración que serán acordadas de forma expresa.
- Procedemento e forma de adxudicación do contrato.
- Importe máximo dos gastos de publicidade de licitación do contrato, tanto en boletíns oficiais, como, no seu caso, noutros medios de difusión, que debe abonar o adxudicatario.
- Documentos a presentar polos licitadores, así como a forma e contido das proposicións.
- Criterios para a adxudicación do contrato, por orde decreciente de importancia, e a súa ponderación.
- Indicación expresa, no seu caso, da autorización de variantes ou alternativas, con expresión dos seus requisitos, límites, modalidades e aspectos do contrato sobre os que son admitidas.
- Os criterios obxectivos, entre eles o prezo, que serán valorados para determinar que unha proposición non pode ser cumprida por ser considerada temeraria ou desproporcionada.
- Cando o contrato adxudíquese por procedemento negociado os aspectos económicos e técnicos que serán obxecto de negociación.
- Garantías provisionais e definitivas, así como, no seu caso, garantías complementarias.
- Dereitos e obrigacións específicas das partes do contrato e documentación incorporada ao expediente que ten carácter contractual.
- Referencia ao réxime de pagos.
- Fórmula aplicable á revisión de prezos ou indicación expresa da súa improcedencia.
- Causas especiais de resolución do contrato.



## Concello de Vigo

- Supostos en que, no seu caso, os incumprimentos de carácter parcial serán causa de resolución do contrato.
- As penalidades administrativas que sexan de aplicación.
- Prazo de garantía do contrato ou xustificación do seu non establecemento e especificación do momento en que comeza a transcorrer o seu cómputo.
- No seu caso, parte ou tanto por cento das prestacións susceptibles de ser subcontratadas polo contratista.
- No seu caso, obrigaçión do contratista de gardar o sixilo sobre o contido do contrato adxudicado.
- Expresa submisión á lexislación de contratos das Administracións públicas e ao prego de cláusulas administrativas xerais que sexa aplicable, con especial referencia, no seu caso, ás estipulaciones contrarias a este último que se inclúan.
- Os restantes datos e circunstancias que se esixan para cada caso concreto por outros preceptos da Lei e deste Regulamento ou que o órgano de contratación estime necesario para cada contrato singular.

Nos contratos de obras, os PCAP conterán ademais (artigo 67.3 RLCAP):

- Referencia ao proxecto e mención expresa dos documentos do mesmo que revistan carácter contractual.
- Criterios de selección do contratista.
- Prazo total de execución do contrato e indicación dos prazos parciais correspondentes, sinalando, no seu caso, cales darán motivo ás recepcións parciais.
- Frecuencias de expedición de certificacións de obras.
- Condicións e requisitos para o pago a conta de actuacións preparatorias, provisión de materiais e equipos de maquinaria adscritos ás obras.
- Especificación da dirección da execución do contrato e forma de cursar as instrucións para o cumprimento do contrato.
- No seu caso, imputación ao órgano de contratación ou ao contratista dos gastos que se orixinen como consecuencia da realización de ensaios e análises de materiais e unidades de obra ou de informes específicos sobre os mesmos.

Con estas premisas procedeu a elaborarse o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de obras que contén 47 cláusulas e 5 anexos:

1. ANEXO I: FEC
2. ANEXO II: II:DECLARACIÓN RESPONSABLE
3. ANEXO III: DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO
4. ANEXO IV: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE RESULTE CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR
5. ANEXO V: CADRO DE PREZOS UNITARIOS A APLICAR EN CASO DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Polo que os contratos de obras axustaranse ao devantido prego, conténdose no Anexo I. FEC as especificidades de cada un deles.

-III-

### COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

### ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Aprobar o Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación de obras por procedemento aberto que se achega a este informe.*

*2º.- O prego tipo para a contratación de obras por procedemento aberto que se aproba será de aplicación a partir da súa aprobación.*

*3º.- As referencias contidas no prego tipo para a contratación de obras por procedemento aberto respecto de prazos, contías, porcentaxes, e citas de normativa actualmente vixente, quedarán automaticamente actualizadas cando sexan modificadas por disposicións posteriores”.*

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### ANEXO I

#### PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS POR PROCEDIMIENTO ABERTO

### ÍNDICE

#### I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN
2. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO
3. OBXECTO DO CONTRATO
4. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO
5. RÉXIME ECONÓMICO-ORZAMENTARIO DO CONTRATO
6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES NAS QUE SE DISTRIBÚE
7. PRAZO
8. APTITUDE PARA CONTRATAR



**Concello de Vigo**

## **II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

9. COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS
10. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN
11. PUBLICIDADE, INFORMACIÓN E ACLARACIÓNS
12. ACORDO DE NON ADXUDICACIÓN DO CONTRATO OU DE NON FORMALIZACIÓN E DESISTENCIA
13. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN
14. FORMA NA QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSI-  
CIÓNS
15. PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DE MAIS REQUISITOS DAS  
PROPOSIÇÕES
16. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO
17. VARIANTES
18. CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS
19. CÓDIGO ÉTICO
20. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSIÇÕES
21. NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES
22. CLASIFICACIÓN OFERTAS
23. ADXUDICACIÓN
24. GARANTÍAS ESIXIBLES
25. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

## **III. EXECUCIÓN DO CONTRATO**

26. PRAZOS
27. EXECUCIÓN DO CONTRATO
  - a) OBRIGAS DO CONTRATISTA
  - b) TÉCNICO FACULTATIVO DA EMPRESA
  - c) COMPROBACIÓN DO REPLANTEO
  - d) PROGRAMA DE TRABALLO, PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E PLAN DE  
XESTIÓN DE RESIDUOS
  - e) CONTROL DE CALIDADE
  - f) COMUNICACIÓN Á AUTORIDADE LABORAL DO INICIO DAS OBRAS E DA  
APERTURA DE CENTRO DE TRABALLO
  - g) FACULTADES DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DA ADMINISTRACIÓN
  - h) MEDICIÓNS
  - i) RELACIÓNS VALORADAS
  - j) INCIDENCIAS
  - k) CERTIFICACIÓNS
  - l) SINALIZACIÓN DAS OBRAS
  - m) OFICINA DE OBRA
  - n) LIBRO DE ORDES
  - o) ALMACÉNS E DEPÓSITOS
  - p) DESPEXE FINAL DAS OBRAS
28. CONDIÇÕES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN
29. PERSOAL DO CONTRATISTA
30. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁC-  
TER PERSOAL

31. CUMPRIMENTO DO CONTRATO
  - a) OBRAS OU INSTALACIÓNS DEFECTUOSAS OU MAL EXECUTADAS
  - b) RECEPCIÓN DAS OBRAS
  - c) CERTIFICACIÓN FINAL
32. RÉXIME DE PAGAMENTOS
33. REVISIÓN DE PREZOS
34. PRAZO DE GARANTÍA
35. RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS
36. MODIFICACIÓN DO CONTRATO
37. INCUMPRIMENTOS CONTRACTUAIS
38. PENALIDADES
39. MULTAS COERCITIVAS
40. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES E MULTAS COERCITIVAS
41. SUBCONTRATACIÓN
42. CESIÓN
43. RESOLUCIÓN DO CONTRATO
44. LIQUIDACIÓN

#### **IV. XURISDICIÓN E RECURSOS**

45. XURISDICIÓN
46. RECURSO DE ALZADA
47. RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

#### **V. ANEXOS**

1. ANEXO I: FEC
2. ANEXO II: II:DECLARACIÓN RESPONSABLE
3. ANEXO III: DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO
4. ANEXO IV: DOCUMENTACIÓN A PRES
5. ANEXO V: CADRO DE PREZOS UNITARIOS A APLICAR EN CASO DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO

### **FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO "FEC"**

#### **1. DATOS DO EXPEDIENTE**

- A. NÚMERO DE EXPEDIENTE:
- B. SERVIZO XESTOR:
- C. RESPONSABLE DO CONTRATO:
- D. UNIDADE TRAMITADORA:
- E. OFICINA CONTABLE:
- F. ÓRGANO XESTOR:
- G. TRAMITACIÓN:
- H. PROCEDEMENTO:
- I. TRÁTASE DUN CONTRATO DE REGULACIÓN HARMONIZADA:





## Concello de Vigo

- J. TRÁTASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN:

### 2. OBXECTO

- A. OBXECTO DO CONTRATO:  
B. CODIFICACIÓN OBXECTO DO CONTRATO:  
□ CPV:  
□ CATEGORÍA DA OBRA ANEXO II DA DIRECTIVA 2014/24/UE:  
C. NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACIÓN:  
D. LOTES:
  - Nº de lotes para os que un mesmo candidato ou licitador pode presentar oferta:
  - Nº de lotes que poden adxudicarse a cada licitador:
  - Criterios a aplicar para o suposto de que un licitador resulte adxudicatario de máis dun lote e estea limitado o nº dos que pode ser adxudicatario:
  - Admítense ofertas combinadas para varios lotes: si/non
  - Combinación ou combinacións de lotes que se admitirán, e solvencia esixida en cada unha delas:

### 3. CONTIDO ECONÓMICO

- A. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído):  
B. IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN:  
C. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:  
D. MÉTODO DE CÁLCULO DO VALOR ESTIMADO E CONCEPTOS QUE COMPRENDE:  
E. ANUALIDADES CON IVE:  
F. DOTACIÓN POR LOTES:  
G. PREZOS UNITARIOS (sen IVE):  
H. APLICACIÓN ORZAMENTARIA:  
I. ANTICIPADO DE GASTO:  
J. FINANCIADO/COFINANCIANDO POR OUTRAS INSTITUCIÓNS (en caso afirmativo, indicar cal):  
K. PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS:

### 4. PRAZO

- A. PRAZO TOTAL:  
B. PRAZOS PARCIAIS:  
C. PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN:  
D. DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO:

### 5. CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA, E TÉCNICA

- A. PROCEDE ACREDITAR CLASIFICACIÓN, EN CASO AFIRMATIVO, INDÍCASE GRUPO/SUB GRUPO/CATEGORÍA ESIXIBLE:  
B. CLASIFICACIÓN ALTERNATIVA QUE ACREDITE A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA E PROFESIONAL:  
C. MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:  
D. MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL:

- E. MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA AS EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN:
- F. TAREFAS OU TRABALLOS QUE DEBERÁ REALIZAR DIRECTAMENTE O LICITADOR NO CASO DE QUE INTEGRE A SÚA SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS:
- G. MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS A ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:
- H. HABILITACIÓN PROFESIONAL:
- I. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE:

## 6. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- A. ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:
- B. ASPECTOS A MODIFICAR:
- C. CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:
- D. LÍMITES DA MODIFICACIÓN:
- E. ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:

## 7. OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO:

- A. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN:
- B. OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO ADXUDICATARIO:
- C. OUTROS SUPOSTOS DE INCUMPRIMENTO CONTRACTUAL E/OU PENALIDADES:
- D. CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO:
- E. CESIÓN DE DATOS Ó ADXUDICATARIO:
- F. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL:
- G. SEGURO
- H. OBSERVACIÓNES:

## I. ELEMENTOS DO CONTRATO

### CLÁUSULA 1.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

1.- O órgano de contratación é a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo.

- O enderezo postal é Praza do Rei, 1 - 36202 Vigo
- O enderezo de Internet do órgano de contratación e o seu perfil do contratante é <https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:perfilContratante&idBp=MXWpfb1rXoYQK2TEfXGy%2BA%3D%3D>
- O enderezo web do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo é <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

2.- O servizo xestor do expediente é o servizo administrativo e de control orzamentario da Área de Fomento, que é a unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato.

3.- O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), será o Director facultativo das obras.



## Concello de Vigo

Corresponderanlle, entre outras, as seguintes funcións:

- Propor ao órgano de contratación as revisións de prezos, as modificacións contractuais e as prórrogas do contrato.
- Comprobar que o contratista achega para a execución do contrato os medios materiais e persoais esixidos.
- Cando se esixa no apartado 7.G das FEC algún tipo de seguro, esixir ao contratista a presentación da póliza correspondente.
- Propor ao órgano de contratación a incoación de expediente para a imposición de penalidades.
- No suposto de mora na execución do contrato, emitir informe sobre se o atraso foi producido por motivos imputables ao contratista.
- Comprobar que o contratista está ao corrente dos seus pagamentos cos provedores e subcontratistas que tiña contratado para a execución do contrato.
- Comprobar que o contratista cumpre coas condicións especiais de execución e as súas obrigas esenciais.
- Velar por que na execución do contrato non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores ou dar lugar á declaración de relacións laborais entre a Administración e o persoal do contratista.
- Requirirille ao contratista toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas de información recollidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Elaborar anualmente un informe sobre a execución do contrato no que se fagan constar as incidencias producidas no seu desenvolvemento así como calquera outras circunstancias que estime relevantes. Deste informe darase conta ao órgano de contratación no prazo dun mes desde a súa elaboración.

4.- O responsable do contrato é, así mesmo, o director facultativo das obras. Como tal será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato. Entre as súas funcións inclúense as seguintes:

- Ditar instrucións ao contratista sobre a correcta execución das obras. Tales instrucións inscribíranse no oportuno libro a conservar na oficina de obras, e serán inmediatamente executadas polo contratista sen prexuízo das reclamacións que este puidera formular ao responsable do contrato. Cando as instrucións fosen de carácter verbal deberá ratificalas por escrito no prazo máximo de tres días hábiles, en caso contrario, non serán vinculantes para o contratista. En caso de incumprimento destas ordes, o director facultativo das obras deberá comunicalo ao responsable do contrato para os efectos de solicitar ao órgano de contratación a paralización das obras ata que sexa atendido o requirimento efectuado.
- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.
- Aprobar o plan de xestión de residuos presentado polo contratista e propor a súa aceptación ao órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propor a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do seu cumprimento.

- Funcións de comprobación, coordinación e vixilancia da correcta realización das obras nos seus aspectos técnicos de acordo co proxecto e o programa de traballo.
- Está obrigado a poñer en coñecemento do responsable do contrato todo incidente ou alteración que poida xurdir no normal desenvolvemento da execución das obras, en especial as relativas ao exacto cumprimento do contrato.
- Asistir ao levantamento da acta de comprobación do replanteo.

5. O coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras. Entre as súas funcións atópanse as seguintes:

- Informar o plan de seguridade e saúde presentado polo contratista e propor a súa aprobación ao órgano de contratación.
- Levar o libro de incidencias de seguridade e saúde ao que se refire o artigo 13 do RD 1627/1997.
- Remitir copia ao responsable do contrato das incidencias que anote no libro.
- Informar mensualmente sobre o cumprimento do plan de seguridade e saúde ao responsable do contrato.

## **CLÁUSULA 2.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**

1.- Este contrato, de natureza administrativa, cualifícase como de obras (artigo 13 do LCSP). Rexerase polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, as empresas adxudicatarias. Este prego establece as condicións xerais aplicables ás contratacións que tendo natureza análoga se adecúen ás condicións previstas nas cláusulas do prego. A individualización de cada contratación conformarase mediante as especificacións previstas nas FEC, recollidas como Anexo I deste prego.

2.- Terán carácter contractual, pola orde de prelación na que se indican, os seguintes documentos:

- Este prego de cláusulas administrativas particulares
- O prego de prescricións técnicas
- A oferta do adxudicatario
- O documento no que se formalice o contrato
- Os planos
- Os aspectos da memoria do proxecto aos que se refire o artigo 128 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas
- O programa de traballo aprobado polo órgano de contratación
- Os plans de seguridade e saúde, de residuos e de calidade aprobados polo órgano de contratación
- Os cadros de prezos

3.- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións locais, o contrato rexerase polas seguintes normas:



## Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.

Se a obra obxecto do contrato fose unha edificación, serán tamén de aplicación as seguintes disposicións:

- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación.

4.- Se o contrato é financiado con fondos europeos (apartado 3.J das FEC) deberá someterse ás disposicións do tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude deste, e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias a prol do desenvolvemento sustentable e mellora do medio ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións xerais relativas aos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos.

5.- O órgano de contratación ostenta, en relación con este contrato, as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución, acordar a resolución e determinar os efectos desta, consonte ao previsto nos artigos 190 e seguintes da LCSP.

### **CLÁUSULA 3.- OBXECTO DO CONTRATO**

1.- O contrato terá por obxecto a execución das obras sinaladas no apartado 2.A das FEC.

2.- No caso de que se prevexan lotes no apartado 2.D das FEC, indicárase:

- O nº de lotes para os que un mesmo candidato ou licitador pode presentar oferta.
- O nº de lotes que poden adxudicarse a cada licitador. Neste caso, fixaranse os criterios a aplicar para o suposto de que un licitador resulte adxudicatario de máis dun lote.
- A posibilidade de presentar ofertas combinadas para varios lotes, concretando a combinación ou combinacións que se admitirán, así como a solvencia e capacidade esixida en cada unha delas.

3.- A CPV e a categoría do contrato no anexo I do LCSP figuran no apartado 2.B das FEC.

#### **CLÁUSULA 4.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO**

Mediante a execución do contrato á que se refire este prego satisfaranse as necesidades que se describen no apartado 2.C das FEC.

#### **CLÁUSULA 5.- RÉXIME ECONÓMICO-ORZAMENTARIO DO CONTRATO**

1.- O orzamento base de licitación é o que se fixa no apartado 3.A das FEC.

2.- A cantidade que neste contrato corresponde ao imposto sobre o valor engadido é a que se fixa no apartado 3.B das FEC.

3.- O valor estimado do contrato, de acordo co establecido no artigo 101 da LCSP, é o fixado no apartado 3.C das FEC. Indicarase o seu método de cálculo e os conceptos que comprende no apartado 3.D.

4.- No caso de que se establezan lotes, o orzamento máximo de licitación para cada lote e o detalle do IVE fíxanse no apartado 3.F das FEC.

5.- Se o prezo do contrato se formulase en termos de prezos unitarios, estes relacionáranse no apartado 3.G das FEC. Así mesmo, poderán fixarse para os efectos de calcular o prezo das posibles modificacións do contrato.

6.- As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas.

#### **CLÁUSULA 6.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES NAS QUE SE DISTRIBÚE**

1.- Para a execución dos compromisos económicos derivados desta contratación existe crédito na aplicación orzamentaria que se indica no apartado 3.H das FEC.

2.- Se o expediente de contratación se tramitase como anticipado de gasto, indicarase esta circunstancia no apartado 3.I da FEC.

3.- Se a execución do contrato abarcase máis dun exercicio orzamentario, detallarase o gasto previsto para cada anualidade no apartado 3.E das FEC establécese a previsión do detalle do orzamento en anualidades orzamentarias. Este subordinarase ao crédito que durante o prazo contractual autorice o respectivo orzamento conforme ao previsto no artigo 174.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### **CLÁUSULA 7.- PRAZO**

1.- O prazo total do contrato será o establecido no apartado 4.A das FEC.

2.- Os prazos parciais para a execución do contrato serán, no seu caso, os establecidos no apartado 4.B das FEC.



## Concello de Vigo

3.- Este contrato poderá ser obxecto de prórroga consonte ao disposto na cláusula 26 sempre que medie acordo expreso do órgano de contratación.

4.- Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización.

5.- O prazo de execución do contrato será o sinalado no apartado 4.A das FEC. Computarase a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de comprobación do replanteo, senón contivese reservas; ou, en caso contrario, do seguinte ao da notificación ao contratista da resolución autorizando o inicio das obras.

6.- No caso dos contratos declarados urxentes o prazo de inicio da execución do contrato non poderá exceder dun mes, contado desde a formalización (artigo 119.2 LCSP).

### **CLÁUSULA 8.- APTITUDE PARA CONTRATAR**

1.- Están capacitados para contratar con esta Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a correspondente solvencia económica e técnica e non estean afectadas por ningunha das prohibicións de contratar enumeradas no artigo 71 do LCSP.

2.- A concorrencia destes requisitos será declarada polos licitadores mediante a presentación do Documento único europeo de contratación (DEUC). Este poderá obterse e cumprimentarse na páxina do Ministerio de Facenda <https://visor.registrodelicitadores.gob.es/home>.

3.- Estes requisitos deberán reunirse na data final de presentación das ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato. A Administración poderá requirirille a súa acreditación aos licitadores en calquera momento do procedemento anterior á formulación da proposta de adxudicación, con excepción dos certificados que acrediten que están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo) e coa Tesourería da Seguridade Social, que serán solicitados de oficio por esta Administración. A falta de acreditación será causa de exclusión da licitación.

4.- En todo caso, o licitador situado no primeiro lugar na proposta de clasificación en orde descendente que formule a Mesa de Contratación deberá acreditar estas circunstancias no prazo máximo dos dez días hábiles seguintes ao que lle sexa comunicado o acordo de clasificación adoptado polo órgano de contratación. Acreditarase de conformidade co que dispón o artigo 140 do LCSP, achegando a seguinte documentación:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica

- Os empresarios individuais, copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.
- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo

coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

## 2º) Documentos acreditativos da representación

Cando o licitador persoa física concorre representado por outra persoa, ou os representantes dunha sociedade ou outro tipo de personificación xurídica, deberán xustificar documentalmente que están facultados para iso achegando os poderes e documentos acreditativos.

## 3º) Documentos acreditativos da clasificación

Cando sexa esixible a clasificación os licitadores deberán acreditar estar clasificados nos grupos, subgrupos e categorías sinaladas no apartado 5.A das FEC.

Non será esixible a clasificación aos empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

## 4º) Acreditación da solvencia cando non proceda esixir a clasificación

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
  - Ao valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
  - Á anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.B.





## Concello de Vigo

- Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase, alternativamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.D das FEC se determinen outros distintos:

- Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados no curso dos cinco últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicarase importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato.
- Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.B.

- Solvencia técnica das empresas de nova creación

No caso de empresas de nova creación (antigüidade inferior a 5 anos) en contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros poderá acreditarse por algún dos medios previstos nas letras b) a f) do apartado 1 do artigo 88 da LCSP, agás que no apartado 5.E das FEC se sinalen outros distintos. A documentación acreditativa destes extremos achegarase polo primeiro clasificado con carácter previo á adxudicación do contrato.

- Integración da solvencia con medios externos

Cando unha empresa desexe utilizar as capacidades doutras entidades, deberá incluír no sobre A o compromiso escrito destas entidades para tal efecto, consonte ao modelo previsto no Anexo III deste prego.

Poderá fixarse no apartado 5.F da FEC que certas tarefas ou traballos, de acordo coa súa natureza especial, sexan executadas directamente polo adxudicatario.

5º) Habilitación profesional

Achegarase a documentación acreditativa da habilitación empresarial ou profesional, cando resulten esixibles pola normativa vixente relativa ao obxecto do contrato se así se especificase no apartado 5.H das FEC.

6º) Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato

O contratista deberá achegar compromiso de adscripción á execución do contrato dos medios persoais e materiais, que no seu caso, se fixen no apartado 5.G das FEC, consonte ao recollido no Anexo III deste prego.

5.- Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16

de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que neles conste sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentarse acreditación da inscrición no correspondente rexistro actualizada á data da licitación.

6.- No caso de que se trate dun contrato reservado dos previstos na Disposición Adicional cuarta da LCSP só poderán presentarse a esta licitación os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral legalmente constituídos. Neste caso deberán acreditar esta circunstancia.

8.- Se na fase de preparación do contrato tivese intervido algún empresario:

- Na elaboración da documentación preparatoria do contrato.
- Asesorando ao órgano de contratación para a súa elaboración.
- Participando, no seu caso, nas consultas preliminares ao mercado celebradas.

Indicarase esta circunstancia no apartado 5.I da FEC e relacionarase as empresas afectadas.

Se esta circunstancia impedise participar ao interesado na licitación será preciso evacuarlle trámite de audiencia, nos termos establecidos no artigo 70 da LCSP.

No caso de realizarse consultas preliminares ao mercado deberá publicarse no perfil de contratante o informe previsto no artigo 115.3 da LCSP.

9.- As empresas estranxeiras deberán achegar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante; de conformidade co modelo do anexo II.

10.- A Mesa de Contratación poderá solicitar aos licitadores, en calquera momento, que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración, cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento e, en todo caso, antes de adxudicar o contrato. Para estes efectos concedéraselle un prazo de tres días. De non presentar a documentación requirida no prazo establecido entenderase que o licitador desiste do procedemento. Fora deste suposto, a documentación acreditativa da capacidade do contratista esixiráselle unicamente ao primeiro clasificado.

11.- No caso de que os datos incluídos na documentación persoal non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incurrir o declarante, o órgano de contratación poderá iniciar procedemento para declarar a existencia de prohibición para contratar, de acordo co previsto no artigo 72 da LCSP. Excluirase ao licitador do procedemento e reclamaráselle 250 € en concepto de penalidade.

## **CLÁUSULA 9.- COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS**

1.- As comunicacións entre o Concello e os licitadores realizaranse a través do enderezo de correo electrónico que estes deberán designar na declaración responsable da súa proposición,



## Concello de Vigo

sen prexuízo da publicidade dos actos emitidos, cando legalmente proceda, e da práctica das notificacións esixidas pola Lei 9/2017 na forma prevista na súa disposición adicional 15ª.

2.- As notificacións practicaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante.

3.- A estes efectos, os licitadores deberán designar na Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP) unha dirección de correo electrónico.

### II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

#### CLÁUSULA 10.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

1.- O contrato adxudicarase aplicando o procedemento aberto e a forma de tramitación do expediente será a fixada no apartado 1.B das FEC podendo ser:

- Ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 do LCSP.
- Urxente, segundo o previsto no artigo 119 do LCSP. Neste caso deberá constar no expediente a resolución pola que se declara e motiva esta clase de tramitación.

2.- A tramitación urxente do contrato suporá a redución dos prazos na forma sinalada nos artigos 119 e 137 do LCSP.

#### CLÁUSULA 11.- PUBLICIDADE, INFORMACIÓN E ACLARACIÓNS

1.- O anuncio da licitación publicarase no perfil de contratante do Concello de Vigo. Se o contrato está suxeito a regulación harmonizada a licitación publicarase, ademais, previamente, no Diario Oficial da Unión Europea.

2.- Os licitadores poderán obter do perfil de contratante os pregos e toda a documentación contractual necesaria para preparar a súa oferta, en formato aberto e editable.

3.- Con carácter previo á presentación da documentación, os licitadores poderán solicitar a aclaración de dúbidas sobre os pregos e a documentación complementaria.

As aclaracións e documentación poderán solicitarse ata 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas. Estas serán contestadas polo órgano de contratación, mediante respostas que terán carácter vinculante e serán publicadas no perfil de contratante como máximo 6 días antes da finalización do citado prazo. No caso de que o procedemento sexa urxente este último prazo reducirase a 4 días.

4.- Os licitadores poderán obter información das obrigas e disposicións vixentes en materia fiscal, medio ambiente, emprego e condicións laborais nos seguintes organismos:

- Fiscalidade: Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e Axencia Estatal de Administración Tributaria.

- Protección do medio ambiente: Consellería de Medio ambiente e Ordenación do territorio da Xunta de Galicia e a Axencia Europea do Medio Ambiente (AEMA).
- Protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais e inserción sociolaboral de persoas con discapacidade: Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e Fundación para a prevención de riscos laborais do Estado e o Instituto Nacional de Seguridade, Saúde e Benestar no Traballo.

## **CLÁUSULA 12.- ACORDO DE NON ADXUDICACIÓN DO CONTRATO OU DE NON FORMALIZACIÓN E DESISTENCIA**

1.- O órgano de contratación poderá acordar non adxudicar ou non celebrar o contrato, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou a desistencia do procedemento, baseado nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, en ambos os dous casos, antes da formalización do contrato.

2.- Esta circunstancia deberá ser notificada aos licitadores e comunicarse á Comisión Europea cando o contrato fose anunciado no Diario oficial da Unión Europea (artigo 152 LCSP).

3.- En caso de que o órgano de contratación acorde non adxudicar ou non celebrar o contrato, ou a desistencia do mesmo, compensarase a cada un dos licitadores aptos para participar na licitación polos gastos xustificadas nos que tivese incorrido (artigo 152 LCSP). Iso no entanto, esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade de 100 euros.

## **CLÁUSULA 13.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN**

1.- Para tomar parte na licitación será preciso que o interesado achegue a documentación distribuída en tres sobres ou arquivos electrónicos: 1) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL; 2) SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR e 3) SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA.

2.- No entanto, nos procedementos nos que a totalidade dos criterios de adxudicación sexan avaliados mediante fórmula, unicamente se presentarán dous sobres: o sobre A, coa documentación esixida na cláusula 14 e o sobre C, que conterá o modelo de proposición que figura na mesma cláusula.

3.- A documentación en formato electrónico axustarase ás especificacións indicadas na cláusula seguinte, ao disposto nas disposicións adicionais 15ª e 16ª da LCSP e ás especificacións técnicas que para estes efectos defina o órgano competente.

4.- No interior de cada sobre ou arquivo electrónico farase constar o índice do seu contido, enunciado numericamente. A documentación incluída en cada sobre ou arquivo electrónico deberá estar paxinada.

5.- A presentación das proposicións deste procedemento realizarase a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP) (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade coas indicacións dadas na Guía dos Servizos de Licitación Electrónica para Empresas que poderán atoparse no seguinte enlace: <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/guiasAyuda>.



## Concello de Vigo

Na Guía dos Servizos de Licitación Electrónica para Empresas documéntase como o licitador debe preparar e enviar a documentación e os sobre que compoñen as ofertas mediante a “Ferramenta de Preparación e Presentación de Ofertas” que se pon a súa disposición.

6.- En ningún caso se poderá presentar máis dunha oferta. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia.

### **CLÁUSULA 14.- FORMA NA QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓNS**

1.- Para poder presentar proposición a este procedemento, o licitador debe estar rexistrado como usuario na Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP).

No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, obterase un xustificante de presentación da pegada dixital ou resumo correspondente da oferta. Este xustificante ou resumo entregarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Se a presentación no Rexistro Xeral non fose posible, o xustificante enviarase ao correo de Contratación: [contratacion@vigo.org](mailto:contratacion@vigo.org)

O licitador, neste suposto, presentará os sobres en soporte electrónico no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións. En ningún caso deberán presentarse documentos non encriptados. **A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador.**

2.- O contido dos sobres será o seguinte:

#### **A) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL**

Presentarase o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) e o Anexo II e, no seu caso, a declaración responsable do Anexo III de concorrer as circunstancias nela previstas.

Se o procedemento comprende varios lotes para os que se esixe unha solvencia diferente os licitadores deberán presentar un DEUC por cada un dos lotes aos que se presenten.

No caso de que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, achegarase o compromiso de constitución en UTE previsto no Anexo II e o DEUC por cada empresa participante.

Así mesmo, nos casos nos que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas, cada unha delas deberá presentar un DEUC.

#### **B) SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR**

1. Incluirá os seguintes documentos:

## **A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA**

Comprenderá os seguintes apartados:

### **a) A análise das actuacións a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar**

Incluirá:

- A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto (20%).
- Descrición das actividades importantes da execución da obra (20%).
- Condicionantes para a definición do proxecto (30%).
- A determinación do grao de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos contidos anteriores en relación á execución da obra (30%).

### **b) A análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para o correcto desenvolvemento do proxecto**

Incluirá:

- O estudo do tráfico e circulacións no contorno da obra (15%).
- O estudo dos usos específicos do ámbito e do contorno de actuación (20%).
- Proposta de campamento de obra (15%).
- Medidas propostas de afeccións ás circulación e acceso á obra (20%).
- Proposta de faseado de obra (15%).
- Outras medidas e propostas que permitan simultanear a obra coas actividades cotiás do entorno (15%).

### **c) A proposta de planificación da obra en relación cos períodos de execución e cos equipos de traballo que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación cos prazos de execución propostos**

Incluirá:

- Afección climatolóxica (10%).
- Dimensionamento dos equipos de traballo con indicación de rendementos (20%).
- Relación de equipos de traballo coa planificación temporal (20%).
- Planificación temporal das unidades de obra (20%).
- Definición de actividades críticas (15%).
- Indicación de folgas das actuacións (15%).

**Requisitos para a presentación da documentación** relativa a este criterio (memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra):

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 40 páxinas en total en formato DIN A4 (a excepción do apartado da planificación de



## Concello de Vigo

obra, que as páxinas poderán ser en formato DIN A3). Na cuantificación deste documento se terán en conta todos as páxinas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais páxinas incorporadas.

- O arquivo dixital non debe superar os 4 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)” sobre B; apartado correspondente a Memoria Construtiva (MC).

### **A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE A IMPLANTAR NA EXECUCIÓN DA OBRA**

Comprenderá os seguintes apartados:

#### **a) A descrición analítica e detallada do plan de control de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto**

Incluirá:

- Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar (30%).
- Plan específico de ensaios de control de calidade con especificidade dos ensaios a maiores do contemplado no proxecto (30%).
- Diversidade de ensaios de control de calidade propostos a executar (40%).

#### **b) A descrición do plan de autocontrol interno da empresa**

Incluirá:

- Descrición analítica e detallada dos procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra (60%)
- Descrición da organización dedicada ao control de calidade (40%)

**Requisitos para a presentación da documentación** relativa a este criterio (Plan de control de calidade da obra):

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 15 páxinas en total en formato DIN A4. Na cuantificación deste documento se terán en conta todos as páxinas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais páxinas incorporadas.
- O arquivo dixital non debe superar os 4 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)” sobre B; apartado correspondente ao Plan control calidade (CC).

### **A.3.- PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS**

Comprenderá os seguintes apartados:

a) **Memoria descriptiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético e as materias primas**

Incluirá:

- Boas prácticas na execución da obra que permita reducir consumo enerxético (25%).
- Adaptación destas as peculiaridades da mesma, así como aos obxectivos específicos nesta materia na Axenda urbana Española (25%).
- Boas prácticas na execución da obra que permita reducir as materias primas (25%).
- Adaptación destas as peculiaridades da obra así como aos obxectivos específicos nesta materia na Axenda urbana Española (25%).

b) **Memoria descriptiva das actuacións para a redución de emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado**

Incluirá:

- Actuacións para a redución de emisións contaminantes á atmosfera (25%).
- Adaptación destas as peculiaridades da obra, así como aos obxectivos específicos nesta materia na Axenda urbana Española (25%).
- Actuacións para a recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado (25%).
- Adaptación destas as peculiaridades da obra, así como aos obxectivos específicos nesta materia na Axenda urbana Española (25%).

**Requisitos para a presentación da documentación** relativa a este criterio:

- Deberá ser un único arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 15 páxinas en total en formato DIN A4. Na cuantificación deste documento se terán en conta todos as páxinas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais páxinas incorporadas.
- O arquivo dixital non debe superar os 4 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"; sobre B; apartado correspondente a Actuacións Medioambientais (AM).

2.- Os licitadores poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles neste sobre, en especial, con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos seus aspectos confidenciais.

Poderá solicitarse a confidencialidade da documentación na que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que comporte unha vantaxe competitiva para a empresa.
- b) Que se trate dunha información verdadeiramente reservada, é dicir, descoñecida por terceiros.





## Concello de Vigo

- c) Que represente un valor estratéxico para a empresa e poida afectar á súa competencia no mercado.

Non resultan admisibles as declaracións xenéricas de confidencialidade de todos os documentos ou datos da oferta, nin dos documentos que sexan publicamente accesibles. De formularse unha declaración xenérica de confidencialidade, non será admitida.

A solicitude de confidencialidade deberá reflectirse claramente, sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma claramente identificable no propio documento que teña tal condición.

Para que o órgano de contratación acepte a solicitude de confidencialidade e a declare, deberán indicarse os motivos que a xustifiquen.

O órgano de contratación non poderá divulgar a información declarada confidencial sen o consentimento do licitador.

3. A Mesa, en resolución motivada, excluirá da licitación as proposicións nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas.
- Que non se axuste ao disposto no prego de prescricións técnicas.

### **C) SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA**

1. A proposición avaliable mediante fórmula deberá ser formulada de acordo co seguinte modelo:

D./D<sup>a</sup>. ....., con DNI nº ....., en nome propio (ou en representación de .....,) informado da licitación para a contratación por procedemento aberto da obra ....., expediente nº ....., manifesta:

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas que rexen a presente contratación.

2.- Que a proposta foi elaborada conforme ás obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condicións laborais, sociais e a obriga de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade, ás que se refire o punto 4 da cláusula 11 do PCAP.

3.- Propón como prezo sen IVE do contrato o de ..... euros, sendo a cota correspondente o IVE a de ..... euros o que supón un prezo total do contrato de ..... euros.

Data e sinatura do licitador

2. A Mesa, en resolución motivada, excluirá da licitación as proposicións nas concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida
- Excedese do orzamento base de licitación
- Se apartase substancialmente do modelo establecido
- Comportase erro manifesto no importe da proposición
- Existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable

3.- Se así se establece no apartado 7.E da FEC poderá esixirse un informe de probas, ou un certificado expedido por algún dos “Organismos de Avaliación da Conformidade” acreditados pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) ou entidade análoga a nivel europeo, como medio de proba do cumprimento das prescricións técnicas exixidas, dos criterios de adxudicación ou das condicións de execución do contrato.

No caso de que o licitador non teña acceso a ditos certificados ou informes de probas nin á posibilidade de obtelos nos prazos fixados, supletoriamente, aceptaranse polo órgano de contratación outros medios de proba adecuados distintos aos sinalados no parágrafo anterior, tales como un informe técnico do fabricante, sempre que a falta de acceso non sexa por causa imputable ao mesmo e que este sirva para demostrar que o obxecto do contrato que proporcionará cumpre cos requisitos anteriormente sinalados.

#### **CLÁUSULA 15.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DEMAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓNS**

1.- A documentación presentarase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación.

2.- As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada do seu contido, así como a autorización para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do sector público, ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da UE (artigo 139.1).

3.- As proposicións serán secretas. Arbitraranse as ferramentas que garantan que soamente as persoas autorizadas poidan acceder aos datos e a documentación transmitida cando finalice o prazo especificado.

4.- Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo da admisibilidade de variantes cando así se estableza no apartado 7.H das FEC.

5.- Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha delas.

6.- A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

#### **CLÁUSULA 16.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

1.- O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos seguintes criterios:



## Concello de Vigo

### A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

Os criterios avaliados mediante terán unha puntuación máxima de "**PT=PT1+PT2+PT3=100 puntos**" e un coeficiente de ponderación "**A= 40**".

A puntuación distribuirase nos seguintes criterios:

#### **A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA:** valorarase con ata **70 puntos (PT1)**

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- a) A análise das actuacións a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar:** valorarase con ata **22 puntos**
- b) A análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para o correcto desenvolvemento do proxecto:** valorarase con ata **28 puntos**
- c) A proposta de planificación da obra en relación cos períodos de execución e cos equipos de traballo que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación cos prazos de execución propostos:** valorarase con ata **20 puntos**

#### **A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE A IMPLANTAR NA EXECUCIÓN DA OBRA:** valorarase con ata **15 puntos (PT2)**

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- a) A descrición analítica e detallada do plan de control de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto:** valorarase con ata **10 puntos**
- b) A descrición do plan de autocontrol interno da empresa:** valorarase con ata **5 puntos**

#### **A.3.- PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS:** valorarase con ata **15 puntos (PT3)**

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- a) Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético e as materias primas:** valorarase con ata **7,5 puntos**
- b) Memoria descritiva das actuacións para a redución de emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado:** valorarase con ata **7,5 puntos**

A **puntuación** dos criterios avaliados mediante xuízo de valor será outorgada seguindo as seguintes **regras**:

1. Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás memorias que desenvolvan adecuadamente os contidos indicados con análise específica, precisión, coherencia e idoneidade da proposta e coa representación gráfica adecuada. Calquera contido técnico descrito dentro de imaxes ou gráficos, que non se atope descrito no texto da memoria, non será tido en conta para a valoración da mesma.. O peso específico dos contidos na puntuación detállase na cláusula 14.2.B deste prego.
2. Descontarase da puntuación máxima prevista en cada apartado, a porcentaxe indicada en cada contido (cláusula 14.2.B deste prego), por cada un destes no caso de que a proposta para ese contido non se desenvolva de forma adecuada e coherente co obxecto do apartado a avaliar.

Os descontos indicados serán acumulativos.

3. A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recolla ningunha achega a maiores das establecidas no propio proxecto de obra que define este expediente.
4. Cando a documentación de cada criterio non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, formato das páxinas, número de páxinas máximas ou arquivo único, procederase a súa valoración técnica, pero descontarase o 30% da puntuación asignada ao citado criterio.

## **B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:**

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de "**PF=PE= 100 puntos**" e un coeficiente de ponderación "**B= 60**"

### **B.1.- Redución do prezo do contrato (PE):** valorarase con ata **100 puntos**

2.- Os criterios avaliados mediante fórmula valoraranse da seguinte forma:

O valor da baixa ofertada obterase restando ao orzamento base de licitación o prezo ofertado polo licitador (sen IVE).

Serán de aplicación as seguintes **fórmulas**:

- a) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre  $Be < Bi \leq BE$

$$PE = 98,5 + (1,5 * ((Bi-Be)/(BE-Be)))$$

- b) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,85*Be < Bi \leq Be$

$$PE = 95 + 3,5 * \left( \frac{Bi - (0,85 * Be)}{0,15 * Be} \right)$$

- c) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,65*Be < Bi \leq 0,85*Be$



**Concello de Vigo**

$$PE = 87,50 + 7,5 * \left( \frac{Bi - (0,65 * Be)}{0,20 * Be} \right)$$

d) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 * Be \leq Bi \leq 0,65 Be$

$$PE = 87,50 * \left( \frac{Bi}{0,65 * Be} \right)$$

Sendo:

PE = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 100,00 puntos.

Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

Be= Valor do porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumpran a seguinte condición:  $Bi \leq Br + \sigma$  (segundo se definen Br y  $\sigma$  nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas). Dito cálculo será realizado coas ofertas das empresas admitidas e que non se atopen en situación de ofertas anormais ou desproporcionadas, utilizando os criterios definidos para Br y  $\sigma$  nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas.

No caso de quedar soamente dúas ofertas admitidas no proceso de calculo de puntos, o valor Be resultante será multiplicado por o seguinte coeficiente en función do valor Bm:

Para  $Bm \leq 10 \%$  se aplicará un coeficiente 0,55

Para  $Bm > 10\% \text{ e } \leq 18 \%$  se aplicará un coeficiente 0,70

Para  $Bm > 18 \%$  se aplicará un coeficiente 0,90

BE= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas.

3.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

4.- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

5.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Se continuase o empate aplicaranse o resto dos criterios de desempate regulados no artigo 147 da LCSP segundo a orde que nel se establece.

#### **CLÁUSULA 17.- VARIANTES**

1.- Se así se establece no apartado 7.H das FEC, os licitadores poderán presentar variantes do contrato cos requisitos, modalidades e características que se fixen.

2.- En todo caso as variantes propostas deberán ter relación directa co obxecto do contrato.

#### **CLÁUSULA 18.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS**

1.- Considerarase que a proposición contén ofertas anormalmente baixas nos seguintes casos:

##### **a.- Cando o número de ofertas sexa igual ou superior a 5**

Si a oferta económica ( $B_i$ ) excede en  $(K \cdot \delta')$  ao valor da "baixa de referencia" ( $B_r$ )

$$\text{Presunción de temeridade: } B_i > B_r + (K \cdot \delta') \text{ si } n \geq 5$$

Sendo:

$B_i$  = será igual ao valor porcentual que represente a baixa ofertada sobre o orzamento base de licitación para a oferta que se queira valorar. Este calculo será realizado para todas as ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

$B_r$  = valor mínimo entre ( $B_m$  ou  $B'm$ )

$B_m$  = Baixa media calculada. O valor será expresado en tanto por cento, en relación coa media aritmética de todos os valores ( $B_i$ ) calculados das ofertas admitidas.

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

$B'm$  = media aritmética das ( $B_i$ ) ofertadas que cumpran a condición seguinte:



## Concello de Vigo

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$

$\delta$  = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

$\delta'$  = desviación típica das ( $B_i$ ) ofertadas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de  $B'_m$

$n$  = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, que cumpran a condición sinalada para o cálculo de  $B_m$ , e para o cálculo de  $\delta'$ , "n" será igual ao número de ofertas que cumpran coa condición sinalada para o cálculo de  $B'_m$

$K$  = factor de temeridade, este factor será definido en relación cos seguintes criterios:

Para  $\text{Min}(B_m, B'_m) \leq 10\%$

Si  $\sigma \leq 0,5$ ;  $K=10,00$

Si  $\sigma > 0,5$  y  $\leq 1$ ;  $K=5,20$

Si  $\sigma > 1$  y  $\leq 1,5$ ;  $K=3,60$

Si  $\sigma > 1,5$  y  $\leq 2$ ;  $K=2,80$

Si  $\sigma > 2$  y  $\leq 3$   $K=2,00$

Si  $\sigma > 3$   $K=1,80$

Para  $\text{Min}(B_m, B'_m) > 10\%$  y  $\leq 18\%$

Si  $\sigma \leq 0,5$ ;  $K=9,00$

Si  $\sigma > 0,5$  y  $\leq 1$ ;  $K=4,90$

Si  $\sigma > 1$  y  $\leq 1,5$ ;  $K=3,50$

Si  $\sigma > 1,5$  y  $\leq 2$ ;  $K=2,90$

Si  $\sigma > 2$  y  $\leq 3$   $K=2,10$

Si  $\sigma > 3$   $K=1,70$

Para  $\text{Min}(B_m, B'_m) > 18\%$

Si  $\sigma \leq 0,5$ ;  $K=8,00$

Si  $\sigma > 0,5$  y  $\leq 1$ ;  $K=4,50$

Si  $\sigma > 1$  y  $\leq 1,5$ ;  $K=3,80$

Si  $\sigma > 1,5$  y  $\leq 2$ ;  $K=2,80$

Si  $\sigma > 2$  y  $\leq 3$   $K=2,00$

Si  $\sigma > 3$   $K=1,70$

### **b.- Cando o número de ofertas sexa inferior a 5**

Considerarase que están incursas en baixa anormal ou desproporcionada as proposicións cunha  $B_i$  que exceda en 5 (unidades porcentuais) ou máis unidades ao valor da "baixa de referencia"  $B_r$ , sendo o valor  $B_r = B_m$ .

$B_r$  = media aritmética das ( $B_i$ ) ofertadas.  $B_i$  calcularase de acordo co exposto no apartado anterior.

### **Presunción de temeridade: $B_i > B_r + 5$ si $n < 5$**

2.- Cando aplicando estes criterios, a Mesa de Contratación identifique unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, notificaráselle ao licitador e concederáselle audiencia por un prazo máximo de tres días hábiles para que xustifique a valoración da oferta e precise as súas condicións de acordo co establecido no artigo 149 da LCSP.

3.- Á vista da xustificación presentada e do informe do servizo xestor, a Mesa de Contratación deberá propoñer ao órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da citada proposición por non poder ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais. Neste último caso, o órgano de contratación terá que excluíla do proceso de licitación.

4.- De conformidade co disposto no artigo 149.4 da LCSP, o órgano de contratación, en todo caso, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación, ou non cumpren as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes.

5.- Cando presentasen ofertas empresas que pertencen a un mesmo grupo, no sentido do artigo 42.1 do Código de comercio, tomarase en conta unicamente aquela que sexa máis baixa, e iso con independencia de que presenten a súa oferta en solitario ou conxuntamente con outra empresa ou empresas alleas ao grupo e coas cales concorran en unión temporal.

## **CLÁUSULA 19.- CÓDIGO ÉTICO**

1.- Os licitadores e contratistas, durante os procedementos de contratación, observarán os seguintes principios éticos e de conduta:

- a) Cumprir cos principios éticos, e no seu caso, o código deontolóxico, da súa profesión ou oficio.
- b) Deberán ter unha conduta eticamente exemplar, absténdose de fomentar, propoñer ou promover calquera práctica eticamente reprobable. De ter coñecemento de prácticas deste tipo deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
- c) Comprometeranse a que a súa participación no procedemento sexa competitiva, e absteranse de realizar prácticas colusorias que impidan a libre competencia concertándose para iso con outros licitadores. De ter coñecemento de prácticas deste tipo, deberá poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
- d) Comunicarán inmediatamente ao órgano de contratación as posibles situacións de conflito de intereses que lles afecten, ou que poidan afectar a outros licitadores.





## Concello de Vigo

- e) Denunciar ao órgano de contratación as situacións irregulares que se produzan nos procesos de licitación e execución dos contratos.
- f) Non solicitarán, nin directa nin indirectamente, aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato.
- g) Non ofrecerán nin directa nin indirectamente aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato, vantaxes ou beneficios persoais ou materiais.
- h) O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

**2.- O incumprimento do código ético durante o procedemento de licitación, suporá a exclusión da oferta do licitador. Se o incumprimento se producise durante a execución do contrato, será causa de resolución por causa imputable ao contratista. En ambos casos será necesaria a substanciación do correspondente procedemento contradictorio.**

### CLÁUSULA 20.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS

1.- A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das proposicións correspóndelle á **Mesa de contratación do Concello de Vigo**, cuxa composición figura no perfil do contratante, que se atopa na páxina <https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:perfilContratante&idBp=MXWpfb1rXoYQK2TEfXGy%2BA%3D%3D>

- No prazo máximo de vinte días contado dende a data de finalización do prazo de presentación de ofertas, a Mesa reunirse para a cualificación da documentación do sobre A e a apertura do sobre B. Con carácter previo á cualificación do sobre A pola Mesa, reuniranse a Secretaría e a Presidencia para a súa desenscriptación.
- Cualificada a documentación do sobre A, a Mesa declarará admitidos inicialmente á licitación aos licitadores que teñan presentado correctamente a documentación persoal.
- Se a Mesa de Contratación observase defectos ou omisións na documentación que se inclúe no sobre A, ou do seu contido puidera deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador neste procedemento, notificaralle aos interesados esta circunstancia, concedéndoselles un prazo de tres días para que os corrixan ou emenden.
- A continuación procederase á apertura do **sobre B**.
- A Mesa procederá á valoración do sobre B. Para estes efectos, poderá solicitar os informes técnicos que estime precisos. O resultado da valoración darase a coñecer no perfil de contratante con carácter previo ao acto público de apertura do sobre C.
- A apertura do **sobre C** terá lugar, en acto público, no día e hora anunciado no perfil de contratante. Nel darase a coñecer o contido das proposicións económicas dos licitadores admitidos.

2.- A Mesa poderá acordar, motivadamente, o rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas, sempre e cando a documentación do sobre B ou do sobre C contradiga as previsións dos pregos. Esta circunstancia notificaráselle ao licitador rexeitado para os efectos oportunos.

3.- De todo o actuado deixárase constancia documental no expediente.

## **CLÁUSULA 21.- NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES**

Cando o órgano de contratación ou a Mesa de Contratación acorden, en uso das facultades que lle confire a lexislación contractual vixente, o rexeitamento de proposicións inicialmente admitidas notificarán esta circunstancia aos licitadores.

## **CLÁUSULA 22.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS**

1.- A Mesa de Contratación clasificará as proposicións presentadas de acordo co disposto no artigo 150 da LCSP e elevará a correspondente proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación.

No acordo de clasificación requirirase ao licitador cuxa oferta estea clasificada en primeiro lugar, para que presente, se non a achegara xa con anterioridade, no prazo máximo de dez días hábiles, a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, tanto do licitador como de aquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, con excepción dos certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, por canto estes serán solicitados de oficio polo servizo de Contratación ás Administracións correspondentes.

2.- Así mesmo, esixiráselle a acreditación documental dos seguintes extremos:

- A acreditación da constitución de garantía definitiva, e no seu caso, complementaria.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 29.9 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

3.- Se o licitador clasificado en primeiro lugar non cumprimentase adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retira a súa oferta, e procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaron clasificadas as ofertas (artigo 150.2 da LCSP). Ao licitador que non cumprimentase a documentación esixiráselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación (IVE excluído) en concepto de penalidade.

## **CLÁUSULA 23.- ADXUDICACIÓN**

1.- A documentación presentada polo primeiro clasificado será revisada pola Mesa de contratación xunto coa prevista na cláusula 8. De resultar correcta, a Mesa formulará proposta de adxudicación ao órgano de contratación. En caso contrario, se procederá a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

2.- O contrato deberá adxudicarse no prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da citada documentación (artigo 150.3 LCSP).

3.- O órgano de contratación, deberá adoptar o acordo de adxudicación nos seguintes prazos:



## Concello de Vigo

- 15 días, a contar desde o seguinte ao de apertura das proposicións, cando o único criterio de adxudicación sexa o prezo.
- 2 meses a computar desde a data de apertura das proposicións, cando se fixen unha pluralidade de criterios de adxudicación.

Estes prazos ampliaranse en quince días hábiles cando sexa preciso seguir o procedemento fixado no artigo 149 para a xustificación das ofertas anormais (artigo 158 LCSP).

4.- Se o procedemento non se adxudicase nestes prazos, os licitadores terán dereito a retirar as súas ofertas.

5.- A adxudicación do contrato será motivada, notificarase aos participantes na licitación e se publicará no perfil do contratante nun prazo máximo de 15 días (artigo 151 LCSP).

### CLÁUSULA 24.- GARANTÍAS ESIXIBLES

1.- Ó licitador clasificado en primeiro lugar esixiráselle as seguintes garantías:

- **Definitiva:** por un importe do 5% do prezo ofertado, sen incluír o IVE.
- **Complementaria:** por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato, cando a oferta adxudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración.

2.- As garantías poderán constituírse en calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP, cos requisitos esixidos nos artigos 55 a 62 do RXLCAP.

3.- Admitirase a constitución de garantía definitiva mediante retención no prezo do contrato. Neste caso, o primeiro clasificado indicaráo por escrito, que se achegará coa documentación enumerada na cláusula 22 deste prego. A retención practicarase integramente no primeiro pagamento. Se este fose inferior á contía da garantía, reterase a cantidade restante dos seguintes pagamentos ata completar a mesma.

4.- A constitución de garantía xustificarse, segundo sexa a súa forma de constitución, do seguinte xeito:

- **En efectivo ou mediante certificados de inmovilización de valores anotados públicos ou privados**, co resgardo xustificativo do seu depósito na Caixa do Concello de Vigo.
- Mediante **aval**, coa presentación do documento no que se formalice.
- Mediante **contrato de seguro de caución**, coa presentación do certificado individual de seguro.

5.- De non cumprir este requisito por causas imputables ao licitador, entenderase que este retirou a súa oferta, procedéndose conforme ao previsto no artigo 150.2 do LCSP.

6.- A garantía definitiva responderá dos conceptos mencionados no artigo 110 do LCSP.

7.- A devolución e cancelación das garantías efectuarase de conformidade co disposto no artigo 111 LCSP.

## **CLÁUSULA 25.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

1.- A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción polos licitadores da notificación da adxudicación.

2.- Poderá formalizarse tamén en escritura pública, a solicitude do adxudicatario, sendo neste último caso do seu cargo os correspondentes gastos, conforme ao artigo 153 da LCSP.

3.- Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 44 da LCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores.

4.- De conformidade co disposto no artigo 153.4 da LCSP se por causas imputables ao adxudicatario non se formalizara o contrato no prazo sinalado, esixiráselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, sei se constituíra.

Neste caso, o contrato adxudicarase ao seguinte licitador, pola orde na que quedasen clasificadas as ofertas, previa a presentación da documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.

5.- Cando o contrato non se formalizase por causas imputables ao Concello se indemnizara o contratista polos danos e prexuízos coa cantidade de 100 euros.

## **III. EXECUCIÓN DO CONTRATO**

### **CLÁUSULA 26.- PRAZOS**

1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- O prazo de execución do contrato será o consignado no apartado 4.A das FEC. Computarase a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo se non contivese reservas ou, en caso contrario, do seguinte ao da notificación ao contratista da resolución autorizando o inicio das obras.

3.- Cando o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorra en mora ao respecto do cumprimento do prazo total ou dalgún ou varios prazos parciais, ou cando a mora no cumprimento destes últimos faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total, o Concello poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades que se establecen no artigo 192, 193 e 194 da LCSP.

4.- O prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorra algunha das seguintes causas:



## Concello de Vigo

- a) A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.
- b) O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos á súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao perdido e solicite a prórroga conforme ao disposto no artigo 100 RXLCAP.
- c) Cando o órgano de contratación, no suposto de incumprimento dos prazos por causas imputables ao contratista e conforme ao artigo 193.3 e 192.2 da LCSP, opte pola imposición de penalidades e non pola resolución, concederá a ampliación do prazo polo tempo que estime necesario para a terminación do contrato.
- d) A suspensión do cumprimento do contrato a instancia do contratista cando o Concello se demore no pago do prezo máis de catro meses conforme ao disposto no artigo 198.5 da LCSP. Neste caso o contrato prorrogarase por un prazo igual ao que tiña permanecido suspendido.
- e) Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso, o contrato prorrogarase por un prazo igual ao que tiña permanecido suspendido.

### **CLÁUSULA 27.- EXECUCIÓN DO CONTRATO**

1.- O contratista cumprirá o contrato de acordo cos principios de dilixencia e boa fe. A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, no entanto o establecido no artigo 239 da LCSP, para os supostos de forza maior. Será responsable dos defectos que poidan advertirse na construción durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía.

2.- As obras executaranse con estrita suxeición ás prescricións estipuladas no contrato e de acordo co proxecto aprobado polo órgano de contratación, que serven de base ao mesmo, e conforme ás instrucións que en interpretación deste, lle dea o director facultativo das obras ao adxudicatario.

#### **3.- Normas sobre o desenvolvemento e execución das obras:**

##### **a) Obrigas do contratista:**

1. Executar as obras incluídas no proxecto e con suxeición ao programa de traballo aprobado polo órgano de contratación.
2. Solicitar e obter cantos permisos, autorizacións e licenzas, así como presentar cantas comunicacións sexan precisas para a execución das obras e para o funcionamento posterior das instalacións, baixo a súa exclusiva responsabilidade e sendo do seu cargo todos os gastos que se orixinen por este concepto.
3. Cumprir estrictamente coa normativa sectorial de aplicación en relación ao obxecto do proxecto.
4. Deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

5. Está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de seguridade e saúde no traballo e de residuos, que terá en conta ao elaborar a súa proposición; así como das que se promulguen durante a execución das obras. En particular, deberá observar as prescricións contidas na Guía de coordinación de actividades do Concello de Vigo (BOP de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011).
6. Aboar os gastos que se deriven da elaboración e execución dos plans de seguridade e saúde, de xestión de residuos e de control de calidade.
7. Aboar as indemnizacións que procedan por ocupacións temporais e permisos que precise como consecuencia das obras.
8. Responderá da vixilancia dos terreos ou edificios nos que teña que executarse a obra así como dos bens que se localicen neles e os da propia obra, debendo poñer os medios precisos para evitar calquera dano ou subtracción, do que será responsable.
9. Colocar, ao seu cargo, carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións do director facultativo das obras.
10. Realizar, á súa custa, se así o solicita o director facultativo, unha reportaxe fotográfica mensual sobre as mesmas, así como cantas fotografías lle puideran ser esixidas durante a execución daquelas.
11. A legalización de todas e cada unha das instalacións incluídas no proxecto ou aquelas que, non estando contempladas na súa totalidade, se vexan afectadas directa ou indirectamente pola súa execución, sempre que a correspondente normativa determine a necesidade de regularizar a súa situación.
12. O cumprimento de todas as disposicións técnicas vixentes en relación coa actividade desenvolvida. Para utilizar materiais, subministracións, procedementos e equipos na execución do obxecto do contrato deberá obter as cesións, permisos e autorizacións precisas dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes; correndo da súa conta o pagamento dos dereitos e indemnizacións por tales conceptos, sendo responsable por todos os danos e perdas que para o mesmo poidan derivarse da interposición de calquera tipo de reclamacións derivadas da súa actuación.
13. Responder da calidade dos materiais empregados, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións realizadas; así como das consecuencias que lle sexan atribuíbles que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros ou, en xeral, incorrecta execución do contrato.
14. Previamente á aprobación da acta de recepción deberá entregar ao director facultativo un documento final de obra, que recolla como mínimo: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfica, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ao control de calidade, planos finais de obra de todas as actuacións levadas a cabo e orzamento final de obra comparado co orzamento do proxecto aprobado e informe técnico de referencia das actuacións vinculadas na execución da obra encamiñadas a acadar os obxectivos específicos establecidos no marco da Axenda Urbana Española.



## Concello de Vigo

15. Conservar as obras ata a súa recepción.
16. Indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros ou á Administración como consecuencia das operacións que requira a execución das obras, de acordo co disposto no artigo 214 do LCSP.

### **b) Obrigas de carácter esencial:**

Terán a consideración de obrigas de carácter esencial, cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato, as seguintes:

- A obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato.
- Nos contratos nos que se opere a cesión de datos, a obriga do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.
- O cumprimento das prestacións esenciais obxecto do contrato.

### **c) Técnico facultativo da empresa:**

O adxudicatario quedará obrigado a comunicar ao Concello, con carácter previo á comprobación do replanteo, o nome do técnico facultativo que ostentará a dirección de obra, sendo a cargo do adxudicatario cantos gastos ocasione esta designación e intervención facultativa.

### **d) Comprobación do replanteo:**

O servizo xestor, dentro do prazo máximo dun mes ou inferior que se consigne no contrato desde a data da súa formalización, procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ambas as dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar ao órgano de contratación.

Se o contratista non procede dentro dos prazos indicados a realizar a comprobación do replanteo, sen causa xustificada, considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias previstas no artigo 245 da LCSP.

Cando o resultado da comprobación do replanteo acredite a posesión e disposición real dos terreos e a idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do director facultativo da obra, e non existise reserva por parte do contratista, darase por este a autorización para iniciais, facéndose constar este punto explicitamente no acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila. O prazo de execución das obras comezará a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta, agás que nela se formularsen reservas ou que nesa data non estivesen aprobados o proxecto, o programa de traballo, o plan de seguridade e saúde ou o de xestión de residuos, suposto no que se suspenderá automaticamente o inicio das obras conforme ao previsto no artigo 139.4 RXLCAP. Neste caso, o prazo de execución comezará ao día seguinte da notificación da aprobación do último destes documentos polo órgano de contratación, que deberá acordar expresamente a autorización do inicio da execución das obras.

#### **e) Programa de traballo, plan de seguridade e saúde e plan de xestión de residuos:**

O contratista deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 20 días contados desde a formalización do contrato, o programa de traballo, o plan de seguridade e saúde e o de xestión de residuos.

O programa de traballo, que deberá abarcar os aspectos que se indican no artigo 144 do RXLCAP, non poderá introducir ningunha modificación das condicións contractuais, aínda que poderá propor redución no prazo total e modificacións nos prazos parciais de execución da obra, sempre que as dispoñibilidades de crédito do Concello permitan efectuar os reaxustes de anualidades que se puidesen derivar de tales modificacións e sen que, en ningún caso, poida supor incremento do prezo total do contrato. O órgano de contratación resolverá dentro dos 10 días seguintes á presentación do programa de traballo, podendo introducir na resolución aprobatoria, modificacións ou determinadas prescricións, sempre que non contraveñan as cláusulas do contrato. Unha vez aprobado o programa de traballo incorporárase ao contrato, practicándose, no seu caso, o correspondente reaxuste de anualidades.

O plan de seguridade e saúde, será elaborado polo contratista, de acordo co disposto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e aprobado polo órgano de contratación no prazo dos dez días seguintes á súa presentación, previo informe favorable do director facultativo da obra ou do coordinador de seguridade e saúde, no seu caso.

O plan de xestión de residuos será elaborado polo contratista consonte a disposto no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición. O director facultativo da obra deberá aprobalo no prazo dos dez días seguintes á súa presentación e dar conta da mesma ao órgano de contratación para a súa aceptación.

Se o director facultativo, ou o coordinador de seguridade e saúde no caso do plan de seguridade e saúde, observase deficiencias nalgún destes documentos, notificará esta circunstancia ao contratista, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para a súa emenda.

#### **f) Control de calidade:**

O contratista deberá achegar, no prazo de 20 días contados desde a formalización do contrato, o desenvolvemento do control de calidade e unidades de obra durante a execución desta en relación aos ensaios técnicos específicos sobre a execución da obra.

O director facultativo da obra exercerá no ámbito das súas responsabilidades, as funcións de revisión e supervisión do plan proposto, e propoñerá ao órgano de contratación a súa aprobación no prazo dos dez días seguintes á súa presentación. Se observase deficiencias nel comunicarallo ao responsable do contrato, que notificará esta circunstancia ao contratista, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para a súa emenda.

O Concello poderá realizar os controis e análises de calidade dos materiais, as unidades de obra ou da totalidade da obra, a través de organismos oficiais, empresas especializa-





## Concello de Vigo

das ou técnicos independentes que estime necesarios para asegurar que a obra e os materiais empregados responden á calidade proxectada.

### **g) Comunicación á autoridade laboral do inicio das obras e da apertura de centro de traballo:**

O contratista deberá efectuar o correspondente aviso á autoridade laboral competente previo ao comezo das obras. A comunicación de apertura incluírá o plan de seguridade e saúde.

### **h) Facultades de dirección e inspección da Administración:**

A Administración goza das máis amplas facultades de comprobación e inspección das obras. A inspección poderá ter por obxecto comprobar as condicións técnicas de execución das obras, os requisitos para concorrer á súa adxudicación, as obrigas asumidas polo contratista en canto á súa execución ou a xustificación dos aboamentos a conta percibidos ou propostos polo contratista. No exercicio desta potestade, a Administración poderá solicitar do contratista calquera documentación e información que estime oportuna; establecer os sistemas de control de calidade a empregar e ditar as ordes e instrucións oportunas para o estrito cumprimento do convido.

O contratista, pola súa parte, poderá requirir a identificación documental dos técnicos municipais encargados de exercer esta facultade de inspección e a entrega das instrucións do órgano de contratación por escrito.

Sen prexuízo dos ensaios previstos no prego de prescricións técnicas, nos que se estará ao contido do mesmo, o director facultativo poderá ordenar que se realicen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra, e que se soliciten os informes específicos que en cada caso resulten pertinentes. Os gastos que se orixinen serán de conta do contratista, agás que os asuma a Administración facéndoo constar no apartado 7.H das FEC.

### **i) Medicións:**

A dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o mes anterior. O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras, ou parte delas, cuxas dimensións e características teñan que quedar ocultas, o contratista está obrigado a avisar fidedignamente ao director facultativo coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e tomas de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, este queda obrigado a aceptar as decisións da Administración sobre o particular.

### **j) Relacións valoradas:**

O director facultativo, tomando como base as medicións das unidades de obra executadas ás que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

#### **k) Incidencias:**

Cantas incidencias poidan xurdir entre o Concello e o contratista serán tramitadas e resoltas polo primeiro o máis axiña posible, de conformidade co procedemento de resolución de incidencias previsto no artigo 97 do RXLCAP, adoptando as medidas precisas para evitar que o ritmo de execución dos traballos poida verse afectado.

O Concello poderá levar un “libro de incidencias”, cando así o considere conveniente o responsable do contrato, no que este realizará as anotacións que considere preciso reflectir en orde ao cumprimento do contrato. Neste caso, o contratista estará obrigado a dar á Dirección Facultativa e a dito responsable as facilidades necesarias para a recollida de datos de toda clase.

#### **l) Certificacións:**

As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e serán tramitadas polo responsable do contrato nos dez días seguintes á finalización do período ao que correspondan, previa audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais, as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poidan reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

#### **m) Sinalización das obras:**

O contratista está obrigado a instalar á súa custa os sinais precisos, de conformidade coa normativa vixente segundo a natureza das obras, para indicar o acceso a estas, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debido á marcha daqueles, tanto na devandita zona como nos seus lindes e inmediacións, así como a cumprir as ordes que reciba por escrito da dirección facultativa da obra sobre a instalación de sinais complementarios ou modificación dos xa instalados. Así mesmo, deberá balizar a obra de forma que garanta a inaccesibilidade de vehículos e persoas alleas.

#### **n) Oficina de obra:**

O contratista habilitará na obra unha oficina na que existirá unha mesa ou taboleiro adecuado, no que poidan estenderse e consultarse os planos. Na devandita oficina o contratista terá sempre a disposición da dirección facultativa a seguinte documentación:

- Proxecto de execución completo, incluídos os proxectos modificados e/ou complementarios
- Libro de ordes



## Concello de Vigo

- Plan de seguridade e saúde
- Libro de incidencias
- Libro de subcontratación
- Libro de incidencias de seguridade e saúde
- Plan de xestión de residuos e/ou contrato con xestor de residuos autorizado
- Plan de calidade

### **ñ) Libro de ordes:**

O “libro de ordes” será dilixenciado previamente polo servizo ao que estea adscrita a obra. Abrirase na data de comprobación do replanteo e pecharase na da recepción definitiva.

Durante o dito lapso de tempo estará á disposición da dirección facultativa que, cando proceda, anotará as ordes, instrucións e comunicacións que estime oportunas, ordenándoas coa súa sinatura.

O contratista tamén estará obrigado a transcribir no dito libro, por medio do seu delegado ou xefe de obra, cantas ordes ou instrucións reciba por escrito da dirección, e a asinar, para os efectos procedentes, o oportuno aviso de recibo, sen prexuízo da necesidade dunha posterior autorización de tales transcrisións pola dirección, coa súa sinatura, no libro indicado.

Efectuada a recepción definitiva, o “libro de ordes” pasará a poder do Concello de Vigo, se ben poderá ser consultado en todo momento polo contratista.

### **o) Almacéns e depósitos:**

O contratista deberá realizar pola súa conta as instalacións que puidera necesitar para asegurar a conservación de materiais, evitando a súa desaparición destrución ou deterioro, previa autorización da dirección facultativa. Igualmente, no caso de destinar para eses fins algunha zona da obra sen instalacións específicas para iso.

### **p) Despexe final das obras:**

As zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, restituíranse á súa situación inicial antes da súa recepción.

### **q) Cesión de dereitos de propiedade intelectual e industrial**

Neste contrato e pola súa natureza non se prevé a cesión de dereitos de propiedade intelectual e industrial.

## **4.- Suspensión da execución**

O órgano de contratación poderá acordar a suspensión da execución nos seguintes supostos:

- a) Cando circunstancias sobrevidas o aconsellen e así o decidan de mutuo acordo ambas as dúas partes.
- b) A instancia do contratista, cando o Concello se demore no pagamento do prezo máis de catro meses, conforme ao disposto no artigo 198.5 da LCSP.
- c) Por razóns de interese público.

Nos dos últimos supostos o Concello deberá abonar ao contratista os danos e prexuízos que efectivamente se lle teñan causado por mor da suspensión.

## **5.- Indemnización de danos e prexuízos a terceiros**

Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato de acordo co disposto no artigo 196 da LCSP.

No caso de que se reclame a responsabilidade patrimonial á Administración por danos causados polo adxudicatario na execución do contrato, e no procedemento seguido para o efecto se determinase a existencia de responsabilidade patrimonial do contratista, a Administración, ordenará a aquel o abono da indemnización ao prexudicado e indicarlle un prazo para iso.

En caso de incumprimento da resolución polo contratista, as cantidades determinadas pola Administración no procedemento terán a consideración de crédito de dereito público, para os efectos da súa recadación polo órgano competente da Administración. As cantidades recadadas serán obxecto de entrega ao prexudicado.

## **CLÁUSULA 28.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN**

1.- Consideraranse condicións especiais de execución:

- a) A obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato.  
Ao obxecto de poder comprobar o seu cumprimento, o contratista remitirá mensualmente coa factura os seguintes documentos:
  - Declaración responsable de estar ao corrente de pagamento nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito da factura presentada.

A administración resérvase o dereito de requirirlle documentación probatoria destes pagamentos sempre que o estime oportuno.

- b) Nos contratos cuxa execución implique a cesión de datos, a obriga do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos. Esta obriga terá a consideración de obriga de carácter esencial.
- c) As seguintes condicións especiais de execución de carácter medioambiental, tendentes á redución e minoración dos posibles prexuízos de carácter medio ambiental xerados pola



## Concello de Vigo

obra, e encamiñadas a acadar os obxectivos específicos establecidos no marco da Axenda Urbana Española:

- A redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, contribuíndose así a dar cumprimento ao obxectivo que establece o artigo 88 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.
- O mantemento ou mellora dos valores ambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato. Unha xestión máis sustentable da auga.
- O fomento do uso das enerxías renovables.
- A promoción da reciclaxe de produtos e o uso de envases reutilizables.
- O impulso da entrega de produtos a granel e a produción ecolóxica.

2.- No apartado 7.A das FEC deste prego poderán esixirse outras **condicións especiais de execución**:

**A.- De tipo social ou relativas ao emprego** tales como:

1º.- A inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para acceder ao emprego.

A empresa adxudicataria ten a obriga de incorporar para a execución do contrato, cando menos un 20 por cento de persoas nas que concorran as citadas circunstancias. A porcentaxe de inserción computarase en relación co número total de horas que vaian destinarse á execución do contrato polos traballadores, tanto pola empresa contratista adxudicataria como, no seu caso, polos subcontratistas. Cando no contrato estea prevista a adxudicación por lotes, o contratista que resultase adxudicatario de dous ou máis lotes poderá decidir a forma de cumprimento do compromiso de contratación, e facelo ben de forma proporcional en cada un dos lotes ou mediante a súa aplicación a algún ou algúns dos lotes, debendo comunicar esta circunstancia ó responsable do contrato. Subsidiariamente, a empresa adxudicataria poderá acreditar o seu cumprimento mediante o compromiso de subcontratación cunha Empresa de Inserción ou un Centro Especial de Emprego, por idéntica porcentaxe respecto ao orzamento de adxudicación do contrato.

Consideraranse en especial dificultade para acceder ao emprego as seguintes persoas:

- a) As persoas perceptoras de renda de inclusión social, ou prestación de igual natureza. A condición de beneficiario acreditarase por certificado dos servizos sociais correspondentes.
- b) As persoas con discapacidade, con minusvalía recoñecida igual ou superior ao 33%. Acreditarase con certificado expedir polo organismo oficial competente.
- c) As persoas desempregadas de longa duración inscritas como demandantes de emprego durante cando menos 12 meses e de forma continuada. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- d) As persoas maiores de 50 anos inscritas como paradas cando menos durante 3 meses continuados e, en particular, aquelas que non teñan cotizado o período esixido para xerar dereito á pensión de xubilación. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- e) As mulleres maiores de 30 anos que accedan por primeira vez ao emprego. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.

- f) Os xoves de entre 18 e 30 anos de idade inscritos como parados durante un mínimo de 6 meses de forma continuada. Acreditarase con certificado do correspondente servizo público de emprego.
- g) Os proxenitores de familias monoparentais inscritos como parados un mínimo de 3 meses de forma continuada e con descendentes ao seu cargo sen actividade retribuída. Acreditarase co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente servizo público de emprego.
- h) As persoas pertencentes a familias numerosas inscritas como paradas un mínimo de 3 meses de forma continuada con máis de tres membros dependentes. Acreditarase co libro de familia, declaración xurada, así como certificado do correspondente servizo público de emprego ou social.

A empresa adxudicataria comunicará os datos relativos ás persoas seleccionadas, e presentará os contratos de traballo e a copia do alta na Seguridade Social no prazo dun mes desde que se realicen as contratacións do persoal establecidas nesta condición de execución.

Mentres dure a prestación do contrato, a empresa adxudicataria deberá presentar os TC1 e TC2 e o libro de matrícula da empresa con carácter mensual, para que o responsable do contrato poida comprobar o efectivo cumprimento desta condición.

2º.- A empresa adxudicataria establecerá medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato, conforme ao establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3º.- Se para a execución do contrato se utilizasen produtos susceptibles de ser fabricados en países en vías de desenvolvemento, o contratista deberá acreditar o respecto dos dereitos laborais básicos ao longo de toda a cadea de produción.

A empresa licitadora poderá acreditar estas circunstancias por algún dos seguintes medios:

- Certificado de código de conduta (SA 8000 / Fair Wear Foundation, Made in Green, ou equivalente).
- Certificación de auditoría social realizada por empresas externas.
- Mediante declaración responsable na que se manifeste o cumprimento dos estándares fixados na Resolución 2005/2245 (IMI) do Parlamento Europeo sobre comercio xusto e desenvolvemento.

**B.- De carácter medioambiental** tales como:

- a) A redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEIs) tales como o CO<sub>2</sub>, HFC, PFC e SF<sub>6</sub>.
- b) A redución de emisións contaminantes tales como as partículas (PM10, PM 2,5), os disolventes (COV) e óxidos de nitróxeno.
- c) A eficiencia enerxética e utilización de fontes de enerxía renovables.
- d) A minimización de vertido á auga das sustancias priorizadas pola Directiva Marco do Auga (2000/60/CE).
- e) A eliminación ou redución da utilización de produtos ou sustancias perigosas carcinoxénicas, mutaxénicas e tóxicas para a reprodución (CMR) e, en especial, as sustancias con risco R 50/53.
- f) A minimización do consumo de recursos naturais como materias primas, combustibles e auga.



## Concello de Vigo

- g) A mínima xeración de residuos perigosos e non perigosos así como a súa reutilización ou reciclaxe.
- h) A incorporación de materiais reciclados ao produto final.
- i) Cumprimento dalgunhas etiquetas ecolóxicas, norma UNE 150301 de codiseño e outros distintivos de calidade do produto ou servizo.
- j) Reutilización e/ou reciclado de envases e produtos usados e a súa correcta eliminación a través de xestor autorizado.
- k) Recollida selectiva dos residuos, mantendo as diferentes fraccións separadas para a súa correcta xestión.
- l) Formación en materia medioambiental do persoal destinado á execución do contrato (xestión de residuos, de produtos, redución de consumos de enerxía e auga ou outros aspectos derivados das condicións ambientais establecidas no contrato).
- m) Elaboración de instrucións de traballo que conteñan principalmente información ambiental, de saúde laboral e de seguridade e que estean accesibles nos postos de traballo.

3.- O cumprimento destas condicións especiais de execución poderá verificarse en calquera momento polo responsable do contrato, solicitando ao contratista a documentación que estime pertinente. En todo caso, comprobarase esta circunstancia ao tempo da finalización do contrato. Para estes efectos, en todos os contratos, coa última factura, o contratista presentará unha memoria xustificativa deste cumprimento.

4.- O incumprimento polo contratista das condicións especiais de execución do contrato poderá motivar a imposición de penalidades nos termos previstos neste prego e na lexislación vixente na materia.

5.- Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen da súa execución.

6.- Poderanse establecer no apartado 7.A da FEC outras condicións especiais de execución ou excluír a aplicación dalgunha das previstas no apartado 2 desta cláusula.

### **CLÁUSULA 29.- PERSOAL DO CONTRATISTA**

1.- A empresa contratista disporá en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución das obras ao seu cargo, nos termos contractuais e os legalmente establecidos e coa máxima calidade esixible. Particularmente, garantirá:

- a) A cobertura en todo momento dos postos de traballo e as súas correspondentes funcións ofertadas na súa proposición.
- b) A categoría, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal que teña asignado ao contrato. A incapacidade demostrada dalgún empregado poderá xustificar a súa substitución ordenada polo órgano de contratación a través do responsable do contrato.

2.- O persoal asignado ao contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, que terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador, sendo a Administración contratante de todo allea a dita relación laboral. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún por dito persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o contratista e os seus empregados, aínda no suposto de que os despidos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

3.- O adxudicatario comprométese a retribuír adecuadamente ao persoal destinado á obra con cargo ao prezo da adxudicación do contrato un salario igual ou superior ao fixado no convenio colectivo que resulte de aplicación ao sector. O adxudicatario asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole; de xeito que, en ningún caso, poderá repercutir ditas modificacións sobre o prezo do contrato.

4.- O contratista queda obrigado, respecto ao persoal asignado ao contrato, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atopen vixentes en cada momento.

5.- En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o contratista, con exclusión da Administración, será o único responsable das consecuencias que se deriven ao abeiro da lexislación vixente.

6.- Será obriga do contratista facilitar aos seus traballadores a roupa de traballo e elementos de protección adecuados en cada caso. Este persoal deberá dispor dalgún elemento distintivo que acredite a súa relación coa empresa contratista.

7.- Unha vez adxudicado o contrato, e en todo caso previamente ao inicio da súa execución, o contratista comunicará ao Concello de Vigo a relación de persoal que adscriba ao contrato, con indicación do nome, categoría, antigüidade e demais datos necesarios. Así mesmo, se durante a execución do contrato se desenvolven actividades que impliquen contacto con menores, o contratista deberá achegar a certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais relativa aos seus traballadores.

Durante a execución do contrato, comunicará calquera variación que poida producirse con relación ao persoal.

8.- Antes do inicio dos traballos o contratista terá que acreditar por escrito ante o servizo xestor do expediente as seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real decreto 171/2004 de coordinación de actividades empresariais:

- a) Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- b) Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

9.- O contratista designará un delegado que será o único interlocutor entre a empresa e o Concello e velará pola correcta execución das prestacións obxecto do contrato, e a través do cal se canalizarán as posibles incidencias que xurdan na execución do contrato. Agás casos excepcionais debidamente xustificados, o responsable municipal do contrato unicamente manterá relación por razón da súa execución co delegado da empresa, sen prexuízo da debida relación de cordialidade e colaboración co resto do persoal do adxudicatario no desenvolvemento do seu traballo.

10.- O contratista estará obrigado a presentar mensualmente coa presentación de cada certificación unha declaración responsable de estar ao corrente de pagamento de todas as súas obrigas





## Concello de Vigo

salariais cos traballadores/as propios destinados á execución dos traballos obxecto do contrato e de acordo cos seus contratos e os convenios colectivos de aplicación, agás dos que se atopen suspendidos pola xurisdición laboral competente.

11.- O contratista estará obrigado a entregar ao responsable do contrato cando llo solicite, os documentos acreditativos de ter satisfeito as cotas á Seguridade Social do persoal adscrito á execución das obras. Complementariamente cada tres meses ou coa certificación final para as obras de menor duración deberá actualizar a documentación acreditativa de estar o corrente coa Seguridade Social.

### **CLÁUSULA 30.- CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

1.- O adxudicatario deberá respectar nas súas actuacións o Regulamento (UE) 2016/679 Europeo de Protección de Datos, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD), o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, no que non se opoña a lei e o regulamento europeo.

2.- O acceso aos datos de carácter persoal, necesarios para a prestación do servizo, non se considerará comunicación de datos.

3.- O adxudicatario terá a consideración de encargado do tratamento (artigo 28 da LOPDGDD), obrigándose especialmente a:

- a) Circunscribir o tratamento de datos de carácter persoal exclusivamente ás actuacións necesarias para satisfacer o obxecto do contrato e as necesidades administrativas. Queda prohibido utilizar a información á que se teña acceso para finalidades diferentes, así como a revelación ou comunicación de datos a terceiros, nin sequera para a súa conservación; respondendo persoalmente, en caso contrario, das infraccións en que tivera incorrido (artigo 12.4 da LOPD), quedando exonerado expresamente o responsable do tratamento de calquera responsabilidade.
- b) Gardar a debida confidencialidade e segredo sobre todas as informacións, documentos e asuntos aos que teña acceso con motivo da prestación do servizo. Igualmente deberá informar aos seus empregados de que só poden tratar a información á que accedan en virtude do contrato para cumprir o servizo obxecto deste prego e tamén da obriga de non facelos públicos, ceder ou allear cantos datos coñezan.
- c) Adoptar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal aos que teña acceso en virtude deste contrato, en función do nivel de seguridade que sexa aplicable, e que eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado. O adxudicatario deberá dispoñer dun documento de seguridade actualizado, ter definido perfís de usuarios e establecido os correspondentes controis para o acceso aos datos de carácter persoal e medidas suficientes para a identificación e autenticación de ditos usuarios, así como dispoñer dos preceptivos procedementos de xestión de incidencias, xestión de soportes e documentación (incluídos criterios de arquivo, almacenamento e custodia de ficheiros non automatizados), realización de copias de respaldo, e recuperación de datos.

d) Entregar ao Concello de Vigo, unha vez finalizado o prazo de vixencia do contrato, toda a documentación, tanto en soporte material como informático, referente ás persoas usuarias do servizo que se atopen no seu poder como consecuencia deste contrato, así como garantir o borrado de todos os ficheiros que poidan existir nos seus equipos informáticos con datos relativos ás mesmas persoas, agás no caso de que exista a obriga do encargado de conservar os datos para atender posibles responsabilidades legais, en cuxo caso, poderá mantelos bloqueados exclusivamente coa indicada finalidade.

4.- Se un terceiro trata datos persoais en nome do contratista encargado do tratamento, debe cumprir os seguintes requisitos:

- a) Dito tratamento deberá especificarse no contrato asinado polo terceiro e o contratista.
- b) Que o tratamento de datos persoais estea de acordo coas instrucións do responsable do tratamento.
- c) Que o contratista encargado do tratamento e o terceiro formalicen un contrato nos termos previstos na LOPDGDD.

Nestes casos, o terceiro tamén será considerado encargado do tratamento.

5.- O contratista ten a obriga comunicar calquera cambio que se produza ao longo da vida do contrato na información contida na declaración relativa á ubicación dos servidores e localización do lugar de prestación dos servizos asociados aos mesmos.

6.- Neste contrato non se prevé a cesión de datos ao adxudicatario.

### **CLÁUSULA 31.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO**

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos seus e a satisfacción da Administración, a totalidade das obras proxectadas.

#### **a) Obras ou instalacións defectuosas ou mal executadas**

Cando as obras ou instalacións sexan defectuosas ou estean mal executadas incumprindo as especificacións dos pregos pero sen comprometer a funcionalidade, durabilidade ou a capacidade total da obra ou instalación a Administración poderá recibilas aplicando unha penalización no prezo a boar ao contratista do 20% do valor da obra ou instalación defectuosa ou mal executada, agás que o contratista prefira demoler ou substituír as obras ou instalacións defectuosas ou mal executadas á súa custa.

Nos demais casos de obras ou instalacións defectuosas ou mal executadas o contratista deberá corrixilas ou substituílas á súa custa e sen que esta circunstancia poida supoñer unha ampliación do prazo do contrato.



## Concello de Vigo

### **b) Recepción das obras**

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles se a duración do contrato é superior a un ano e de 30 días hábiles se a súa duración é inferior. O director facultativo, en caso de conformidade, elevaraa co seu informe ao órgano de contratación no prazo de 15 días hábiles.

A recepción realizarase no prazo dun mes contado desde a terminación das obras. Para estes efectos concorrerá un facultativo designado pola Administración representante desta, o director das obras, e o contratista asistido, se o estima conveniente, do seu facultativo.

O órgano interventor asistirá á recepción material de todas as obras. Para estes efectos os servizos xestores deberán comunicarlle á Intervención xeral, a data e lugar do acto, cunha antelación de 20 días.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, entregándose un exemplar orixinal a cada un deles.

Se as obras se atopan en bo estado e conforme coas prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola administración contratante e representante desta ou quen o substitúa daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando a contar o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas, farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e impartirá as instrucións precisas, fixando o prazo para emendalas. Se transcorrido o devandito prazo, o contratista non o efectuara, poderá concederlle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato, impoñéndose as penalidades previstas neste prego.

Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes de obra susceptibles de ser executadas por fases que poidan ser entregadas ao uso público. A estes efectos indicaranse no apartado 7.F da FEC as partes da obra susceptibles de recepción parcial.

### **c) Certificación final**

O órgano de contratación, dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato, que se realizará unha vez rematado o prazo de garantía.

## **CLÁUSULA 32.- RÉXIME DE PAGAMENTOS**

1.- Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, expedidas polo director facultativo da obra. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, conforme ao previsto nos artigos 198.2 e 240 da LCSP.

2.- Na factura deberán constar os seguintes extremos:

- A identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública: servizo de contabilidade/fiscalización.

- A identificación do órgano de contratación: Xunta de Goberno local do Concello de Vigo.
- A identificación do destinatario: o servizo xestor do contrato mencionado na cláusula 1 deste PCAP.

3.- As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que se atopa adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- Unidade tramitadora: GE0000611 Vías e Obras
- Oficina contable: GE0000575 Servizos Económicos/ Intervención
- Órgano xestor: L01360577 Concello de Vigo

4.- As certificacións mensuais terán o carácter de pagamentos a conta, estarán suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e non suporán aprobación e recepción das obras que comprendan.

5.- A Administración terá obriga de aboar o prezo das correspondentes certificacións que acrediten a realización parcial ou total das obras no prazo fixado na lexislación vixente.

### **CLÁUSULA 33.- REVISIÓN DE PREZOS**

1.- Os prezos desta contratación no poderán ser obxecto de revisión, agás que se determine a súa procedencia no apartado 3.K da FEC conforme á fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado.

2.- O importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagamentos parciais para cuxo efecto se tramitará ao comezo do exercicio económico do oportuno expediente de gasto para a súa cobertura. Os posibles desaxustes que se produzan respecto do expediente de gasto aprobado no exercicio poderanse facer efectivos na certificación final ou na liquidación do contrato.

3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de contratación.

### **CLÁUSULA 34.- PRAZO DE GARANTÍA**

1.- O prazo de garantía das obras será de 5 anos ou, no seu caso, o que resulte da proposición presentada polo adxudicatario, pola tipoloxía de obra e de uso do construído. O seu cómputo comezará a partir da data de recepción.

2.- Os gastos de conservación e vixilancia durante o prazo de garantía serán a cargo do contratista, sempre que sexan imputables a defectos que poden advertirse na construción.



## Concello de Vigo

3.- Durante o devandito prazo coidará o contratista, en todo caso, da conservación e policía das obras conforme ao previsto no PPTP e ás instrucións que dite a dirección das obras. Se, a xuízo do Concello de Vigo, se descoidase a conservación, executaranse por ela mesma e a conta do contratista os traballos necesarios.

4.- Dentro do prazo de 15 días anteriores ao seu cumprimento o director facultativo das obras, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras para os efectos previstos no artigo 243.3 da LCSP.

5.- Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de defectos na construción das obras, o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a súa emenda.

6.- Rematado o prazo de garantía sen que a Administración formalice reparo ou denuncia procederase á cancelación da fianza presentada e o contratista quedará exento de responsabilidade salvo o previsto na cláusula seguinte.

### **CLÁUSULA 35.- RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS**

1.- Se a obra se arruína ou sofre deterioracións graves incompatibles coa súa función con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se produzan ou se manifesten durante un prazo de quince anos a contar dende a recepción.

2.- Así mesmo, o contratista responderá durante dito prazo dos danos materiais causados na obra por vicios ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade da construción, contados dende a data de recepción da obra sen reservas ou dende a emenda destas.

3.- As accións para esixir a responsabilidade por danos materiais dimanantes dos vicios ou defectos, prescribirán no prazo de dous anos a contar dende que se produzan ou se manifeste ditos danos, sen prexuízo das accións que poidan subsistir para esixir responsabilidades por incumprimento contractual.

4.- Transcorrido o prazo de quince anos, sen que se manifestara ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida calquera responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 244 da LCSP.

### **CLÁUSULA 36.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

1.- O Órgano de Contratación só poderá modificar o contrato no caso de que así se teña especificado no apartado 6.A das FEC, de conformidade co disposto no artigo 204 da LCSP ou sobreveña algunha das circunstancias especificadas no artigo 205 da LCSP, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación, consonte ao procedemento previsto no artigo 207 da LCSP. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 191, 203, 206, 207 e 242 da LCSP.

2.- O contrato poderá modificarse co obxectivo de dar cumprimento aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira recollidos nos artigos 3 e 4 da Lei Orgánica

2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cando conorra algunha das seguintes causas:

- Unha diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións orzamentarias.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financia o contrato para atender servizos públicos de carácter social ou asistencial.
- Se trate de medidas derivadas dun plan de axuste.

Estas modificacións poderán consistir en:

- Redución das prestacións obxecto do contrato, ata o 50% do prezo do contrato.
- Ampliación do prazo de execución do contrato, ata o 50 % do prazo inicial do contrato.

3.- As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión -en máis ou en menos- sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo aos importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación. Así mesmo, deberán reaxustarse as garantías definitivas.

4.- En ningún caso poderán as modificacións supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

5.- Cando a modificación contemple unidades de obra que teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas, antes de efectuar a súa medición parcial, deberá comunicarse á Intervención municipal, cunha antelación mínima de 5 días, para que, se o considera oportuno, poida acudir a dito acto, na súa función de comprobación material do investimento.

6.- Na elaboración do proxecto de obras modificado e para aquelas unidades de obra non previstas no orzamento do proxecto, terase en conta o cadro de prezos unitarios previsto no Anexo V. Ditos prezos unitarios son prezos de execución material polo que inclúen custos directos e indirectos. Non inclúen nin gastos xerais (13%) nin beneficio industrial (6%). Tampouco inclúen IVE/IVE en vigor. A dito cadro prezos unitarios seralle de aplicación a baixa económica ofertada polo adxudicatario.

### **CLÁUSULA 37.- INCUMPRIMENTOS CONTRACTUAIS**

1.- Considerarase incumprimento contractual calquera acción ou omisión por parte do concesionario que supoña a vulneración das obrigacións establecidas neste prego, e nas demais normas de xeral aplicación, por causas que lle resultan imputables.

2.- Os incumprimentos contractuais clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ao maior ou menor prexuízo que se cause á Administración ou aos usuarios.

3.- Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgún dos incumprimentos contractuais previstos a continuación:

- a) Incumprimento das condicións especiais de execución**
- b) Incumprimento de criterios de adxudicación.** Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da



## Concello de Vigo

puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada.

- c) **Mora no cumprimento do prazo total ou dos prazos parciais.**
- d) **Cumprimento defectuoso ou incumprimento das prestacións obxecto do contrato.** Nos apartados 5, 6 e 7 desta cláusula relaciónanse algúns supostos de cumprimentos defectuosos. Estas enumeracións non teñen carácter exhaustivo, e poden presentarse outros supostos non previstos.

4.- Para determinar a gravidade dos incumprimentos contractuais atenderase aos seguintes **criterios de gradación:**

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ao seu valor económico.
- c) A reincidencia, por ter incorrido no termo dun ano en máis dun incumprimento contractual polo que se lle impuxese unha penalidade polo órgano de contratación.
- d) Proceder voluntariamente, antes da imposición dunha penalidade polo órgano de contratación, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e a reparación do dano causado.

5.- Terán a consideración de **supostos de cumprimento defectuoso MOI GRAVES:**

- a) A execución manifestamente irregular do contrato.
- b) A cesión en todo ou en parte do contrato baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do órgano de contratación, sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.
- c) A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes aos previstos nos pregos e na proposición do contratista.
- d) A modificación do programa de execución das obras sen previa autorización municipal.
- e) O incumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, aprobada por acordo plenario de data 29 de novembro de 2010 e publicada no BOP do 29 de marzo de 2011.
- f) O incumprimento das obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e en particular as establecidas nos convenios que se recollen no Anexo V da LCSP.
- g) O incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario na súa proposición e que tiñan sido valorados como criterios de adxudicación do contrato.
- h) A falta de renovación das pólizas de seguro obrigatorias ou a súa renovación con coberturas inferiores as esixidas.
- i) A falta de emenda ao primeiro requirimento do Concello en caso de incumprimento das condicións especiais de execución consignadas na cláusula 28 e no apartado 7.A da FEC.
- j) O incumprimento da condición especial de execución prevista na cláusula 28.1 deste prego.

- k) A comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como faltas graves neste prego nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.
- l) Os supostos de cumprimento defectuoso incluídos no apartado 7.C das FEC con esta cualificación.

6.- Terán a consideración de **supostos de cumprimento defectuoso GRAVES**:

- a) A inobservancia das prescricións do plan de seguridade e saúde ou o incumprimento de ordes que lle dea o director facultativo sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen incomodidades.
- b) O incumprimento das ordes ou instrucións referentes á execución das obras dadas director facultativo e/ou o coordinador de saúde ao adxudicatario e reflectidas no correspondente Libro de ordes, ou do prazo que para o efecto se outorgue.
- c) Calquera incumprimento en materia de actuacións medioambientais na execución da obra, de emenda de deficiencias detectadas nos controis de calidade ou de subcontratación.
- d) Calquera actuación que dificulte gravemente o control ou a inspección municipal.
- e) A suspensión das obras sen previa autorización municipal.
- f) A falta de presentación da documentación necesaria para o cumprimento das obrigas de información recollidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- g) O incumprimento das obrigas de conservación e policía durante o período de garantía.
- h) A comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como faltas leves neste prego nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.
- i) Os supostos de cumprimento defectuoso incluídos no apartado 7.C das FEC con esta cualificación.

7.- Terán a consideración de **supostos de cumprimento defectuoso LEVES**:

- a) Falta de respecto ao público, aos inspectores dos servizos técnicos municipais ou axentes da autoridade.
- b) Calquera incumprimento do contrato que non sexa reiterativo e que non estea tipificado como falta grave ou moi grave.
- c) Calquera outro suposto de cumprimento defectuoso non cualificado como grave ou moi grave neste prego.
- d) Os supostos de cumprimento defectuoso incluídos no apartado 7.C das FEC con esta cualificación.

8.- A imposición de calquera das penalidades previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario. Tamén coa indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán apreciados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente a súa contía e o prazo para satisfacelos.

## **CLÁUSULA 38.- PENALIDADES**

1.- Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en mora no cumprimento, tanto do prazo total como cos prazos parciais establecidos, para a imposición de penalidades estarase ao disposto no artigo 193 da LCSP.





## Concello de Vigo

2.- No resto dos supostos de incumprimento contractual previstos na cláusula 37.3, a contía das penalidades será:

- a) Ata un 1% do prezo do contrato sen IVE se o incumprimento ou o cumprimento defectuoso fose leve.
- b) Ata un 5% do prezo do contrato sen IVE se o incumprimento ou o cumprimento defectuoso fose grave.
- c) Ata un 10% do prezo do contrato sen IVE se o incumprimento ou o cumprimento defectuoso fose moi grave.

3.- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía definitiva, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.

4.- A imposición de calquera das penalidades previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ao contratista da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano de contratación, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

### **CLÁUSULA 39.- MULTAS COERCITIVAS**

1.- Con independencia do réxime de penalidades, a Administración poderá impoñer ao contratista multas coercitivas cando non atenda o requirimento previo que lle efectúe o responsable do contrato para o cumprimento das súas obrigas.

2.- O seu importe será o seguinte:

- a) No caso de incumprimento ou cumprimento defectuoso leve dos previstos na cláusula 37.7, multa de 1 a 300 € por día que persista o incumprimento.
- b) No caso de incumprimento ou cumprimento defectuoso grave dos previstos na cláusula 37.6, multa de 301 a 600 € por día que persista o incumprimento.
- c) No caso de incumprimento ou cumprimento defectuoso moi grave dos previstos na cláusula 37.5, multa de 601 a 1.000 € por día que persista o incumprimento.

3.- Os días comezarán a computarse dende o seguinte á recepción polo contratista da orde de cese no seu incumprimento ou cumprimento defectuoso.

4.- Para a graduación da multa teranse en conta os seguintes criterios:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ao seu valor económico.
- c) A reincidencia, por imposición no termo dun ano de máis dunha multa coercitiva.

- d) Proceder voluntariamente, antes de que recaia resolución que poña fin ao procedemento de imposición da multa, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

5.- Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía definitiva.

6.- As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas penalidades previstas na cláusula precedente deste prego.

7.- En todos os casos, o Concello, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a custa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción.

8.- O disposto nesta cláusula enténdese sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e perdas ou a resolución do contrato, así como da imposición das sancións administrativas que procedan no seu caso.

## **CLÁUSULA 40.- PROCEDIMIENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES E MULTAS COERCITIVAS**

### **I. Órgano competente**

As penalidades por incumprimento contractual, calquera que sexa a súa gravidade, imponse pola Xunta de Goberno local.

### **II. Procedemento**

As penalidades ou multas coercitivas impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, previa audiencia do contratista, por un prazo mínimo de quince días. Este acordo será inmediatamente executivo.

No suposto de incumprimentos previstos na LCSP, que poidan dar orixe á resolución do contrato, a tramitación do correspondente expediente axustarase ao disposto no artigo 213 da LCSP.

### **III. Pagamento das penalidades**

Se non fose posible aboar o importe da multa coercitiva ou a penalidade coa dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre o importe da garantía definitiva, o contratista deberá aboalas ingresando o seu importe na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o seu importe, esixirase o pagamento pola vía de constrinximento administrativo.



## Concello de Vigo

### CLÁUSULA 41.- SUBCONTRATACIÓN

1.- O contratista poderá subcontratar execución do contrato. Non se establecen tarefas críticas que non poderán ser obxecto de subcontratación.

2.- A subcontratación rexerese polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 da Lei de Contratos do Sector Público.

3.- Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 215.2 da LCSP, se produza unha falta de acreditación da aptitude do contratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, imponse ao contratista algunha das seguintes consecuencias:

- Unha penalidade de ata un 50% do importe do subcontrato, que se fará efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía definitiva, conforme ao previsto no artigo 194.2 da LCSP.
- A resolución do contrato, sempre e cando incumprise a obriga principal do contrato.

4.- O contratista, unha vez formalizado o contrato, deberá comunicar ó responsable do contrato a relación dos nomes dos subcontratistas que interveñan na execución do contrato.

### CLÁUSULA 42.- CESIÓN

1.- Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non sexan razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Sen prexuízo do establecido no apartado 2.2 desta cláusula, non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Se os licitadores que resulten adxudicatarios constituísen unha sociedade especificamente para a execución do contrato, será posible a cesión das participacións de dita sociedade; así como no suposto en que, por implicar un cambio de control sobre o contratista, esa cesión de participacións deberá ser equiparada a unha cesión contractual ós efectos da súa autorización.

2.- Deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- 1) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
- 2) Que o cedente teña executado cando menos un 20 % do importe do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce atopándose o adxudicatario en concurso aínda que se abra a fase de liquidación, ou puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal.
- 3) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ao cedente, e non estar incurso en ningunha causa de prohibición para contratar.

4) Que a cesión se formalice en escritura pública.

3.- O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente.

#### **CLÁUSULA 43.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

1.- A resolución do contrato rexeráse polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de obras nos artigos 245 e 246 da LCSP.

2.- Será causa de resolución do contrato o incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de coordinación de actividades empresariais do Concello de Vigo, aprobada por acordo plenario de data 29/11/2010 e publicada no BOP do 29/03/2011, así como o incumprimento do código ético recollido na cláusula 19.1 deste prego durante a execución do contrato.

3.- A adscrición ao contrato dos medios persoais e materiais que se detallan no apartado 5.G da FEC terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f da LCSP. No entanto, o órgano de contratación se así o estima conveniente para o interese público, poderá optar por requirirille ao contratista o cumprimento desta obriga e imporlle as penalidades previstas na cláusula 38.2a). Esta opción só poderá exercitarse unha vez.

4.- O incumprimento da condición especial de execución prevista na cláusula 28.2 deste prego terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f da LCSP, e será causa de resolución do contrato.

5.- No apartado 7.D das FEC poderán establecerse outras causas específicas de resolución do contrato.

6.- En todo caso, no suposto de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 213.3 e 213.5 da LCSP.

#### **CLÁUSULA 44.- LIQUIDACIÓN**

1.- Transcorrido o prazo de garantía, se o informe do director facultativo sobre o estado das obras fose favorable ou, en caso contrario, unha vez efectuadas as reparacións oportunas, practicarase a liquidación do contrato.

2.- Para estes efectos, o director facultativo formulará no prazo de 15 días a proposta de liquidación das obras executadas, que se notificará ao contratista, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para que preste a súa conformidade ou formule os reparos que estime oportunos.

3.- No prazo do mes seguinte á contestación do contratista, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e, no seu caso, aboar ao contratista o resultado da mesma.

4.- Na mesma resolución acordarase a devolución da garantía definitiva.



**Concello de Vigo**

#### **IV. XURISDICIÓN E RECURSOS**

##### **CLÁUSULA 45.- XURISDICIÓN**

1.- As cuestións que poidan xurdir durante o desenvolvemento do contrato relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación (artigos 190 e 191 da LCSP). Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnados ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo.

2.- O recurso contencioso-administrativo será interposto no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación. Someténdose, tanto os licitadores como posteriormente os adxudicatarios, aos xulgados desta Orde que exerzan a súa xurisdición na cidade de Vigo, con renuncia expresa a calquera outro foro ou privilexio que lles corresponda.

3.- No entanto, os interesados poderán interpor, con carácter previo, recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte á súa notificación, ou en calquera momento se a resolución é presunta, a contar neste último caso desde o día seguinte a aquel en que se produza o citado acto presunto. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución, expresa ou presunta, ao abeiro do previsto nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

##### **CLÁUSULA 46.- RECURSO DE ALZADA CONTRA OS ACORDOS DA MESA DE CONTRATACIÓN**

1.- Os actos da Mesa de Contratación, dado que non esgotan a vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada perante o órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local, conforme ao previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).

2.- O prazo para a interposición do recurso será dun mes.

3.- A Xunta de Goberno Local deberá ditar e notificar a resolución no prazo máximo de tres meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, entenderase desestimado o recurso.

4.- Contra a resolución dun recurso de alzada non caberá ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPAC.

##### **CLÁUSULA 47.- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN**

1.- Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación, os seguintes actos, sempre e cando se trate de contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros:

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a licitación.

- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos.
- Os acordos de adxudicación.
- As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP.
- A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.

2.- No apartado 1.E das FEC farase constar se o contrato obxecto deste prego está suxeito ou non a recurso especial en materia de contratación, que terá sempre carácter potestativo.

3.- A tramitación deste recurso axustarase ao disposto nos artigos 44 a 60 da LCSP.

4.- Contra a resolución do citado recurso só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo.

## ANEXO I

### FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO (FEC)

#### 1. DATOS DO EXPEDIENTE

- A) NÚMERO DE EXPEDIENTE:
- B) TRAMITACIÓN:
- C) PROCEDEMENTO:
- D) TRÁTASE DUN CONTRATO DE REGULACIÓN HARMONIZADA:
- E) TRÁTASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN:

#### 2. OBXECTO:

- A) OBXECTO DO CONTRATO:
- B) CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO:
  - CPV:
  - CATEGORÍA DA OBRA ANEXO I DA LCSP:
- C) NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACIÓN:
- D) LOTES:
  - Nº de lotes para os que un mesmo candidato ou licitador pode presentar oferta:
  - Nº de lotes que poden adxudicarse a cada licitador:
  - Criterios a aplicar para o suposto de que un licitador resulte adxudicatario de máis dun lote e estea limitado o nº dos que pode ser adxudicatario: non se fixan
  - Admítense ofertas integradoras para varios lotes: si/non



## Concello de Vigo

### 3. CONTIDO ECONÓMICO

- A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (con IVE):
- B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN:
- C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:
- D) MÉTODO DE CÁLCULO DO VALOR ESTIMADO E CONCEPTOS QUE COMPRENDE:
- E) ANUALIDADES CON IVE (se proceden):
- F) DOTACIÓN POR LOTES (os prezos indícaranse con IVE consignarase o importe correspondente):
- G) PREZOS UNITARIOS QUE REXERÁN DURANTE A EXECUCIÓN DA OBRA: serán os recollidos nos cadros de prezos do presuposto do proxecto, aos que deberá descontarse a baixa ofertada polo adxudicatario con respecto ao prezo de licitación
- H) APLICACIÓN ORZAMENTARIA:
- I) ANTICIPADO DE GASTO:
- J) FINANCIADO/COFINANCIADO POR OUTRAS INSTITUCIÓNS (en caso afirmativo, indicar cal):
- K) PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS (en caso afirmativo, determinarase índice ou fórmula de revisión):

### 4. PRAZO

- A) PRAZO TOTAL:
- B) PRAZOS PARCIAIS:
- C) DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO:

### 5. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA E PROFESIONAL

- A) PROCEDE ACREDITAR CLASIFICACIÓN, EN CASO AFIRMATIVO, INDÍCASE GRUPO/SUBGRUPO/CATEGORÍA ESIXIBLE:
- B) CLASIFICACIÓN ALTERNATIVA QUE ACREDITE A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA E PROFESIONAL: non
- C) MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA: os consignados na cláusula 8.4.4º deste PCAP
- D) MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL: os consignados na cláusula 8.4.4º deste PCAP
- E) MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA AS EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN: os consignados na cláusula 8.4.4º deste PCAP para este tipo de empresas / non procede
- F) TAREFAS OU TRABALLOS QUE DEBERÁ REALIZAR DIRECTAMENTE O LICITADOR NO CASO DE QUE INTEGRE A SÚA SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS:
- G) MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS A ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO:
- H) HABILITACIÓN PROFESIONAL:
- I) CONDICIÓNS ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE:

### 6. MODIFICACIÓN DO CONTRATO:

- A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:
- B) ASPECTOS A MODIFICAR:
- C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

D) LÍMITES DA MODIFICACIÓN:

E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:

**7. OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO:**

A) OUTRAS CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN:

B) OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO ADXUDICATARIO:

C) OUTROS SUPOSTOS DE INCUMPRIMENTO CONTRACTUAL E/OU PENALIDADES:

D) CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO:

E) ESÍXESE INFORME DE PROBAS OU UN CERTIFICADO COMO MEDIO DE PROBA DO CUMPRIMENTO DAS PRESCRICIÓNES TÉCNICAS ESIXIDAS, DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN OU DAS CONDICIÓNES DE EXECUCIÓN DO CONTRATO: (si/non)

F) RECEPCIÓN PARCIAL:

A. Posibilidade de recepción parcial:

B. Partes da obra susceptibles de recepción parcial:

G) SEGURO:

H) OBSERVACIÓNES:

**ANEXO II**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D<sup>a</sup>. ....., con DNI ..... con enderezo en .....

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa ..... constituída ..... (referencia escritura). Acreditando a súa representación a través do poder ..... (referencia escritura)

Con correo electrónico para os efectos de notificacións .....

**DECLARA baixo a súa responsabilidade:**

**a) COMPROMISO DE CUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO**

Manifesta que se compromete a cumprir co código ético regulado na cláusula 19.1 do prego que rexe esta contratación.

**b) COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN DE UTE (cubrir só en caso afirmativo)**

Que concorre a esta licitación en UTE coas seguintes mercantís: ..... De resultar adxudicatarias participarán no capital da UTE que se constitúa cada unha delas nas seguintes porcentaxes ....., nomeando como representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a súa extinción a .....





**Concello de Vigo**

**c) DECLARACIÓN RESPONSABLE DE SOMETEMENTO Á XURISDICIÓN ESPAÑOLA NO CASO DE QUE O LICITADOR SEXA ESTRANXEIRO** (cubrir só en caso afirmativo)

Que se compromete a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ..... (si/non).

**d) COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS** (cubrir só en caso afirmativo)

Se compromete a adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais esixidos no apartado 5.G do Anexo I -FEC- do PCAP (expte. Nº ..... ) ..... (si/non).

**e) GRUPO DE EMPRESAS**

A empresa á que represento (elixir opción):

- Non pertence a un grupo de empresas.
- Si pertence a un grupo de empresas pero ningunha delas concorre a esta licitación.
- Si pertence a un grupo de empresas e relaciónanse a continuación as outras empresas do grupo que participan nesta licitación: .....

**f) TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS: SUBCONTRATACIÓN SERVIDORES** (cubrir só en caso afirmativo)

**Ten a intención** de subcontratar os servidores ou os servizos asociados ós mesmos.

Debe indicarse o nome ou perfil empresarial da empresa a subcontratar, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratistas.

Así mesmo, indícarase a ubicación dos servidores e a localización do lugar de prestación dos servizos relativos aos mesmos.

### ANEXO III

#### DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO

D./D<sup>a</sup>. ....., con DNI ..... con enderezo en .....

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa ..... constituída ..... (referencia escritura). Acreditando a súa representación a través do poder ..... (referencia escritura)

#### **DECLARA baixo a súa responsabilidade:**

Que porá a disposición de ..... (nome do licitador) os seguintes medios externos ..... para integrar a súa solvencia en virtude de contrato ..... a celebrar/celebrado con ....., coas seguintes características .....

### ANEXO IV

#### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE RESULTE CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR

##### **a) NOMEAMENTO DO/A DELEGADO/A DO CONTRATO**

D./D<sup>a</sup>. ....., con DNI ..... e con enderezo en .....

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa ..... constituída ..... (referencia escritura). Acreditando a súa representación a través do poder ..... (referencia escritura)

**DESIGNA** a D./D<sup>a</sup>. ..... como delegado/a deste contrato, que será o/a único/a interlocutor/a entre a empresa e o Concello. Velará pola correcta execución das prestacións obxecto do contrato a través del canalizaranse as posibles incidencias que xurdan na execución.

##### **b) ACORDO DE CONFIDENCIALIDADE E PARA A AUTORIZACIÓN DO ACCESO Á REDE DO CONCELLO DE VIGO**

O Concello de Vigo, por medio deste documento, pon en coñecemento e informa a (Nome/Apelidos) con NIF/DNI (O DNI), administrador/a ou representante do contratista (Nome), das condicións e obrigas seguintes:



## Concello de Vigo

1. O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dera o referido carácter nos pregos, no contrato ou que pola súa natureza deba ser tratada como tal.

O deber de segredo e confidencialidade respecto de toda información reservada á que, directa ou indirectamente, o contratista acceda e/ou poida ter coñecemento ou acceso como consecuencia da realización dos traballos de (asunto), núm. Expte: (nº expte), obxecto de contratación polo Concello de Vigo, comprende tamén o acceso e utilización da rede corporativa do Concello de Vigo á cal teña acceso para o cumprimento das obrigas dimanantes do contrato administrativo formalizado, con suxeición á lexislación que resulte de aplicación.

2. Para os efectos desta cláusula, terá a consideración de **información confidencial**, toda información de carácter económico, financeiro, técnico, comercial, estratéxico, administrativo ou de outro tipo á que se teña acceso con motivo da execución do obxecto do contrato, en especial a relativa a informes, expedientes administrativos, documentación municipal, coñecementos técnicos, compoñentes software, instalacións, metodoloxías, produtos, *know how*, servizos, usuarios de servizos, boas prácticas, técnicas de *management* público, políticas públicas e documentos derivados da planificación estratéxica na xestión pública municipal .... Así como datos e información de carácter persoal, recollida en calquera soporte, tanto papel como informático, e documentación de calquera outro tipo, que teña sido clasificada como de propiedade exclusiva ou confidencial ou que, pola súa natureza ou polas circunstancias nas que se produza a revelación ou creación, debe de boa fe estimarse como tal.

3. En cumprimento co deber de segredo e confidencialidade, o contratista queda suxeito ás seguintes obrigas:

- Seguir as instrucións fixadas polo Concello de Vigo, en todo o que respecta ao tratamento da información confidencial; non a poderá utilizar e/ou tratar para fins distintos dos expresamente indicados.
- Tratar e utilizar a información confidencial que sexa necesaria para o desenvolvemento das funcións referidas aos traballos de diagnóstico previo á elaboración do obxecto do contrato inherentes a este último e que lle fosen encomendadas.
- Tratar a dita información confidencialmente. Queda expresamente prohibida calquera tipo de comunicación, cesión, transferencia, almacenamento, envío ou entrega non autorizadas expresamente, de calquera información confidencial, xa sexa a outras persoas vinculadas ao Concello de Vigo non autorizadas para acceder a dita información, xa sexa a terceiros alleos ao Concello de Vigo. Tampouco poderá gravar información confidencial en calquera soporte electrónico ou dixital, nin imprimilos ou extraelos fóra das dependencias físicas onde desenvolva as funcións profesionais e/ou de colaboración, agás que o propio desenvolvemento das ditas funcións así o esixa ou fosen expresamente autorizado para o efecto polo Concello de Vigo.
- Actuar coa maior dilixencia posible para evitar a publicación ou revelación de calquera información confidencial.
- Observar as políticas adoptadas polo Concello de Vigo respecto do arquivo, conservación custodia e destrución da información confidencial en soporte papel.
- Devolverlle ao Concello de Vigo toda información confidencial que, no momento de terminar a realización dos servizos se atope en poder da empresa, renunciando expresamente a calquera dereito de a reter ou conservar.
- Cumprir as obrigas derivadas da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, efectuando o tratamento e arquivo dos datos consonte aos protocolos e sistemas e observando as garantías establecidas na normativa indicada.

4. Cando o contratista desenvolva as funcións profesionais nas dependencias físicas de terceiras entidades, deberá observar e seguir as instrucións que, en materia de confidencialidade e segredo, foran fixadas pola entidade e das que fora informada. Na medida en que non resulten incompatibles coas ditas normas ou cando a terceira entidade non establecese nada ao respecto, tamén deberá observar as obrigas previstas no número anterior.

5. O deber de segredo e confidencialidade, que se deriva desta cláusula, obriga ao contratista durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento da información obxecto de segredo, agás que nestes pregos ou no contrato se estableza un prazo maior que, en todo caso, deberá ser definido e limitado no tempo, en base ao artigo 133.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

6. No caso de que os pregos establezan dereitos e obrigas dimanantes do contrato que poidan ser cedidos polo contratista a un terceiro en base ao disposto no artigo 214 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, ou este decida subcontratar ao abeiro do artigo 215 da citada lei, o adxudicatario deberá establecer co cesionario ou subcontratista unha relación de confidencialidade por medio deste documento no momento de formalizar a cesión en escritura pública descrito no artigo 214.2.d) da Lei 9/2017, ou no momento de establecer a subcontratación.

7. O contratista queda obrigado a observar e cumprir a normativa de seguridade implantada no Concello de Vigo, que sexa posta en coñecemento entre as e os empregados públicos municipais. Igualmente a aquelas medidas de seguridade que, respecto da información confidencial en soporte físico, electrónico ou dixital, sexan adoptadas polo Concello de Vigo, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.

8. O contratista queda obrigado a observar e cumprir todas as medidas de seguridade necesaria e exixidas polo Concello de Vigo respecto do tratamento da información confidencial no desenvolvemento das actividades profesionais, sendo irrelevante o soporte que a conteña. En concreto, comprométese a non facilitar baixo ningún concepto a outras persoas e/ou empresas, as claves e/ou contrasinais de acceso aos sistemas de información do Concello de Vigo, no suposto de que eventualmente lle fosen facilitadas. Comprométese, igualmente, a utilizar os ditos sistemas coa debida autorización e para fins exclusivamente relacionados coa execución das actividades relacionadas co obxecto do contrato.

O incumprimento das obrigas previstas anteriormente poderá levar consigo, para o contratista, a asunción das responsabilidades derivadas as infraccións realizadas.

E para que produza os efectos oportunos, mediante a sinatura deste documento declaro expresamente o compromiso de cumprir coas obrigas de segredo e confidencialidade, nos termos expresados anteriormente.

#### **5(1080).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO CAMIÑO DA ARROUBA (ZAMÁNS)”. EXPTE. 613/441.**

Visto o informe de fiscalización do 04/12/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### 11.- Propostas de adxudicación:

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “mellora da seguridade viaria no camiño da Arrouba (Zamáns)” (613-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “mellora da seguridade viaria no camiño da Arrouba (Zamáns)” (613-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 10 de setembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución das obras do proxecto de “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO CAMIÑO DA ARROUBA (ZAMÁNS)” redactado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.08.2020.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de OITENTA E OITO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (88.294,75 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 15.323,88 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.210.00.07 (Reforzo firme Camiño da Arrouba - Zamáns) a nivel de bolsa de vinculación*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 11 de novembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 5 de novembro de 2020:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
2. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “mellora da seguridade viaria no camiño da Arrouba (Zamáns)” (613-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Baixa oferta-da
1	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	24.810,83 €
2	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L	24.150,01 €
3	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL	23.854,15 €
4	OBRAS GALLAECIA SL	22.966,85 €
5	RESIGAL GESTION INTEGRAL DE GALICIA SL	22.954,75 €
6	EXCAV.Y CONST.LAUREANO COVELO,SA	22.083,55 €
7	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L	21.986,75 €
8	NAROM SL	20.961,17 €
9	CONSTRUCCIONES FECHI, SL	17.941,49 €
10	PROYECON GALICIA,S.A.	17.043,90 €
11	CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI SL	16.511,11 €
12	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	15.689,98 €
13	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	14.364,96 €
14	VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS S.L.U.	13.826,73 €
15	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	13.482,62 €
16	ENDENOR, MTTO Y SERVICIOS SL	11.799,12 €
17	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	9.294,75 €
18	ORECO SAU	5.263,25 €

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (B-36.816.189), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U., o día 12 de novembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 23 de novembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación revisou a documentación presentada na sesión do 27 de novembro de 2020 e acordou conceder un prazo de 3 días para que puidese acreditar estar ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo.

Consta no expediente certificado positivo da Tesourería Municipal de data 1 de decembro de 2020.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 4 de decembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 9 de novembro de 2020.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión deste procedemento de CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) e CONSTRUCCIONES VALE, S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, mediante resolución da concelleira delegada de Contratación de data 11 de novembro de 2020.*
2. *Adxudicar a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (B-36.816.189) o procedemento aberto para a contratación das obras de “mellora da seguridade viaria no camiño da Arrouba (Zamáns)” (613-441) por un prezo total de 63.483,92 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.017,87 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1081).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO NO PROCEDUREMTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS DE XOGOS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ESPAZOS RECREATIVOS DE AUGA, MOBILIARIO URBANO E FONTES ORNAMENTAIS DAS ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 12887/446.**

Dáse conta do informe-proposta de data 14/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

*“1º.- Tomar razón da Resolución nº 207/2020 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 200/2020, interposto por EULEN S.A. contra o acordo de exclusión da súa oferta na contratación duns servizos de mantemento e conservación das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas de xogos, áreas biosaudables, así como as zonas recreativas de auga da zona verde de Samil, vinculadas a “Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais”, expediente 12887-446 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.*

*Transcríbese a continuación o acordo:*

1. *Desestimar o recurso interposto por EULEN S.A. contra o acordo de exclusión da súa oferta na contratación duns servizos de mantemento e conservación das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas de xogos, áreas biosaudables, así como as zonas recreativas de auga da zona verde de Samil, vinculadas a “Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais”, expediente 12887-446 do Concello de Vigo.*





## Concello de Vigo

2. *Levantar a suspensión acordada no seu día.*

3. *Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.*

2º.- *Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **7(1082).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS DE XOGOS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ESPAZOS RECREATIVOS DE AUGA, MOBILIARIO URBANO E FONTES ORNAMENTAIS DAS ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 12.887/446.**

Visto o informe de fiscalización da data 11/12/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 14 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Acordar que procede a tramitación deste expediente ao resultarlle de aplicación a disposición adicional oitava do Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019, ao tramitarse por medios electrónicos.*

*SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada, regulado nos artigos 156 e 131.2 da LCSP 2017 do contrato de servizo de CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS DE XOGOS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ESPAZOS RECREATIVOS DE AUGA, MOBILIARIO URBANO E FONTES ORNAMENTAIS DAS ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO, que inclúe o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 13 de maio de 2020 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 13 de maio de 2020.*

*TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 5.048.997,36 €, que inclúe un IVE de 876.272,27 €, o cal se imputará á partida 1710.2279901 “MANTEMENTO XARDÍNS, P. INFANTÍS, BIOSAUDABLES, CASTRO, FONTES”, que se distribuirá en cinco anualidades, tal e como se desglosa a continuación:*

<i>ANUALIDADE</i>	<i>IMPORTE ANUAL</i>
<i>2020</i>	<i>121.925,53 €</i>
<i>2021</i>	<i>893.047,58 €</i>
<i>2022</i>	<i>1.106.179,60 €</i>
<i>2023</i>	<i>1.118.305,89 €</i>
<i>2024</i>	<i>1.130.614,07 €</i>
<i>2025</i>	<i>854.961,50 €</i>
<i>TOTAL:</i>	<i>5.225.034,17 €</i>

*CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.*

**Segundo.-** Na sesión do 12 de xuño de 2020, a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“PRIMEIRO.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas polo delegado de persoal de Ferrovia Servizos, S.A. conforme o sinalado no informe xeral do Servizos de Montes, parques e Xardíns.*

*SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares coas correccións correspondentes asinado na data 10 de xuño 2020, a memoria xustificativa de contratación asinada en data 10 de xuño de 2020 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 10 de xuño de 2020.*



## Concello de Vigo

*TERCEIRO.- Iniciar un novo prazo de presentación de ofertas de 15 días de duración a contar desde o día seguinte á aprobación deste acordo”.*

**Terceiro.-** O 26 de xuño de 2020, D. Xosé Lois Román Rodríguez, en escrito presentado no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, interpuxo recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) (recurso nº 96/2020).

**Cuarto.-** Con data do 20 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“Tomar razón da resolución nº 99/2020 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 96/2020, interposto por D. XOSÉ LOIS ROMÁN RODRÍGUEZ, contra os pregos da contratación dos servizos de mantemento e conservación das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas de xogos, áreas biosaudables, así como as zonas recreativas de auga da zona verde de Samil, vinculadas a “Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais”, expediente 12887-446. Na resolución o TACGAL inadmite o recurso.*

*Transcríbese a continuación o acordo:*

*“1. Inadmitir o recurso interposto por D. XOSÉ LOIS ROMÁN RODRÍGUEZ, co carácter de delegado de persoal, contra os pregos da contratación dos servizos de mantemento e conservación das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas de xogos, áreas biosaudables, así como as zonas recreativas de auga da zona verde de Samil, vinculadas a “Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais”, expediente 12887-446 licitado polo Concello de Vigo.*

*2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP”.*

**Quinto.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de outubro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a EULEN, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte ao informe asinado polo enxeñeiro industrial do Programa de análise, avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe da Área de Servizos Xerais o 9 de outubro de 2020.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446) na seguinte orde descendente:*

	Licitador	Puntuación total
1	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U.	94,30

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. (A-80.241.789), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Sexto.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U., o día 19 de outubro de 2020, que presenta a documentación requirida o 26 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Sétimo.-** A Mesa de Contratación na sesión do 30 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada, e acordou, ao abeiro do previsto no artigo 140.4 da LCSP, conceder un prazo de cinco días a FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. para que puidese acreditar estar ao corrente nas súas obrigas con Concello de Vigo. Incorporouse ao expediente con data do 11 de novembro de 2020 certificado positivo da Tesourería municipal.

**Oitavo.-** Con data do 6 de novembro de 2020, D<sup>a</sup>. Ana Muñoz Rubio, en nome e representación de EULEN, S.A, interpuxo interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), contra a súa exclusión do procedemento.

A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2020 tomou razón da interposición do citado recurso. Así mesmo, comprobou que a documentación presentada por FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. é correcta e, á vista do recurso presentado por EULEN, S.A. acordou, por unanimidade, non formular proposta de adxudicación ata a resolución do recurso polo Tribunal Administrativo de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Noveno.-** Con data do 9 de decembro de 2020 o Tribunal Administrativo de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia comunica a resolución nº 207/2020 do mesmo día pola que se desestima o recurso interposto por EULEN S.A. contra o acordo de exclusión e se levanta a suspensión do procedemento.



## Concello de Vigo

**Décimo.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de decembro de 2020 acordou, por unanimidade dos membros presentes e á vista da citada resolución do Tribunal Administrativo de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 18 de agosto de 2020 e 9 de outubro de 2020, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de EULEN, S.A., adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de outubro de 2020, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificadas.*
2. *Adxudicar a FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. (A-80.241.789) o procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudábeis, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 5.068.283,15 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 879.619,39 euros.
- b) Propón un incremento do número de horas aportadas a maiores das esixidas na bolsa de horas para traballos extraordinarios de 300 horas anuais.
- c) Propón un incremento do importe económico destinado a maquinaria para traballos extraordinarios de 800 euros anuais.
- d) Propón un incremento da porcentaxe destinada aos programas de comunicación para fomentar o uso responsable dos espazos obxecto do contrato de 0,3%.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1083).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS IDENTIFICADAS COMO ZONAS VERDES DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 12853/446.**

Dáse conta do informe-proposta de data 14/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

*“1º.- Tomar razón da Resolución nº 208/2020 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 202/2020, interposto por GRUPORAGA S.A. contra o acordo de adxudicación da contratación denominada “Os servizos de mantemento e conservación das infraestruturas públicas identificadas como zonas verdes do término municipal de Vigo, que inclúen todos os elementos vexetais e non vexetais que as conforman, tanto no seu interior, como perimetrais, agás os excluídos expresamente no PPT”, expediente 12853/446 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.*

*Transcríbese a continuación o acordo:*

- 1. Desestimar o recurso interposto por GRUPORAGA S.A. contra o acordo de adxudicación da contratación denominada “Os servizos de mantemento e conservación das infraestruturas públicas identificadas como zonas verdes do término municipal de Vigo, que inclúen todos os elementos vexetais e non vexetais que as conforman, tanto no seu interior, como perimetrais, agás os excluídos expresamente no PPT”, expediente 12853/446 do Concello de Vigo.*
- 2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP.*



## Concello de Vigo

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **9(1084).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE NOVEMBRO DO ANO 2020. EXPTE. 10588/224.**

Dáse conta do informe-proposta do 11/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

#### PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de novembro do ano 2020.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicataria	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
10496-224	CMSR	Emisión de cuñas publicitarias en emisoras de radio da cidade para concienciar e informar á cidadanía sobre a violencia de xénero coa finalidade de prevenila	Uniprex S A	23112260200	13/11/2020	4.961,00 €
10497-224	CMSR	Emisión de cuñas publicitarias en emisoras de radio da cidade para concienciar e informar á cidadanía sobre a violencia de xénero coa finalidade de prevenila	Radio Vigo S A	23112260200	13/11/2020	7.373,44 €

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicataria	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
10498-224	CMSR	Emisión de cuñas publicitarias en emisoras de radio da cidade para concienciar e informar á cidadanía sobre a violencia de xénero coa finalidade de prevenila	Radio Popular S A (Cope)	23112260200	13/11/2020	4.104,32 €
10514-224	CMSR	Megafonía e palco/tarima para a concentración convocada na cidade o día 25 de novembro, con motivo do "Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres"	Sonido Collazo S L	23112279906	20/11/2020	1.754,50 €
10501-224	CMSU	Adquisición de agasallos e xoguetes para entregar en Nadal 2020 ás mulleres, e aos fillos e as fillas, acollidas durante o ano 2020 nos dispositivos de protección e atención ás vítimas de violencia de xénero	El Corte Inglés S A	23112260100	20/11/2020	1.225,00 €

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **10(1085).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR ANO 2020 (3º). EXPTE. 102798/140.**

Visto o informe de fiscalización do 11/12/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do servizo de Fiscalización, polo interventor xeral e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.





## Concello de Vigo

• Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

• Base 23 das de Execución do Orzamento de 2020.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nº pagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	202000048171	9120.2269900	700,00	780,28	28/07/20	16/09/20	28/10/20	----	80,28
Abalde Comesaña Raquel	202000048173	9121.2200100	1.200,00	1.154,60	28/07/20	08/10/20	28/10/20	45,40	—
Fernández Fernández Paz	202000045081	2310.4800000	250.000,00	137.899,24	17/07/20	22/10/20	17/10/20	112.100,76	---
García Álvarez Luis	202000039328	9201.2260300	4.363,25	4.363,25	25/06/20	30/06/20	25/09/20	----	—
García Álvarez Luis	202000041237	9201.2260300	874,20	874,20	01/07/20	15/07/20	01/10/20	—	—
García Álvarez Luis	202000041485	9201.2260300	176,70	176,70	06/07/20	06/10/20	06/10/20	----	—
García Álvarez Luis	202000044187	2311.4800000	3.800,00	3.800,00	14/07/20	13/10/20	14/10/20	----	—
García Álvarez Luis	202000049787	9201.2260300	771,90	771,90	06/08/20	19/08/20	06/11/20	----	—
García Álvarez Luis	202000049939	9320.2260201	704,22	704,22	06/08/20	26/08/20	06/11/20	----	---
García Álvarez Luis	202000051429	9201.2260300	3.000,00	3.455,80	25/08/20	19/11/20	25/11/20	----	455,80
García Álvarez Luis	202000059179	9201.1620001	774,40	774,40	13/10/20	06/12/20	13/01/21	—	—
Martínez Muñoz Francisco	202000028217	1320.2269900	1.000,00	976,75	08/05/20	30/07/20	08/08/20	23,25	---
Martínez Muñoz Francisco	202000045788	1320.2312000	200,00	24,00	24/07/20	28/10/20	24/10/20	176,00	---
Martínez Muñoz Francisco	202000045789	1320.2140000	1.000,00	206,00	24/07/20	28/10/20	24/10/20	794,00	—
Martínez Muñoz Francisco	202000045790	1320.2219900	1.000,00	851,00	24/07/20	28/10/20	24/10/20	149,00	—
Martínez Muñoz Francisco	202000045791	1320.2120000	1.000,00	142,90	24/07/20	28/10/20	24/10/20	857,10	—
Martínez Muñoz Francisco	202000045794	1320.2190000	500,00	121,00	24/07/20	28/10/20	24/10/20	379,00	—
Martínez Muñoz Francisco	202000045815	1320.2130000	500,00	----	24/07/20	28/10/20	24/10/20	500,00	---
Martínez Muñoz Francisco	202000049630	1320.2269900	1.000,00	493,10	06/08/20	09/11/20	06/11/20	506,90	—
Martínez Muñoz Francisco	202000049940	1320.2200000	200,00	26,45	06/08/20	09/11/20	06/11/20	173,55	—
Núñez-Torrón López Jesús	202000040939	2310.7800000	10.000,00	9.383,55	30/06/20	29/09/20	30/09/20	616,45	---
Vivero Mijares Antonio	202000050758	1350.2269901	14.900,00	14.880,00	14/08/20	23/11/20	14/11/20	20,00	---
<b>TOTAL</b>			297.664,67	181.859,34				116.341,41	536,08

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido, a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 202000045081 de Fernández Fernández Paz, do 202000045788 ao 202000045791, 202000045794, 202000045815, 202000049630 e 202000049940 de Martínez Muñoz Francisco e 202000050758 de Vivero Mijares Antonio	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización:

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 202000045081 de Fernández Fernández Paz, do 202000045788 ao 202000045791, 202000045794, 202000045815, 202000049630 e 202000049940 de Martínez Muñoz Francisco e 202000050758 de Vivero Mijares Antonio non se rendiron no prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

### PROPOSTA

En base á Resolución de data de 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	202000048171	9120.2269900	700,00	780,28	28/07/20	16/09/20	28/10/20	---	80,28
Abalde Comesaña Raquel	202000048173	9121.2200100	1.200,00	1.154,60	28/07/20	08/10/20	28/10/20	45,40	—
Fernández Fernández Paz	202000045081	2310.4800000	250.000,00	137.899,24	17/07/20	22/10/20	17/10/20	112.100,76	---



## Concello de Vigo

García Luis	Álvarez	202000039328	9201.2260300	4.363,25	4.363,25	25/06/20	30/06/20	25/09/20	----	—
García Luis	Álvarez	202000041237	9201.2260300	874,20	874,20	01/07/20	15/07/20	01/10/20	—	—
García Luis	Álvarez	202000041485	9201.2260300	176,70	176,70	06/07/20	06/10/20	06/10/20	----	—
García Luis	Álvarez	202000044187	2311.4800000	3.800,00	3.800,00	14/07/20	13/10/20	14/10/20	----	—
García Luis	Álvarez	202000049787	9201.2260300	771,90	771,90	06/08/20	19/08/20	06/11/20	----	—
García Luis	Álvarez	202000049939	9320.2260201	704,22	704,22	06/08/20	26/08/20	06/11/20	----	---
García Luis	Álvarez	202000051429	9201.2260300	3.000,00	3.455,80	25/08/20	19/11/20	25/11/20	----	455,80
García Luis	Álvarez	202000059179	9201.1620001	774,40	774,40	13/10/20	06/12/20	13/01/21	—	—
Martínez Francisco	Muñoz	202000028217	1320.2269900	1.000,00	976,75	08/05/20	30/07/20	08/08/20	23,25	---
Martínez Francisco	Muñoz	202000045788	1320.2312000	200,00	24,00	24/07/20	28/10/20	24/10/20	176,00	---
Martínez Francisco	Muñoz	202000045789	1320.2140000	1.000,00	206,00	24/07/20	28/10/20	24/10/20	794,00	—
Martínez Francisco	Muñoz	202000045790	1320.2219900	1.000,00	851,00	24/07/20	28/10/20	24/10/20	149,00	—
Martínez Francisco	Muñoz	202000045791	1320.2120000	1.000,00	142,90	24/07/20	28/10/20	24/10/20	857,10	—
Martínez Francisco	Muñoz	202000045794	1320.2190000	500,00	121,00	24/07/20	28/10/20	24/10/20	379,00	—
Martínez Francisco	Muñoz	202000045815	1320.2130000	500,00	----	24/07/20	28/10/20	24/10/20	500,00	---
Martínez Francisco	Muñoz	202000049630	1320.2269900	1.000,00	493,10	06/08/20	09/11/20	06/11/20	506,90	—
Martínez Francisco	Muñoz	202000049940	1320.2200000	200,00	26,45	06/08/20	09/11/20	06/11/20	173,55	—
Núñez-Torrón López Jesús		202000040939	2310.7800000	10.000,00	9.383,55	30/06/20	29/09/20	30/09/20	616,45	---
Vivero Antonio	Mijares	202000050758	1350.2269901	14.900,00	14.880,00	14/08/20	23/11/20	14/11/20	20,00	---
<b>TOTAL</b>				297.664,67	181.859,34				116.341,41	536,08

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1086).- PLAN DE OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVICIOS DE TEMPADA: QUIOSCOS EXPENDEDORES DE COMIDAS E BEBIDAS, NAS PRAIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO PARA O PERÍODO 2021-2024. EXPTE. 15023/306.**

Dáse conta do informe-proposta do 14/12/2020, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

**I.- Antecedentes**

1.- A concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 6 de outubro de 2020, iniciou procedemento administrativo para a aprobación do plan de ocupación e explotación dos servizos de tempada nas praias de Vigo, quioscos expendedores de comidas e bebidas, para os anos 2021 a 2024, e para o outorgamento das autorizacións de explotación a terceiros a través do procedemento legalmente previsto (respectando os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva).

2.- A pedimento e coas indicacións do Servizo de Medio Ambiente, os arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, elaboraron documentación técnica para estas instalacións asinada dixitalmente o 3 de decembro de 2020, sobre:

- Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.
- Memoria descritiva das instalacións.
- Certificación de distancias entre quioscos.
- Fotografías emprazamentos.
- Planos de emprazamento dos quioscos no que se representa a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre.
- Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación PXOM.

3.- O xefe do Servio de Medio Ambiente emitiu informe sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2020.

4.- O delineante municipal da oficina de Patrimonio e Inventario, en 11 decembro de 2020, emitiu informou sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

**II.- Fundamentos de dereito:**

O artigo 115.c) da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais *“explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local”*.

O artigo 113 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, establece que:

- *As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias que só requiran instalacións desmontables, serán outorgadas polos concellos que o soliciten, na forma que se determina nos apartados seguintes.*



## Concello de Vigo

- *Haberá que solicitálas dirixíndose ó servizo periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no prazo establecido,*
- *Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por un prazo máximo de catro anos, se ben as instalacións deberán desmontarse, unha vez rematada cada unha das tempadas incluídas no prazo de duración da autorización.*
- *Outorgada a autorización polo Servizo Periférico de Costas, os Concellos, tralo abono do canon de ocupación correspondente, poderán proceder a súa explotación, por sí ou por terceiros.*

O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles, que corresponde outorgar á administración do Estado.

O artigo 26 da citada Lei e 49.1. do regulamento que a desenvolve, establecen a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que corresponde outorgar á Comunidade Autónoma.

Tamén, o artigo 53.1., parágrafo segundo, da Lei 22/1988, de 28 de xullo, establece que *“no caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamento se respecten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”*

O Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019), regula nos seus artigos 18 a 24 os requisitos para autorizar as instalacións de quioscos, expendedores de comidas e bebidas, ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre.

Neste sentido, o Concello de Vigo ben aprobando anualmente o plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos, expendedores de comidas e bebidas, nas praias do termo municipal de Vigo, que comprende aquelas instalacións desmontables situadas en terreos de dominio público marítimo terrestre, aquelas situadas en terreos municipais en zona de servidume de protección ou de tránsito deste dominio ou dominio público municipal.

As ditas instalacións de tempada: quioscos expendedores de comidas e bebidas considéranse precisas nos areais polos servizos que prestan aos usuarios, non só polas subministracións de bebidas, xelados, bocadillos.. senón tamén por dispor de baños públicos e gratuítos para os usuarios como ben esixíndolles este Concello.

Elabórese unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:

DESCRICIÓN	EMPRAZAMENTO	ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS	OCUPACIÓN PECHADA EN M2	OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2
QUIOSCO 1	Areal da	Dominio público marítimo	20 m2	50 m2

	Punta. A Guía	terrestre (DPMT). Zona de servidume de tránsito do DPMT en dominio público municipal.		
QUIOSCO 2	Areal de Santa Baia, Alcabre	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 3	Areal do Tombo do Gato	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 4	Areal do Tombo do Gato	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2	50 m2
QUIOSCO 5	Areal de Argazada	Dominio público municipal. Fóra da zona de servidume de protección do DPMT.	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 6	Areal de Samil	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 7	Areal de Samil	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 8	Areal de Samil	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 9	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 10	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro	50 m2
QUIOSCO 11	Areal da Etea	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2	50 m2

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos que se achegan no expediente.

A documentación e informes técnicos emitidos polos arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, asinados dixitalmente o 03/12/2020 e obrantes no expediente, indican a súa conformidade co planeamento urbanístico, adecuación á normativa de accesibilidade e a observancia, en tódolos casos, das prescricións de distancias e medidas, especificadas polo Servizo Provincial de Costas



## Concello de Vigo

do Ministerio para a Transición Ecolóxica, o Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, que a desenvolve e o Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019).

O Decreto 38/2019, do 14 de marzo, de catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia (DOG 12/04/2019), aprobou a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 33.6. da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, no artigo 67 e na disposición transitoria vixésimo cuarta do Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro. O citado Decreto cataloga os areas de A Punta, Santa Baia, Tombo do Gato, Argazada, Samil e Etea como tramos urbanos e o areal do Vao como natural.

Os quioscos nºs. 1, 4, 9, 10 e 11 que se sitúan en dominio público marítimo terrestre ou na zona de servidume de tránsito cuxa autorización sectorial corresponde ó Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica cumpre tanto co esixido para ocupacións en tramos naturais de praias como para ocupacións en tramos urbanos, segundo o establecido no artigo 68 e 69 do Regulamento de costas aprobado por Rd 876/2014, de 10 de outubro. Neste sentido as ocupación non superan os 20 m<sup>2</sup> de superficie cerrada, incluído aseos, nin os 50 m<sup>2</sup> de superficie de terraza aberta, sitúanse a unha distancia igual ou superior a 300 ml nos tramos naturais de praia e de 100 ml nos tramos urbanos, a ocupación da praia e moi inferior ó 10% da superficie en preamar, e os usos están permitidos.

Os quioscos nºs. 2, 3, 6, 7 e 8 que se sitúan en dominio público municipal, na zona de servidume do dominio público marítimo terrestre cuxa autorización sectorial corresponde á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (CMAOT) cumpre co esixido especificamente para a instalacións desmontables de tempada do Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, cunha superficie máxima de 20 m<sup>2</sup> de ocupación pechada, máis a superficie non computable (artigo 21.e) do Decreto 97/2019, de 18 de xullo) corresponden a aseos de uso público e gratuítos coa superficie mínima para cumprir a condición de accesibles segundo a Lei galega 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade, e 50 m<sup>2</sup> de ocupación aberta, distancia superior a 100 ml entre quioscos ou semellantes. Tamén se axustan ás determinacións dos artigos 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación.

O quiosco nº 5 sitúase en dominio público municipal, fora da zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, cumpre co esixido nas normas urbanísticas de aplicación, ás determinacións dos artigos 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación, con instalacións desmontables de tempada cunha superficie máxima de 20 m<sup>2</sup> de ocupación pechada, máis a superficie que corresponden a aseos de uso público e gratuítos coa superficie mínima para cumprir a condición de accesibles segundo a Lei galega 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade, e 50 m<sup>2</sup> de ocupación aberta, distancia superior a 100 ml entre quioscos ou semellantes.

A Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de Xullo, de Costas (BOE do 30 de maio, entrada en vigor ó día seguinte), introduciu diversas modificación na citada lei de costas, en concreto, no referente ás praias e ampliaba o prazo máximo das autorizacións para instalacións desmontables, quioscos de tempada, que pasan de un a catro anos.

A Disposición final terceira da citada Lei 2/2013, de 29 de maio, establece que:

*“No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno aprobará a revisión do Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e ditará as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento e execución desta Lei.”*

O Regulamento xeral de costas foi aprobado por Rd 874/2014, de 10 de outubro, regulando as ocupación nos tramos urbanos e naturais das praias.

A Xunta de Galicia no ano 2019 ditou os seguintes Decretos:

- O Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia (DOG 12/04/2019).

- O Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 09/08/2019).

A dita harmonización normativa reguladora destas instalacións de tempada, quioscos expendedores de bebidas e comidas, instalados en terreos de dominio público marítimo terrestre e na zona de servidume deste dominio e a delimitación dos tramos naturais ou urbanos das praias, que se produciu no ano 2019, permite instar autorizacións sectoriais para un período de catro anos, no período 1 de maio a 31 de outubro de cada ano e no período de semana santa.

Asimesmo, o artigo 86.2. e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas permite o aproveitamento especial de bens dominio público, así como o seu uso privativo, cando a ocupación se efectúe unicamente con instalacións desmontables o bens mobles coa correspondente autorización administrativa se non excede de catro anos.

A memoria técnica dos arquitectos municipais do plan de ocupación e explotación dos servizos de tempada nas praias de Vigo, quioscos expendedores de comidas e bebidas, sinala unhas maiores calidade nos elementos desmontables a instalar e con servizos hixiénicos de uso público e gratuítos que acaden a condición de accesibles segundo a Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade, polo que se considera idóneo que as autorizacións sexan polo prazo máximo de catro anos, nos períodos máximos anuais de semana santa e de 1 maio a 31 de outubro o que permitirá amortizar a inversión destas instalacións desmontables. Non obstante, na anualidade 2021 que debe realizarse os trámites administrativos para a licitación das autorizados prevese un período, como en anos anteriores, 1 de xuño a 31 de outubro. galega





## Concello de Vigo

A ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada, quioscos, deste plan de praias, realizarase por terceiros particulares, sendo preciso realizar un novo procedemento de licitación para outorgar das autorizacións a terceiros ó ter remato o prazo de vixencia das anteriores autorizacións.

Co obxecto de axilizar este procedemento e que á data de inicio da tempada estean adxudicadas as autorizacións, tendo en consideración que nos anos anteriores as autorizacións sectoriais non se recibiron ata finais de marzo e principios de maio (Xunta) sen tempo material para tramitar o procedemento de licitación e outorgar as autorizacións antes do inicio da tempada estival, considerase preciso que:

- Unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación.
- Unha vez recibidas as autorizacións sectoriais (Estado e Xunta de Galicia) proceder a súa incorporación ó expediente, para aprobación dos pregos, apertura do procedemento de licitación e outorgamento das autorizacións.

Por último, cómpre sinalar respecto da posibilidade de instalar escolas de surf, bodibord, longboard e paddle surf no dominio público marítimo terrestre que anualmente ven contemplando o Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que:

- As praias de Vigo son eminentemente urbanas e contan na temporada estival cun número elevadísimo de usuarios nos areais e na lámina de auga. A súa alta afluencia e o seu uso prioritario para o baño suxire un problema importante de seguridade restrinxir este espazo e incorporar dentro das habituais zonas de baño outros usos diferentes.
- As zonas de práctica de surf no permiten a instalación dunha zona concreta balizada, pois obedecen a criterios meteorolóxicos e dependentes de moitos factores (mar de fondo, vento, mareas, etc), polo cal aínda instalando zonas balizadas propias para esta actividade, restrinxindo as zonas de baño, os usuarios solen desprazarse á mellor zona de práctica, este o non balizada, creando novamente problemas de seguridade para os bañistas.
- Independentemente das zonas balizadas establecidas na lámina de auga, a organización das actividades require un desprazamento diario de grandes materiais desde os seus empozamentos de almacenaxe á propia lámina de auga. Este desprazamento constante implica un risco de seguridade para os usuarios do areal, e un malestar e fonte de queixas constante como xa pasou nas ocasións que algún destes servizos estivo presente nas praias.

Tamén, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 22/05/2006 acordou aprobar os criterios técnicos a ter en conta polos servizos municipais para autorizar ou prohi-

bir as actividades que se soliciten nos areais da cidade na temporada de verán, indicando como absolutamente prioritaria a preservación dos areais para o seu uso libre, público e común por parte de todos os cidadáns, para o baño e o descanso, e que as actividades de tipo lúdico que se propoñan durante o período estival só deberían autorizarse con carácter excepcional, de forma restritiva.

Polo exposto, con obxecto de garantir a seguridade dos bañistas e desfrute deste dos areais, en principio, non considera conveniente a instalación de servizos de escolas de surf, bodiboard, longboard e paddle surf, no dominio público marítimo terrestre, tanto no areal como na zona de auga balizada para o baño durante a temporada estival, polo que o plan de explotación de servizos de temporada polo Concello de Vigo limitarase os quioscos antes citados, expendedores de comidas e bebidas.

A vista do anteriormente exposto, ao abeiro das atribucións de competencias que establece o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación coa Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do término municipal de Vigo para os anos 2021 a 2024, de acordo cos informes, planos e demais documentación obrante no expediente 15023/306, e consistente en:

- Documentación técnica redactada polos arquitectos municipais, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás, e asinada dixitalmente o 03/12/2020, que comprende:
  - Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.
  - Memoria descritiva das instalacións.
  - Certificación de distancias entre quioscos.
  - Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación nos que se representan as liñas de deslinde do dominio público marítimo terrestre e da zona de servidume deste dominio a escala 1/2000; de replanteo das instalacións de quiosco e dos servizos urbanísticos a escala 1:250 e fotografías.
  - Planos de emprazamento dos quioscos sobre o de zonificación do PXOU e IOP.
- Informe do delineante municipal da oficina de Inventario e Patrimonio de data 11/12/2020, sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.
- Informe do Servizo de Medio Ambiente sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2020, sen menoscabo do dominio público.

A citada documentación técnica reflicte os seguintes quioscos de tempada, expendedores de comida e bebida:



## Concello de Vigo

DESCRIPCIÓN EMPRA-	ZAMEN-	ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS	OCUPACIÓN PECHADA EN M2	OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2
QUIOSCO 1	Areal da Punta. A Guía	Dominio público marítimo terrestre (DPMT). Zona de servidume de tránsito do DPMT en dominio público municipal.	20 m2	50 m2
QUIOSCO 2	Areal de Santa Baia, Alcabre	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 3	Areal do Tombo do Gato	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 4	Areal do Tombo do Gato	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2	50 m2
QUIOSCO 5	Areal de Argazada	Dominio público municipal. Fóra da zona de servidume de protección do DPMT.	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 6	Areal de Samil	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 7	Areal de Samil	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 8	Areal de Samil	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 9	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 10	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro	50 m2
QUIOSCO 11	Areal da Etea	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2	50 m2

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos da citada documentación técnica.

As autorizacións para a execución deste plan de ocupación do dominio público con instalación de tempada e desmontables, será para os anos 2021 a 2024, nos seguintes períodos anuais:

Ano 2021: período 1 de xuño a 31 de outubro.

Ano 2022: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2023: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2024: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

**SEGUNDO.-** Remitir, a maior brevidade posible, este Plan de Ocupación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, solicitando a autorización da instalación dos quioscos de tempada que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito (Quioscos nºs. 1, 4, 9, 10 e 11), para os anos 2021 a 2024, nos seguintes períodos anuais:

Ano 2021: período 1 de xuño a 31 de outubro.

Ano 2022: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2023: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2024: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

**TERCEIRO.-** Remitir, a maior brevidade posible, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) da Xunta de Galicia este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, solicitando a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre (Quioscos nºs. 2, 3, 6, 7 e 8), para os anos 2021 a 2024, nos seguintes períodos anuais:

Ano 2021: período 1 de xuño a 31 de outubro.

Ano 2022: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2023: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2024: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

**CUARTO.-** O concello garantirá que no procedemento de outorgamento das autorizacións de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, por terceiros se respectaran os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

**QUINTO.-** Unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto autonómico 97/2019, de 18 de xullo, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación.



## Concello de Vigo

Unha vez recibidas as autorizacións sectoriais (Estado e Xunta de Galicia) procederá a súa incorporación ó expediente, á aprobación dos pregos e á apertura do procedemento de licitación e outorgamento das autorizacións

**SEXTO.-** O concello de Vigo obrígase, como en anos anteriores, a esixir dos terceiros que resulten adxudicatarios das autorizacións en DPMT a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(1087).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN VECIÑAL NOSA TERRA DE ALCABRE Á SUBVENCIÓN OUTORGADA NA CONVOCATORIA DAS “SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ”. EXPTE. 9688/320.**

Dáse conta do informe-proposta do 14/12/2020, asinado pola xefa de Participación Cidadá, e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Con data 19/11/2020, a Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de “Outorgamento de Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, para o ano 2020” outorgar á Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre (CIF: 36649374) unha subvención por importe total de 7.042,44 €:

PROGRAMA	PUN- TOS	ORZAMEN- TO	SUBVENCIÓN
PROGRAMA I. GASTOS DE MANTEMENTO Gastos de mantemento: auga; luz; tlf-internet, alarma, seguros, material oficina, imprenta-copias, consumibles, ferretería	61	5.924,76 €	<b>4.549,52 €</b>
PROGRAMA II. EQUIPAMENTO Material informático e software. Proxector. Pantalla e trípode. Toldo terraza	56	2.492,92 €	<b>2.492,92 €</b>

Con data 29/11/2020, a Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre (CIF:36649374), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, achega o “**Anexo XII. Renuncia**” (número documento: 200252468) no que se declara, de xeito expreso, a renuncia á subvención outorgada para compra de equipamento prevista no **Programa II: material informático e software, proxector, pantalla e trípode, toldo terraza, por un importe 2.492,92 €.**

Conforme ao establecido na Base Décimo Primeira das bases que rexen a convocatoria da subvención “a **beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformi-**

dade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XII**, aprobado con estas bases” [...]

De conformidade co anteriormente exposto, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**:

**1º.- Aceptar a renuncia** presentada pola Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre (CIF: 36649374), á subvención outorgada pola Xunta de Goberno Local o pasado 19/11/2020 ao abeiro das “Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá”, concretamente para o **Programa II. Gastos en investimento. Equipamento: material informático e software, proxector, pantalla e trípode, toldo terraza, por un importe 2.492,92 €.**

**2º(1087).**- Notificar, o presente acordo, á entidade interesada e á Intervención Xeral para coñecemento e efectos oportunos.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(1088).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL Á SUBVENCIÓN OUTORGADA NA CONVOCATORIA DAS “SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ”. EXPTE. 9661/320.**

Dáse conta do informe-proposta do 14/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Con data 19/11/2020, a Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de “Outorgamento de Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, para o ano 2020” outorgar á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral (CIF: 36651073) unha subvención por importe total de **8.302,94 €**:

<b>PROGRAMA</b>	<b>PUN-TOS</b>	<b>ORZAMEN-TO</b>	<b>SUBVENCIÓN</b>
PROGRAMA I. GASTOS DE MANTEMENTO Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, ase-soria, limpeza, impostos, seguros, gastos persoal	74	20.129,00 €	<b>5.000,00 €</b>
PROGRAMA II. EQUIPAMENTO Radiadores eléctricos. Grellas a medida. Espello Mural	53	2.247,82 €	<b>2.247,82 €</b>
PROGRAMA III. OBRAS Instalación porta de aluminio	41	1.318,90 €	<b>1.055,12 €</b>



## Concello de Vigo

Con data 30/11/2020, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral (CIF: 36651073), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, achega o “**Anexo XII. Renuncia**” (número documento: 200253472) no que se declara, de xeito expreso, a renuncia á subvención outorgada para o investimento en obras previsto no **Programa III: “Instalación porta de aluminio”**, por un importe **1.055,12 €**.

Conforme ao establecido na Base Décimo Primeira das bases que rexen a convocatoria da subvención “a **beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no Anexo XII, aprobado con estas bases**” [...]

De conformidade co anteriormente exposto, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**:

**1º.- ACEPTAR a renuncia** presentada pola Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral (CIF: 36651073) á subvención outorgada pola Xunta de Goberno Local o pasado 19/11/2020 ao abeiro das “Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá”, concretamente para o **Programa III. Gastos en investimento. Obras: “Instalación porta de aluminio”**, por un importe **1.055,12 €**.

**2º.-** Notificar, o presente acordo, á entidade interesada e á Intervención Xeral para coñecemento e efectos oportunos.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(1089).- NOMEAMENTO INTERINO DUNHA ADMINISTRATIVA PARA A OFICINA DE ASISTENCIA AO REXISTRO. EXPTE.36728/220**

Visto o informe de fiscalización do 09/12/2020, dáse conta do informe-proposta de data 08/12/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral (instrución 3/12/2020) e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**I.-** Con data de sinatura electrónica, a Secretaria de Goberno Local coa conformidade da Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, presenta escrito solicitando a urxente tramitación do expediente de cobertura dun/dunha administrativo/a para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

**II.-** Consta anexado ao expediente informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, e no que, entre outras cuestións, consta que:

“

*... a praza antes mencionada de Administrativo/a de Administración Xeral, atópase vacante, polo que a xuízo do que subscribe, estaría en disposición de ser cuberta interinamente en réxime funcional con cargo a unha das vacantes incluídas en algunha das OEPs xa aprobadas ou, con cargo a vacante producida con posterioridade a aprobación da última OEP aprobada. De así selo, deberá incluírse necesariamente na vindeira oferta de emprego público que se aprobe, salvo que se decida a súa amortización.”*

**III.-** En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, dispuxo “ordear que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando ao efectivo coa categoría profesional indicada, con cargo a OEP 2017”.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*





## Concello de Vigo

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TRE-BEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

En relación a existencia de prazas vacantes, consta unha praza vacante de administrativo/a de administración xeral incluída na OEP 2017, en disposición de ser cuberta interinamente, segundo o informe técnico referido no punto segundo dos antecedentes de este informe e anexado ao expediente.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Ditos nomeamentos será revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da OEP 2017.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (Administrativo/a Atención Público ventanilla, cód. 379), adscritos á Oficina de Asistencia ao Rexistro, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área, de acordo coas necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica da Secretaria de Goberno Local coa conformidade da Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, referido no punto I dos antecedentes de este informe, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento da Oficina de Asistencia ao Rexistro, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada



## Concello de Vigo

en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente:

*“O presente expediente do nomeamento interino con cargo a praza vacante dunha praza de Administrativo/a de Administración Xeral, asociada a posto cód. 379 da Relación de Postos de Traballo vixente, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sería de imputación ao exercicio económico 2020/2021 e seguintes, ata a súa cobertura definitiva.*

*O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na súa sesión extraordinaria de 18 de novembro de 2020, publicado no BOP de 20 de novembro seguinte, dun posto de Administrativo/a Atención Público ventanilla, cód. 379, para o exercicio 2021 e de 36.596,08€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0300 (soldo base, por un importe anual de 10.727,38€), 121.0003 (complemento de destino, por un importe anual de 6.339,62€), 121.0103 (complemento específico por un importe anual de 11.890,48€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 7.638,60€). Se pola urxencia do expediente o nomeamento se producise con efectos de 16/12/2020, a repercusión do mesmo no orzamento 2020 sería de **1.524,84€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0300 (soldo base, por un importe anual de 446,97€), 121.0003 (complemento de destino, por un importe anual de 264,15€), 121.0103 (complemento específico por un importe anual de 495,44€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 318,28€).**”*

Neste punto, nos remitimos ao informe técnico, que damos integramente por reproducido aos efectos de evitar reiteracións innecesarias, e considerando as obxeccións indicadas no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solícitase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente

*“Que verificadas as listaxes de reserva para a categorías de Administrativo/a, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*

*Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Administrativa de Administración Xeral con cargo a praza vacante, a S Rodríguez Miguelez, con dni \*\*\*8562\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 09/07/2020, e vixen-*

tes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino con cargo a vacante segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

## **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a con cargo a vacante, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto de **1.524,84€**, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0300 (sol-do base, por un importe anual de 446,97€), 121.0003 (complemento de destino, por un importe anual de 264,15€), 121.0103 (complemento específico por un importe anual de 495,44€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 318,28€).

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario/a interino/a, con cargo á praza vacante da OEP 2017, como Administrativo/a Atención Público ventanilla, cód. 379)a: *S Rodríguez Miguez, con dni \*\*\*8562\*\**, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento que se cubran definitivamente dita praza (previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público), que deberá incluírse na OEP correspondente ao ano 2017; sendo adscrito a Oficina de Asistencia ao Rexistro, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.



## Concello de Vigo

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/a funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo o aspirante nomeado, a Secretaria de Goberno Local, á Intervención Xeral, a Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(1090).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE PLAN NORMATIVO ANUAL CORRESPONDENTE AO ANO 2021. EXPTE. 1672/110.**

Dáse conta do informe-proposta do 14/12/2020, asinado polo secretario do Pleno, e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Antecedentes e proposta de acordo.

Ao obxecto de acadar unha maior predecibilidade, transparencia e seguridade das normas xurídicas o artigo 132 da LPAC obriga ao conxunto das Administracións Públicas a facer público con carácter anual un *Plan Normativo* que conterá as iniciativas regulamentarias que podan ser obxecto de aprobación no ano seguinte; o Plan publicarase no Portal da Transparencia.

Con data de 31 de agosto do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou as “Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do *Plan Normativo Anual* e para a avaliación normativa”.

As Directrices advertían que con anterioridade o 15 de outubro remitiríanse á Secretaría xeral do Pleno as iniciativas regulamentarias que se desexaran incorporar ao *Plan Normativo Anual*; foron notificadas aos concelleiros delegados de Área e á totalidade das xefaturas de Área e de Servizo nos que se estrutura a Administración municipal en data 24.11.2020.

Concluído o prazo de remisión as propostas normativas recibidas teñen sido as seguintes:

## **I. Área Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais**

Ordenanza reguladora do comercio de Vigo.

Obxectivo da norma: Adecuación do marco legal vixente (Lei 13/2010, de 17 de decembro, comercio interior de Galicia, Lei 1/2010, do 1 de marzo, ordenación de comercio minorista).

Derrogación normativa: Ordenanza reguladora da venda na rúa e espazos abertos (BOP nº 246 de 27.12.1995).

Tramitación: Prevista artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuatrimestre 2021.

Data estimada doutros informes/trámites: 1º cuatrimestre 2021.

Data estimada informe proposta: 1º cuatrimestre 2021.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 1º cuatrimestre 2021.

Data estimada informe de Intervención: 1º cuatrimestre 2021.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2021.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuatrimestre 2021.

Data estimada de audiencia e información pública: 2º cuatrimestre 2021.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre do 2021.

## **II. Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.**

-Ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal.

Obxectivo da norma: Regular a circulación no termo municipal de Vigo dos vehículos de mobilidade persoal, así como os requisitos e as súas condicións de uso.



## Concello de Vigo

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 11.01.2020.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 08.02.21.

Data estimada informe proposta: 08.03.21.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 22.03.21.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 12.04.21.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 28.04.21.

Data estimada de audiencia e información pública: 17.05.21.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 14.07.21.

-Ordenanza reguladora da instalación das terrazas na vía pública.

Obxectivo da norma:

Regular o uso común especial do dominio público que realizan as mesas de cadeiras das terrazas dos establecementos de restauración.

Derrogación normativa: Ordenanza reguladora da instalación de terrazas na vía pública aprobada polo Pleno municipal en sesión de data 28 de abril de 2008 (BOP nº 94, de 16 de maio de 2008)

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 15.03.21.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 12.04.21.

Data estimada informe proposta: 14.06.21.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 05.07.21.

Data estimada informe de Intervención: non.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 06.09.21.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 13.10.21.

Data estimada de audiencia e información pública: 15.11.21.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 22.12.21.

-Regulamento da Policía Local do Concello de Vigo.

Obxectivo da norma:

Con esta normativa preténdese regular a estrutura e organización da plantilla, o seu funcionamento, réximes estatutario e disciplinario, formación, etc... da Policía Local.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuatrimestre.

Outros informes/trátimes: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe proposta: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe de Intervención: 1º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuatrimestre.

Data estimada de audiencia e información pública: 2º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre.

Conforme ás propostas formuladas propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2021 no que se inclúen as seguintes normas:

- Ordenanza Reguladora do Comercio de Vigo.
- Ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal.
- Ordenanza reguladora da instalación das terrazas na vía pública.
- Regulamento da Policía Local do Concello de Vigo

SEGUNDO. Elevar ao Pleno o acordo adoptado.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(1091).- SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA, A TRAVÉS DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA O ESTUDIO DE ALTERNATIVAS**





## Concello de Vigo

### **PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. EXPTE. 182/441.**

Visto o informe xurídico do 2/12/2020 e o informe de fiscalización do 9/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 30/11/2020, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de abril de 2019, entre outros asuntos acordou "Aprobar o *CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA, A TRAVÉS DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA O ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA*" así como "Aprobar o compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar as obrigacións do Concello de Vigo en materia de financiación contempladas na cláusula 3ª do Convenio de 66.667,00 euros".

Dito convenio foi asinado entre as partes con data 12 de abril 2019.

2.- Asemade, en data 10 de decembro de 2019 (BOE nº9 do 10 de xaneiro de 2020) outorgouse unha addenda modificativa pola que se modificaba a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2022 e os importes das anualidades establecidas no convenio orixinal, quedando establecidas do seguinte modo:

	2019	2020	2021	TOTAL
CHMS, O.A.	0,00 €	63.333,25 €	3.333,25 €	66.666,50 €
AUGAS DE GALICIA	0,00 €	63.333,25 €	3.333,25 €	66.666,50 €
CONCELLO DE VIGO	0,00 €	63.333,50 €	3.333,50 €	66.667,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>0,00 €</b>	<b>190.000,00 €</b>	<b>10.000,00 €</b>	<b>200.000,00 €</b>

#### **II.- PROPOSTA DE ADDENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO:**

1.- Con data 17 de setembro de 2020 dende a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (CHMS), remítese para a súa revisión borrador da segunda addenda modificativa ao antedito convenio, co obxecto de poder adecuar as anualidades contempladas ao escenario actual da execución.

2.- Que conforme ao establecido no apartado primeiro da Cláusula cuarta do Convenio, as anualidades inicialmente establecidas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do Convenio.

3.- Que conforme ao establecido no apartado terceiro da Cláusula segunda do referenciado convenio as posibles modificacións deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

4.- Que en aplicación da lexislación de contratos do sector público, da normativa contable e orzamentaria, e atendendo ao estado das actuacións obxecto do Convenio, a Confederación Hidrográfica propón que dispón de novos elementos de xuízo á hora de realizar unha previsión de anualidades, polo que procede modificar as achegas económicas, para a boa marcha e execución do Convenio.

5.- Esta modificación efectuarase respectando en todos os seus termos tanto os compromisos de financiamento do importe total das actuacións recollidas no convenio subscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas no mesmo e correspondese coas seguintes:

PRIMEIRA.-Modificación do Anexo I.

Modifícase o Anexo I Anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

	2019	2020	2021	TOTAL
CHMS, O.A.	0,00 €	30.000,00 €	36.666,50 €	66.666,50 €
AUGAS DE GALICIA	0,00 €	30.000,00 €	36.666,50 €	66.666,50 €
CONCELLO DE VIGO	0,00 €	30.000,00 €	36.667,00 €	66.667,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>0,00 €</b>	<b>90.000,00 €</b>	<b>110.000,00 €</b>	<b>200.000,00 €</b>

### III.- PROCEDEMENTO E COMPETENCIA

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da modificación do convenio.

O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade ao texto da adenda do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, fórmase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte



## Concello de Vigo

### PROPOSTA

**Primeiro.**- Aprobar o texto da SEGUNDA ADDENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA, A TRAVÉS DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA O ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, de acordo co texto que se anexa a este expediente e que recolle as seguintes modificacións:

*PRIMERA.-Modificación del Anexo I.*

*Se modifica el Anexo I Anualidades, que queda establecido del siguiente modo:*

	2019	2020	2021	TOTAL
CHMS, O.A.	0,00 €	30.000,00 €	36.666,50 €	66.666,50 €
AUGAS DE GALICIA	0,00 €	30.000,00 €	36.666,50 €	66.666,50 €
CONCELLO DE VIGO	0,00 €	30.000,00 €	36.667,00 €	66.667,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>0,00 €</b>	<b>90.000,00 €</b>	<b>110.000,00 €</b>	<b>200.000,00 €</b>

*TERCERA.- Entrada en vigor.*

*La presente adenda modificativa resultará eficaz tras la publicación en el Boletín Oficial del Estado, previa inscripción en el Registro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal y como se deriva del artículo 48 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre y del apartado 2 de la Disposición adicional séptima de la citada Ley.*

**Segundo.**- Dar traslado deste Acordo a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e á Entidade Pública empresarial Augas de Galicia para a subscripción da segunda addenda modificativa ao convenio.

**Terceiro.-** Dar conta do presente Acordo á Concellería de Xestión municipal aos efectos de publicidade.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### SEGUNDA ADDENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AGUAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

En Ourense, a        de        de 2020

## **REUNIDOS**

### **Por unha parte,**

*José Antonio Quiroga Díaz, Presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Organismo Autónomo adscrito ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, nomeado por Resolución da Subsecretaría para a Transición Ecolóxica, de data 31 de xullo de 2018, por delegación do Secretario de Estado de Medio Ambiente (Orde APM/484/2018 de 8 de maio, BOE de 11 de maio de 2018), no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 48.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como o artigo 30 do Texto Refundido da Lei de Augas, segundo a redacción dada ao mesmo polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xuño, en relación coas funcións e atribucións que os artigos 23 e 24 de devandita disposición legal atribúenlles aos organismos de conca.*

### **Por outra banda,**

*Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 95/2018, de 26 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, de 12 de xaneiro.*

### **Por outra banda,**

*Abel Ramón Caballero Álvarez, alcalde do concello de Vigo, nomeado na sesión constitutiva do Pleno de data 15 de xuño de 2019, en exercicio das atribucións conferidas pola lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e polo artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

## **MANIFESTAN**

*I.- Que en data 12 de abril de 2019 (BOE número 112, de 10 de maio de 2019) outorgouse o Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vigo co obxecto de determinar as condicións da colaboración entre os*



## Concello de Vigo

outorgantes para realizar un estudo de alternativas, que determine a proposta máis adecuada de mellora da regulación e almacenamento de auga, de modo que se garanta o abastecemento na zona de Vigo e a zona Sur da provincia de Pontevedra, e a partir das conclusións obtidas neste estudo, realizar o correspondente estudo de impacto ambiental.

II.- Que en data 10 de decembro de 2019 (BOE número 9 de 10 de xaneiro de 2020) otorgouse unha addenda modificativa pola que se modificaba a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2022 e os importes das anualidades establecidas no convenio orixinal.

III.- Que conforme ao establecido no apartado primeiro da Cláusula cuarta do Convenio, as anualidades inicialmente establecidas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do Convenio.

IV.- Que, conforme ao establecido no apartado terceiro da Cláusula segunda do referenciado convenio as posibles modificacións deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

V.- Que en aplicación da lexislación de contratos do sector público, da normativa contable e orzamentaria, e atendendo ao estado das actuacións obxecto do Convenio, esta Confederación Hidrográfica dispón de novos elementos de xuízo á hora de realizar unha previsión de anualidades, polo que procede modificar as achegas económicas, para a boa marcha e execución do Convenio.

VIN. Esta modificación efectuarase respectando en todos os seus termos tanto os compromisos de financiamento do importe total das actuacións recollidas no convenio suscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas no mesmo.

A tal fin, en vista do manifestado anteriormente, as partes acordan subscribir a presente modificación ao convenio de referencia, con arranxo ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- Modificación do Anexo I.**

Modifícase o Anexo I Anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

	2019	2020	2021	TOTAL
CHMS, Ou.A.	0,00 €	30.000,00 €	36.666,50 €	66.666,50 €
AUGAS DE GALICIA	0,00 €	30.000,00 €	36.666,50 €	66.666,50 €
CONCELLO DE VIGO	0,00 €	30.000,00 €	36.666,50€	66.667,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>0,00 €</b>	<b>90.000,00 €</b>	<b>110.000,00 €</b>	<b>200.000,00 €</b>

#### **TERCEIRA- Entrada en vigor.**

A presente adenda modificativa resultará eficaz tras a publicación no Boletín Oficial do Estado, previa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal

e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada Lei.

Manifestando a súa conformidade con todo o anterior, asinan por triplicado o presente documento no lugar e a data arriba indicados.

**17(1092).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN RELACIÓN COA PROPOSTA DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE VESTIARIO DO PERSOAL MUNICIPAL, LOTES 1,2 E 3. EXP-TE. 4799/440.**

Dáse conta do informe-proposta do 10/12/2020, asinado polo xefe da Área de Fomento, o xefe da Área de Inversións, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de outubro de 2020, acordou coa en relación coa proposta de aprobación da Prórroga do Contrato Subministro de vestiario do persoal municipal. Lotes 1, 2 e 3., según o seguinte:

*“Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do CONTRATO DO SUMINISTRO DOS DIVERSOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, no relativo a adxudicación dos lotes Nº 1 “Calzado”, Lote Nº 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral” e Lote nº 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIs”, adxudicados a mercantil PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., polo período dun ano, comprendido dende o 31 de outubro de 2020 ata o 30 de outubro de 2021.*

*Segundo.- Autorizar o gasto do contrato de CONTRATO DO SUMINISTRO DOS DIVERSOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, no relativo a adxudicación dos lotes Nº 1 “Calzado”, Lote Nº 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral” e Lote nº 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIs”, adxudicados a mercantil PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., polos seguintes importes para cada un dos lotes:*

• *Lote 1 “Calzado”:*

- 1. O importe máximo anual deste lote é de 46.904,50 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.*
- 2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 1.*

• *Lote 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral”:*

- 1. O prezo total deste lote é de 127.533,00 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.*
- 2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 2.*

• *Lote 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIs”:*



## Concello de Vigo

1. O prezo total deste lote é de 51.775,00 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.
2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 3.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Os créditos para ditos lotes imputaranse as seguintes aplicacións orzamentarias e coa seguinte distribución de anualidades:

		2021	Total
<b>LOTE Nº 1</b>	Calzado	<b>46.904,50 €</b>	46.904,50 €

Con cargo as seguintes aplicación orzamentarias.

1532	221.04.01	Vestiaro convenio Xunta-Concello	5.000,00 €
9200	221.04.00	Vestiaro servizos municipais	28.904,50 €
3420	221.04.00	Vestiaro persoal	13.000,00 €
			<b>46.904,50 €</b>

		2021	Total
<b>LOTE Nº 2</b>	Prendas ou elementos de uniformidade xeral	<b>127.533,00 €</b>	127.533,00 €

Con cargo as seguintes aplicación orzamentarias.

1532	221.04.01	Vestiaro convenio Xunta-Concello	5.000,00 €
9200	221.04.00	Vestiaro servizos municipais	95.533,00 €
1710	221.04.00	Vestiaro persoal	5.000,00 €
3371	221.04.00	Vestiaro	9.000,00 €
3420	221.04.00	Vestiaro persoal	13.000,00 €
			<b>127.533,00 €</b>

		2020	Total
<b>LOTE Nº 3</b>	Roupa de traballo coa condición de EPIS	<b>51.775,00 €</b>	51.775,00 €

Con cargo a seguinte aplicación orzamentaria.

3420	221.04.00	Vestiaro persoal	<b>51.775,00 €</b>
------	-----------	------------------	--------------------

Terceiro.- Notificar á mercantil PEYCAR PONTEVEDRA, SL., indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o

*xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.*

*Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.*

**Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 29.2 do TRLCSP."**

Tense detectado un erro material na táboa correspondente ao lote 3, no referente á imputación de gasto con cargo ao ano 2020 cando debería ser con cargo ao ano 2021.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

O artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedimiento Administrativo de las Administraciones Públicas establece que as administración públicas poderán, asimismo, rectificar en calquer momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, polo que se remite novamente á Xunta de Goberno Local, competente para a aprobación do mesmo, co obxecto de subsanar o citado erro.

Polo anteriormente exposto, e previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE á Xunta de Goberno Local:

Primeiro: Rectificar a data de imputación orzamentaria da autorización do gasto do CONTRATO DO SUMINISTRO DOS DIVERSOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, no relativo ao Lote nº 3 "Roupa de traballo coa condición de EPIS", adxudicados a mercantil PEYCAR PONTEVEDRA, S.L, para o período de prórroga aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 29/10/2020, de acordo coa seguinte distribución:

		2021	Total
<b>LOTE Nº 3</b>	Roupa de traballo coa condición de EPIS	<b>51.775,00 €</b>	51.775,00 €

Con cargo a seguinte aplicación orzamentaria.

3420	221.04.00	Vestiaro persoal	<b>51.775,00 €</b>
------	-----------	------------------	--------------------

Segundo.- Notificar á mercantil PEYCAR PONTEVEDRA, SL. o presente acordo.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





**Concello de Vigo**

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proxecto de convenio de colaboración coa Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para a instalación da escultura do Sagrado Corazón na torre da Capela da Guía. Expte. 7646/106.
- .- Propostas de adxudicación da contratación das obras do proxecto de "Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación". Expte. 668/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

#### **18(1093).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN daCOA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A INSTALACIÓN DA ESCULTURA DO SAGRADO CORAZÓN NA TORRE DA CAPELA DA GUÍA. EXPTE. 7646/106.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 16/12/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG)

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións (LXS)
- RD 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (LXS)
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)
- Bases de execución do presuposto Xeral da Corporación

## ANTECEDENTES DE FEITO

Que o Concello en data 23/11/2020 asinou o “Convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal” en virtude do cal convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

Que a Comisión de Seguimento, constituída ao abeiro do Convenio Marco, en sesión de data 26/11/2020 seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a intervención na Capela da Guía mediante o financiamento das obras de instalación da escultura do sagrado corazón na Torre da Capela da Guía (fase 1) e o proxecto de iluminación ornamental no exterior da capela (fase 2).

Que en data 14.12.2020 o Concello de Vigo solicitou unha subvención á Deputación para o financiamento da Fase I da actuacións a realizar na Capela da Guía conforme o seguinte detalle:

- **Fase 1.-** Proxecto de “*INSTALACIÓN DA ESCULTURA DO SAGRADO CORAZÓN NA TORRE DA CAPELA DA GUÍA*”, que conta cun orzamento total de 84.234,15 euros IVE engadido.
- **Fase 2.-** Proxecto de “*ALUMEADO ORNAMENTAL NO EXTERIOR DA CAPELA DA GUÍA*”, que conta cun orzamento total de 21.845,50 euros IVE engadido.

Que, a ermida de A Guía, situada na parroquia da Nosa Señora das Neves, no concello de Vigo, é unha construción de mediados do s. XX, levantada sobre outra antiga capela do s. XVI e que, xunto co seu magnífico parque botánico, constitúe un lugar emblemático da cidade de Vigo.

A colocación da escultura do Sagrado Corazón, realizada pola Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra, na torre da capela constitúe unha oportunidade única de culminar o proxecto de Antonio Palacios e Gómez Román e converter así, este promontorio de 126 m de altura, nunha referencia turística e identitaria da cidade e da Ría de Vigo. Por outra banda, a iluminación ornamental no exterior da capela contribuirá a posta en valor do patrimonio histórico convertendo a capela nun referente histórico e turístico do municipio de Vigo.

Por parte da Deputación achégase borrador de convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo Concello de Vigo para a instalación da escultura do Sagrado Corazón na Torre da Capela da Guía.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



## Concello de Vigo

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de administración local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

O convenio proposto constitúe un convenio interadministrativo conforme o disposto no artigo 47.2ª) da LRXSP en tanto que a Deputación de Pontevedra é o Concello de Vigo son entidades que integran a Administración Pública e ten por obxecto colaborar na execución dun fin común que se concreta na colaboración na protección e promoción do patrimonio cultural.

Que a conservación e rehabilitación da edificación e promoción da cultura e equipamentos culturais se atopan entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.a e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos nos artigos 80.2.e e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Respecto a Deputación o artigo 36 da LRBRL determina como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de conformidade coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. E o artigo 118 da LALGA atribúe as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos, cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, organización de concursos e exposicións ou de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

O convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Que o Concello de Vigonon está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

O convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio perseguidos.

Polo todo o exposto e, ao abeiro do dito principio de cooperación entre o Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra, está previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra na que a dita Deputación comprométese a achegar, para a execución do proxecto de "INSTALACIÓN DA ESCULTURA DO SAGRADO CORAZÓN NA TORRE DA CAPELA DA GUÍA" (FASE 1), a contía de 84.234,15€ e o Concello de Vigo comprométese ao financiamento da Fase 2.- Proxecto de "ALUMEADO ORNAMENTAL NO EXTERIOR DA CAPELA DA GUÍA", que conta cun orzamento total de 21.845,50 euros IVE engadido.

Nos orzamentos municipais 2020 consta partida presupostaria, 3360 780 0010 subvencións patrimonio histórico artístico relixioso nominativa polo importe de 100.000 euros polo que respecto a achega municipal existe consignación presupostaria suficiente

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Conforme o artigo 7.4 da LSG a competencia para conceder subvencións nas entidades locais corresponde aos órganos que teñan atribuída na súa normativa específica correspondendo a a Xunta de Goberno local a concesión da subvención e aprobación do gasto en virtude da delegación de facultades efectuada por resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e artigo 127 g) da Lei 7/85, do 2 de abril.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte, **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para a instalación da escultura do Sagrado Corazón na Torre da Capela da Guía.

SEGUNDO.- Dar conta á Deputación Provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se incorpora a este expediente e solicitar a súa subscrición.

TERCEIRO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso e Información Pública e Bo Goberno.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A INSTALACIÓN DA ESCULTURA DO SAGRADO CORAZÓN NA TORRE DA CAPELA DA GUÍA



## Concello de Vigo

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

### INTERVEÑEN

Dunha parte Dona María de Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra Don Ángel Rivas González, na súa condición de concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, actuando en virtude das facultades conferidas por Resolución de data 02/09/2019 respecto da dirección e xestión da proxecto “Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuir ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural, titularidade eclesiástica sito no termo municipal de Vigo”.

E actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de Secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo por delegación da Secretaria de Goberno Local de data 27/02/2020, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

### EXPOÑEN

**I.-** A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

**II.-** Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2020, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

**III.-** Que, o Concello en data 23/11/2020 asinou o “Convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuir para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal” e que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

**IV.-** Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 26/11/2020, a proposta da Diocese de Tui – Vigo, seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a intervención na Capela da Guía mediante o financiamento das obras de instalación da escultura do sagrado corazón na Torre da Capela da Guía (fase 1) e o proxecto de iluminación ornamental no exterior da capela (fase 2).

**V.-** Que a Deputación de Pontevedra, a través de Resolución Presidencial nº 2020004565 de 14/12/2020, aprobou o “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Diocese de Tui-Vigo para a realización dunha escultura do Sagrado Corazón” pola que a Administración local se obriga á realización, a través do servizo da Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra, dunha escultura coa imaxe do Sagrado Corazón de Xesús en pedra, que será instalada coroando a torre da capela da Nosa Señora das Neves na Guía, na parroquia de San Salvador de Teis (Vigo).

**VI.-** Que, a ermida de A Guía, situada na parroquia da Nosa Señora das Neves, no concello de Vigo, é unha construción de mediados do s. XX, levantada sobre outra antiga capela do s. XVI e que, xunto co seu magnífico parque botánico, constitúe un lugar emblemático da cidade de Vigo.

A colocación da escultura do Sagrado Corazón, realizada pola Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra, na torre da capela constitúe unha oportunidade única de culminar o proxecto de Antonio Palacios e Gómez Román e converter así, este promontorio de 126 m de altura, nunha referencia turística e identitaria da cidade e da Ría de Vigo. Por outra banda, a iluminación ornamental no exterior da capela contribuirá a posta en valor do patrimonio histórico convertendo a capela nun referente histórico e turístico do municipio de Vigo.

**VII.-** Que a conservación e rehabilitación da edificación e promoción da cultura e equipamentos culturais se atopan entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.a e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos nos artigos 80.2.e e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VIII.-** Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; o artigo 57 da Lei 47/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; así como no disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**IX.-** Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de promoción da cultura e conservación e rehabilitación da edificación e equipamentos culturais, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, á vista da importancia que para a cidade de Vigo e a súa zona de influencia ten esta infraestrutura a nivel patrimonial, histórico e cultural, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes:

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO**



## Concello de Vigo

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases para a colaboración técnica e económica entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo para a execución das seguintes actuacións na Capela da Guía:

- **Fase 1.-** Proxecto de “*INSTALACIÓN DA ESCULTURA DO SAGRADO CORAZÓN NA TORRE DA CAPELA DA GUÍA*”, que conta cun orzamento total de 84.234,15 euros IVE engadido.

- **Fase 2.-** Proxecto de “*ALUMEADO ORNAMENTAL NO EXTERIOR DA CAPELA DA GUÍA*”, que conta cun orzamento total de 21.845,50 euros IVE engadido.

### SEGUNDA.- INVESTIMENTO PROGRAMADO E FINANCIAMENTO DO CONVENIO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de CENTO SEIS MIL SETENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (106.079,65€).

Os investimentos previstos comprenden todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os honorarios de redacción do proxecto técnico, o estudo básico de seguridade e saúde, a dirección de obra, a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde.

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución do proxecto de “*INSTALACIÓN DA ESCULTURA DO SAGRADO CORAZÓN NA TORRE DA CAPELA DA GUÍA*” (FASE 1), a contía de OITENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (84.234,15€).

O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva á execución do convenio, consonte a táboa que se inxire a continuación:

INVESTIMENTO	ANUALIDADE	PORCENTAXE	IMPORTE
INSTALACIÓN DA ESCULTURA DO SAGRADO CORAZÓN NA TORRE DA CAPELA DA GUÍA” (FASE I)	2020	79,41%	84.234,15€

O pagamento do importe referido á anualidade 2020 realizarase contra a aplicación 20/942.9420.762.14, destinada ao financiamento dos convenios cos concellos de Vigo e Pontevedra.

Pola súa banda, o Concello de Vigo obrígase a achegar, para a execución do proxecto de “*ALUMEADO ORNAMENTAL NO EXTERIOR DA CAPELA DA GUÍA*” (FASE 2), a contía de VINTE E UN MIL OITOCENTOS CORENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (21.845,50€).

O financiamento comprometido polo Concello de Vigo terá carácter de achega definitiva á execución do convenio, consonte a táboa que se inxire a continuación:

INVESTIMENTO	ANUALIDADE	PORCENTAXE	IMPORTE
<b>“ALUMEADO ORNAMENTAL NO EXTERIOR DA CAPELA DA GUÍA” (FASE 2)</b>	2020	20,59%	21.845,50€

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 3360.7800010.

No caso de que o investimento realizado teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

### TERCEIRA.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo terá lugar coa desagregación que se establece na cláusula segunda deste convenio de colaboración:

	INVESTIMENTO	ANUALIDADE	PORCENTAXE	IMPORTE
Deputación de Pontevedra	<b>INSTALACIÓN DA ESCULTURA DO SAGRADO CORAZÓN NA TORRE DA CAPELA DA GUÍA” (FASE I)</b>	2020	79,41%	84.234,15€
Concello de Vigo	<b>“ALUMEADO ORNAMENTAL NO EXTERIOR DA CAPELA DA GUÍA” (FASE 2)</b>	2020	20,59%	21.845,50€

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución de ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades.

2º.-Unha vez aprobados os proxectos das obras de “INSTALACIÓN DA ESCULTURA DO SAGRADO CORAZÓN NA TORRE DA CAPELA DA GUÍA” e “ALUMEADO ORNAMENTAL NO EXTERIOR DA CAPELA DA GUÍA” remitiranse á Deputación Provincial para a súa supervisión e control polos servizos técnicos correspondentes e, se procede, para a súa autorización polo órgano competente da Deputación.

3º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de subvención á “Diocese de Tui-Vigo, NIF R3600056J, para coadruar ao financiamento do proxecto de instalación da escultura do Sagrado Corazón na Torre da Capela da Guía”.

4º.- A Deputación Provincial someterá o texto da proposta de subvención do Concello de Vigo á “Diocese de Tui-Vigo” á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.





## Concello de Vigo

5º.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación Provincial. O Concello remitirá á Deputación Provincial unha copia da acta que se levante xunto coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

6º.- O Concello de Vigo comunicará a Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar o acto de recepción das obras, ao que asistirá, de consideralo procedente un representante da Corporación Provincial. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción da obra e a certificación final desta.

7º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

### CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- ▣ Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local da proposta de subvención do Concello de Vigo á "Diocese de Tui Vigo, NIF R3600056J, para coadxuvar ao financiamento do proxecto de instalación da escultura do Sagrado Corazón na Torre da Capela da Guía".
- ▣ Contratos de adxudicación das obras.
- ▣ Acta de comprobación do replanteo.
- ▣ Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- ▣ Certificación/s de obra executada.
- ▣ Xunto coa primeira certificación remitírase unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- ▣ Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- ▣ Nomeamento do director de obra e coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- ▣ Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- ▣ Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto de documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

#### **QUINTA.- COMPROMISOS DO CONCELLO**

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de subvención do concello de Vigo á “Diocese de Tui-Vigo, NIF R3600056J, para coadjuvar ao financiamento do proxecto de instalación da escultura do Sagrado Corazón na Torre da Capela da Guía”.
- Aprobar o texto da devandita proposta de subvención á “Diocese Tui vigo” pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) Lei 7/1985, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial.
- Financiar a realización da actuación, achegando a cantidade correspondente, de conformidade no disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes certificacións de obras e facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación as actuacións ás que se refiren as prestacións executadas mediante a presentación da documentación acreditativa dos gastos.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

#### **SEXTA.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

A Deputación de Pontevedra obrígase a:



## Concello de Vigo

- ▣ Financiar a realización das obras, achegando a cantidade correspondente, de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes certificacións de obra e facturas.
- ▣ Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

### **SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS**

A achega económica prevista no presente convenio serán compatibles con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

### **OITAVA.- PUBLICIDADE**

En toda a documentación e informacións relativa á actuación á que se refire o presente convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

As accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

No cartel de obra figurará a imaxe corporativa da Deputación Provincial e o financiamento da administración provincial ás obras obxecto do presente convenio.

Por outra banda, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberáselle de dar publicidade á subvención outorgada neste convenio, nos termos e condicións establecidos na dita lei. Por outra banda, consonte co disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións a información correspondente á achega económica outorgada, nos termos establecidos na citada norma.

### **NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO E CONTROL**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- ▣ A puntual recepción de información sobre tódalas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- ▣ A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do con-

venio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.

- A emisión de informe en relación coa necesidade do axuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propor ás partes a resolución das mesmas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial ou no Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

#### **DÉCIMA.- VIXENCIA**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o remate das obras, que en todo caso, non excederá do 31/12/2022.

#### **UNDÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.



## Concello de Vigo

### **DUODÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

De conformidade coas previsións da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e demais normativas aplicables, as partes obríganse a respectar a citada norma e a preservar absoluto segredo sobre os datos persoais aos que tivesen acceso no ámbito desta colaboración, e a adoptar todas as medidas necesarias, idóneas e/ou simplemente convenientes, de tipo técnico e organizativo, que garantan a súa seguridade e protección

### **DÉCIMO-TERCEIRA.- LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E, como proba de conformidade, asinan o presente Convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, na data e lugar sinalados na cabeceira.

### **19(1094).- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "REMODELACIÓN DO CONTORNO DA RÚA BAIXADA Á ESTACIÓN". EXPTE. 668/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 15/12/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación" (668-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación" (668-441)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 16 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución do proxecto de "REMODELACIÓN DA CONTORNA DA RÚA BAIXADA Á ESTACIÓN" redactado polos Arquitectos Salvador Fraga Rivas, Manuel Portoles Sanjuan e Fco. Javier Garcia-Quijada Romero e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15 de outubro de 2020.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "UN MILLÓN NOVECIENTOS SESENTA E SETE MIL DOUSCENTOS EUROS con DOUS CÉNTIMOS" (1.967.200,02 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 341.414,88 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.609.00.90 (2ª ANUALIDADE ACCESO A ESTACIÓN INTERMODAL), segundo a distribución de anualidades proposta.*

2020	674.354,37 €
2021	1.292.845,65 €
TOTAL	1.967.200,02 €

*Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 191,72%*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*



## Concello de Vigo

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de decembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a ORECO, S.A.U., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación” (668-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	98,42
2	DRAGADOS, S.A.	92,89
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	89,49
4	UTE PRACE- CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	60,40
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	58,11
6	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	40,99

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 9 de decembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 14 de decembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 15 de decembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 18 de novembro e 3 de decembro de 2020, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de ORECO, S.A.U., adoptada por resolución da concelleira delegada de Contratación o 9 de decembro de 2020, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.*
2. *Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación” (668-441) por un prezo total de 1.878.676,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 326.051,21 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **20(1095).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.





## **Concello de Vigo**

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez